72 abril maio xunio 1981

GRIAL

ALVARO CUNQUEIRO

HOMENAXE

Cunqueiro

D. GARCÍA - SABELL ✻ R. CARBALLO CALERO ✻ F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO ✻ A. TORRES QUEIRUGA ✻ C. RODRÍGUEZ FER ✻ S. GARCÍA - BODAÑO ✻ LUZ POZO ✻ XOHANA TORRES ✻ CARLOS CASARES ✻ G. TORRENTE BALLESTER ✻ E. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ ✻ X. e H. RÁBADE VILLAR ✻ X. CHAO REGO ✻ ANTONIO ODRIOZOLA.

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego.** — Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

REDACCION E ADMINISTRACION: EDITORIAL GALAXIA
Reconquista, 1 - VIGO

N.º 72 abril
maio
xunio 1981

SUMARIO

DOMINGO GARCÍA-SABELL: *A modernidade de Cunqueiro* **129.** RICARDO CARBALLO CALERO: *Para o Doutor Cunqueiro* **133.** FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO: *A vida e a obra dun gran fabulador* **137.** ANDRÉS TORRES QUEIRUGA: *Alvaro Cunqueiro: da utopía á esperanza* **157.** CLAUDIO RODRÍGUEZ FER: *A poesía galega de Álvaro Cunqueiro* **171.** ÁLVARO CUNQUEIRO: *A taberna de Galiana* **183.** *WILLIAM SAROYAN: Nosos amigos, os ratos* **185.** *Cunqueiro en "Cuaderns de poesía"* **187.** *Vellos poemas chinos en galego* **189.** *Dous poemas de Po Chu-I* **191.** SALVADOR GARCÍA-BODAÑO: *Mazáns douradas* **196.** LUZ POZO GARZA: *Paradiso* **197.** XOHANA TORRES: *A chuvia polas ruas* **198.** LOIS VÁZQUEZ: *Responso novo da luz, na morte de Cunqueiro* **199.** TOMÁS BARROS: *O vello Sinbad era o mesmo Cunqueiro disfrazado* **201.** CARLOS CASARES: *Leria con Cunqueiro* **202.** GONZALO TORRENTE BALLESTER: *Cunqueiro, entón* **210.** XESÚS e HELENA RÁBADE-VILLAR: *A morada do ser é a palabra* **213.** EMILIO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: *Cunqueiro, unha vella e querida amistade* **215.** XOSÉ CHAO REGO: *O franciscano de Mondoñedo* **219.** SALVADOR LORENZANA: *Lembranza dunha "romería normanda"* **227.** ANTONIO ODRIOZOLA: *Lembranza de Álvaro Cunqueiro e unha biografía máis da sua obra* **235.** *Dibuxos de* LAXEIRO, PREGO, SEOANE e XOHÁN LEDO.

A MODERNIDADE DE CUNQUEIRO

Penso que vai aproximándose o tempo de entrar con rigor no estudo serio encol da significación da obra de Álvaro Cunqueiro e do ser que a tornou posible. Ben están as gabanzas, e todas son poucas, para tan sobranceira figura das nosas letras. Pro escomencemos, siquera sexa tímidamente —a empresa intelectual levará anos a se cumplir— a aclarar a transcendencia artística, e a humana, do grande home.

As liñas que siguen son como o esbozo provisional dun fato de ideas antropolóxicas que me andan na cabeza e que algún día cobrarán forma —eso espero— matizada e definitiva. Agora van, así de esquemáticas, con testemuño afervoado de quen creeu, e sigue a crer, na maxia engaioladora e permanente da prosa e do verso do escritor. E tamén, cómo non, na maxia superengaioladora da sua persoa. Aquela persoa que a morte fixo esvaecer, mais que latexa, viva, arredor de nós. E que, dalgún xeito, connosco comunica.

Álvaro Cunqueiro foi un creador. Pro, ¿qué é un creador? ¿Cómo vemos nós hoxe a figura dun creador?

Cuestión delicada e difícil porque nestes intres, e despois dos imensos avances da Ciencia física, da Neuropsicofisioloxía, e da Psicoloxía das profundidades, xa non dispoñemos dun terreo esclusivo, nin reservado, para a plena vixencia das elucubracións e as divagacións máis ou menos gratuítas. A leira das nosas meditacións, das meditacións dos ideólogos, váise tornando en eido comunal. En eido comunal dos científicos, dos artistas e dos filósofos. Semella, pois como si houbera —e de feito hai— un achegamento do que foi áltiva actividade positiva —a pescuda natural— aos horizontes da actividade creacional básica, compre decir, aos horizontes nos que xurden e operan os literatos, os poetas, os pintores, os escultores, e os músicos.

Os físicos, a favor da teoría cuántica, fálannos xa non de obxetos, senon de acontecementos-obxetos. Ou o que é o mesmo: de obxetos liberados da sua "inmovilidade realista", asegún gráfica expresión de Yves Jaugu. Falado doutra maneira: a realidade sólida e aparen-

cial —a que se nos aparece a nós con doada solidez— é somentes eso, unha aparencia, unha movilidade, unha dinamicidade en fervenza constante. Detrás está toda funcionalidade —o que decote se move mesmo que nono pareza— da materia, si é que materia se pode chamar ao que, en última instancia, está determinado como enerxía "turbulenta". E aínda hai máis: o nacemento do Universo, do Universo no que estamos asolagados, pode hoxe albiscarse, por unha metodoloxía de aproximación que elaboran a Física e a Astrofísica, deica agora absolutamente inimaxinable. Pódese, como quen dí, ir ao carón do "big bang", do estoupamento inaugural que tornou factible o noso Universo. E por eso afirman os comentaristas deste asombroso progreso, ilustres sabios, algún deles premio Nobel, que os investigadores convírtense así nos observadores do "inmediatamente despois" —despois do nacemento do Universo— do "inmediatamente despois" do xurdir do mundo, namentras que os artistas, os filósofos e os profetas, os visionarios profetas, son os anunciadores, os certificadores do "inmediatamente antes". Do "antes" que dou orixen aos mitos, ás cosmoloxías e ás figuracións encol da inquedante pregunta sobre o ónde e o cómo da nosa nacencia.

Sigamos avanzando. Un físico da outura de Fritjof Capra, acaba de decirnos que as duas doctrinas esenciais da Física actual, a Mecánica cuántica e a teoría da Relatividade, que agora tratan de unificar, converxen nunha visión do mundo que pola sua plasticidade, polo seu poder de intercomunicación entre os máis diversos estratos da realidade, pola rede de conexións que cinguen o inanimado e o animado en todos os niveis imàxinables, ofrecen "os rasgos principais da visión oriental do mundo".

E, pola sua banda, os neurofisiólogos xa non se fan problema do afastamento clásico entre o que é obxeto e o que é suxeto. E por todo eso —e moito máis— xa non é facedeiro distinguir entre a realidade imaxinativa, a realidade que soio acada operatividade na cachola dalgúns seres privilexiados. Ambas realidades desembocan nunha realidade última e definitiva, que cáseque non sospeitamos, e que nos fai acenos apenas entendibles, que nos propón enigmas cáseque inefables, e que somentes coa intuición pode, dalgún xeito, adiviñarse. A realidade, así entendida, é hoxe terreo no que, por riba dos pescudadores positivos, mandan os suscitadores de imaxes que semellan arbitrarias, pro que son, si ben se considera o problema, lóxicas, auténticas e cheas de efectividade. Cheas de outo valor humano.

Voltemos, agora, á pregunta inicial. ¿E qué é un creador? Pois un creador é unha criatura humana con capacidade abondo para alumear capas do mundo que nós non vemos, que temos por "imaxinarias" e que, nembargantes, entre nós andan, connosco se taracean, e en nós, dentro de nós, na nosa máis fonda intimidade, fan niño e crían descendencia. Son enerxías aconchegadas que os creadores detectan e ás que dan forma sólida —as suas obras—.

Ollada desde outra perspectiva, que no fondo é a mesma, poderemos sentar que o aquén e o alén andan trabados, e as cousas, os obxetos, e os sucedos, con eles. O fantasmático posee os mesmos dereitos que o non fantasmático, e a imaxinación é un trebello do coñecemento de filo aguzado e de penetración incomensurable. Dito doutro xeito: os creadores —en xeneral, os artistas— teñen a última palabra.

Eles son os descobridores. E, dentro deles, algúns o son en grado eminente. Por exemplo, Álvaro Cunqueiro. O noso escritor pasou a vida evocando pretéritos máis ou menos remotos, desde a Grecia clásica deica a Europa medieval, e inventando, dentro deses ámbitos, sucedos que se nos antoxaban divertimentos gratuítos, fuxidas da realidade en torno. Meros espedientes para escribir fermosos, fermosísimos textos que ahí están, e estarán, como glorias constantes da nosa cultura. Pro sucede que eses "inventos", esas figuracións, tiñan, e teñen, unha realidade máis verdadeira e máis aberta que moitos testemuños históricos ateigados de erudición e de datos positivos. ¿Por qué?

Pois porque eles, eses textos, responden a unha caracterización do noso ser, á imaxinación suscitadora de realidades soñadas e entrelazadas coas realidades exteriores, que é a auténtica, a verdadeira cifra da nosa esencialidade. A radical. O galego, o home galego, anda decote trabado polo medio circundante e polo medio figurado. É un ser que flota entremedias da solidez e do non visto. Como a realidade física, como a realidade orgánica que somos todos nós. Que é a sustancia de cada ún de nós. O quedo e *o turbulento*. O que está no tempo, mellor no espacio-tempo, e é el mesmo, espacio-tempo anunciador e lembrador.

Partindo de aquí, teríamos que a actitude existencial de Álvaro Cunqueiro, e a sua actitude creadora —ambas a duas inseparables— inciden nesa fondura de vida que, sacada á luz das verbas, dá lugar a realidades inéditas. A realidades nonnatas. A realidades endexamáis entrevistas. En suma: á creación.

E velahí cómo o que de primeiras podería semellar literatura arcaizante, ou recreación evasiva —as andrómenas de sempre— era, e é, novedade total. Engadiremos: *novedade actual.*

O punto de vista de Cunqueiro, a sua conducta literaria foi, por tanto, sumamente anovadora e sumamente contemporánea. As vivencias que el nos transmitiu son vivencias en plena modernidade. Penso que xa se notan no ambiente os iniciais signos deste recoñecemento. Deste necesario e xusto recoñecemento. Mais convíña arrodealo con unha miga de precisión. Pois soio unha absurda adulteración da sensibilidade —e a sensibilidade é o que conta— puido nalgún momento desvalorizar unha tan outa e tan vivaz creación literaria como aquela coa que Álvaro Cunqueiro nos gasallou.

Na imaxinación cunqueirián hai moita verdade. *Moita realidade.* Como tamén a hai nos seus contos e nos seus retratos da nosa

xente, ou como el gustaba decir, da "xente de nós". Os menciñeiros, as criaturas de "acó e de acolá", son máis pobo, moito máis pobo, no sentido riguroso da palabra pobo, que tantas e tantas descripcións realistas como por ahí andan. Non importa que eses seres teñan desaparecido. Ou, aínda, que endexamáis nos fora dado topar con eles. Non importa. Nos seus decires, no seu perfil, na sua porosidade para o mundo de arredor, eles son verdadeiros porque eles son nós mesmos. Nós, transmutados neles, e eles transmutados en nós. E uns e outros servindo de soporte material a un pulo, a unha forza que deita dalgún lugar ignoto e desemboca tanto nas sabencias dos ilustrados canto nas sabencias, con máis raiceiras, dos non sabidos.

Hai unha frase dos físicos modernos que algún deles ten calificado de "provocante". Esta: "Cada partícula está feita de todas as outras". Cada ún de nós está feito de todos os demáis. Dos que foron *e dos que non foron.* Dos que existiron ao noso carón, e dos que apenas existiron na imaxinación dos escritores. Moi en primeira liña, na imaxinación de Álvaro Cunqueiro.

Na sua maxinación auténticamente creadora e auténticamente moderna.

DOMINGO GARCÍA-SABELL
A Coruña



PARA O DOUTOR CUNQUEIRO

— I —

Álvaro novo, alto, delgado, maino, anxélico, como un Rimbaud fillo de Lilith, e non de Eva, un poeta paradisíaco, un poeta anterior ao pecado orixinal, porque a primeira muller de Adán foi Lilith, que non Eva, e foi a segunda muller de Adán a que introduciu o pecado no mundo; Álvaro novo, alto, delgado, dondo, doce, lizgairamente tímido, inocentemente risoño, timidamente sério, príncipe mozo, embaixador dun reino nórdico lindante co Edén, Edén que sen dúbida tiña visitado nos anos da sua infáncia pura, depois de amostrar ao Guardián da Porta o seu pasaporte, que o acreditaba como descendente de Lilith, fillo dunha raza ceibe da demoníaca cobiza de ser como Deus, raza sobre a que non estaba suspensa a damóclea espada de fogo que nega aos tristes fillos de Eva o regreso en carne mortal ao paraíso; Álvaro novo, esbarando, pisando apenas as lousas do claustro, alacre, ingrávido, como hóspede vido dun mundo feliz, apareceu un dia da nosa mocedade pola cidade de Santiago, pola Universidade de Compostela, vagamente disposto a cursar estudos de Filosofia e Letras. Traía os ollos cheios do reino espiritual en que nacera, un Mondoñedo que pairaba nas nubes sobre o Mondoñedo visíbel de tellados de pizarra e engabado de mármol; un Mondoñedo que era e non era o que soaba na Paula e rexera o autor do *Relox de Príncipes*. Sempre un pouco insone nas noites da Quintana, sempre un pouco sonámbulo nos dias da Ferradura, vivendo entre nós, visitando connosco as tabernas do Franco, e ao mesmo tempo fora de nós e fora de si, desenrolando a fita das histórias do seu berce indeciso, aureolado dun nimbo de esplendor de outro mundo, o seu mundo de orixe, sobrepondo à pedra e à chúvia santiaguesas o veludo e o po de estrelas da sua terra de ceu natural.

Este foi, este era o meu Álvaro dos anos en que el e máis eu tiñamos vinte anos, e a vida e o soño nos achegaran, antes que, pouco máis dun lustro depois, nos afastara a vida, nos afastara o soño, o soño da vida, o pesadelo da guerra, a alucinación da história.

Poeta cubista, suprarrealista, vanguardista, neotrovadorista, o fillo de Lilith, ignorante do mal, porque a sua nai non mordera o froito da ciéncia, compuña as suas cancións edénicas, mentres eu, fillo de Eva, me amarguraba a boca coa cinza das mazás terrestres.

Coido que a madurez e a vellez o atinxiron sen penetrar no cerne da sua alma infantil, e que a traxédia de España que o em-

brullou nos seus loitos, non lle destruiu a naturalidade de fantasia dos dons de transparéncia ditosa que posuen os descendentes daquela que non probou o froito da ciéncia do ben e do mal.

Mais os fillos de Lilith tamén padecen a doenza e están suxeitos à morte, porque son os fillos de Adán, ainda que non estén avasalados pola angúria da constrición moral. Álvaro, vello coma min, estaba moi ferido cando a Universidade na que fora estudante o incorporou ao seu claustro de doutores, e o seu vello amigo o apadriñou coas palabras que seguen.

— II —

É para min unha alta distinción representar à Universidade en que me formei e en cuxo claustro de profesores cheguei a integrar-me, no acto solene de recepción de don Álvaro Cunqueiro Mora, figura ilustre das letras galegas, a história das cuais ten ocupado tantos anos do meu traballo cotián; de don Álvaro Cunqueiro Mora, meu camarada da mocedade, con quen tantas veces, en tempos xa tan alongados, teño tripado as lousas das ruas compostelás, cando non as dos próprios recintos da nosa Casa central, esta mesma en que hoxe ambos nos atopamos cara a cara.

A Universidade de Santiago de Compostela, que quer ser, sen perxuízo da ecumenidade e a ecuanimidade do seu saber, a Universidade galega, honra-se hoxe acollendo *honoris causa* no seu Claustro de Doutores o que xa ostentaba esa mesma distinción por outras Universidades de nomes coñecidos no mundo das letras, ainda que encravadas en lugares reais nos que, se cadra, só os ollos do espírito poden enxergar os edifícios onde se aloxan as Faculdades, onde se asentan os Reitores, onde se extenden os títulos e onde se celebran os exames. A universidade de Elsinor, a Universidade de Ítaca, a Universidade de Basora, a Universidade de Pontivy. O pálido mancebo escandinavo, o matreiro raposo aqueo, o aventureiro navegante dos mares arábigos, o sochantre compañeiro dunha descomunal estadea, foron os meus predecesores na litúrxia da recepción académica. Humildemente, amezo a miña persoa à ringleira que prestíxian Hamlet, Ulises, Sinbad e Charles Anne Guenolé de Crozon, que, filialmente agradecidos, criaturas criadas ou recriadas polo grande criador e recriador que Cunqueiro é, lle tiñan xa encaixado nas tempas o barrete de borlas que o acredita doutor honorífico no amplo, múltiple, ilustrado e empoleirado mundo da poesía. Qué moito que a Universidade do seu país, na que se estuda o idioma en que Cunqueiro escrebeu tan formosas páxinas, se sume a esas outras Universidades dese outro mundo, dese trasmundo sen o cal só seria po o mundo noso, e me outorgue a min o mandado para pronunciar a louvanza do meu novo compañeiro de Claustro, xa, desde hai tanto tempo, compañeiro de culto no altar da poesia da nosa terra.

Don Álvaro Cunqueiro Mora pertence na história da literatura galega à xerazón do Seminário, à que eu mesmo pertenzo, *si parva*

licet componere magnis; à xerazón do Seminário, chamada asi non porque todos ou os máis representativos dos seus membros cursaran toda a carreira, ou parte da carreira eclesiástica —ainda que o fixo o saudoso Aquilino Iglésia Alvariño—, senón porque o agromar da obra daqueles escritores coincidiu cos anos floridos e frutíferos do Seminário de Estudos Galegos, institución coa que, dun xeito ou outro, material ou espiritual, directa ou indirectamente, todos estivemos relacionados. É a promoción dos nados arredor de 1910, cando aínda vivía Carolina Coronado; cando, como Cunqueiro cantou, o primeiro earoplano sulcaba os ares, ensaiando os seus voos; cando o cometa Halley brillaba no ceu agoirando a primeira guerra mundial; cando Tolstoy morria, a fuxir de Yásnaia Poliana. Son tempos recuados que nos parecen míticos anque foron os nosos. Moitas mulleres que daquela vivian, usaran polisón na sua mocidade, testemuñas dunha moda que apreciaba as formas calipíxias, e, por suposto, neses mesmos anos, e ainda moitos depois, o corsé de baleas procuraba a altura dos seios e a cintura de vespa no tipo de muller ideal. O século era neno, e, como agora é vello, podemos dicer, Álvaro, que vivemos co século, que somos puros fillos do século XX.

Pola sua idade, Cunqueiro, como poeta, actividade literária que enderezou os seus primeiros pasos, coñeceu todas as vanguardas europeas, e apresentou-se como membro das mesmas no seu primeiro libro, *Mar ao norde*, que pode considerar-se afin pola sua estética ao cubismo poético francés, asi como nos *Poemas do si e non* encaixa dentro do suprarrealismo. Mais noutro libro de mocedade, o que logrou sona máis cumprida nos meios literários, *Cantiga nova que se chama ribeira*, aparece como neotrovadorista, enlazando coas cantigas de amigo, as que resucita no seu corpo espiritual para estilizá-las con moderna grácia. Asi, este poeta é tan actual como tradicional, é un poeta de hoxe que non espile estupidamente o tesouro arrecadado polos seus devanceiros, e que contribui destacadamente ao enriquecimento do património comun.

Mais este alto poeta dos tempos da nosa preguerra, que era como o príncipe daquela mocedade dos anos trinta, converteu-se depois da guerra nun prosista excepcional, que hai que agrupar à beira dos mestres da xerazón "Nós" no conxunto de escritores que remodelaron e vivificaron a prosa literária moderna. Libre de toda preocupación didáctica, mais capaz de trazar-nos penetrantes retratos de persoas, esenciais deseños de lugares da nosa terra, ten sublimado con cariño temperado polo humor, con lirismo equilibrado pola ironia, as cousas e os homes que tratou; e, misturando Roma con Santiago, beneficiando os mitos célticos en competéncia cos clásicos, e os motivos populares máis directos e auténticos cos motivos literários máis requintados e eruditos, ten criado unha literatura onde a terra e o ceu, a realidade e a imaxinación se combinan nunha fórmula de aparente facilidade, de alexandrinismo moi sábio, de bizantinismo moi espontáneo. A enxeñosa paródia da novela de aventuras e de cabalarias, escrita desde supostos culturais que nos

distáncian da temática co segredo artificioso da finxida inxenuidade, pero que nos achegan a ela pola fina saudade daquela beleza morta, embalsamada con ungüentos de piedade, amortallada con sudários de fantasía, é para os galegos unha oferenda de amor, unha invitación ao soño, ao xogo, á danza, ao voo que, ao nos elevar, en asas da ilusión, sobre a realidade, fai que vexamos esa realidade con ollos de reconciliación, porque a arte de Cunqueiro non é propriamente unha arte de evasión, como se ten dito, senón unha arte de reconciliación. As histórias de Cunqueiro, ao elevar-nos sobre a vida, reconcílian-nos coa vida, porque, como nun enredo de pombas ou de anxos, como nun voo de paxaros ou de meigas, nos dotan da perspectiva necesária para ver da vida o que realmente é o formoso da vida, o que realmente hai de formoso en nós.

Grácias sexan dadas, pois, ao doutorando pola sua benéfica obra. Como outras poucas figuras da nosa literatura, o autor de *Merlin e família* ensinou-nos a ver o noso país desde un ángulo orixinal. Renunciando sabiamente, pasados os anos de formación, a estar de moda, pois aprendeu que a moda, como dicia Cocteau, é o que pasa de moda, Cunqueiro paira porriba dos movimentos gregários e das catequeses masivas, mantendo-se, con sinxela e elegante modéstia, tan mozo e tan lizgairo agora como nos tempos en que paseaba comigo baixo os soportais de ambas as Ruas.

Álvaro, si, nacemos a princípios do século; a fins do século pasamos o sarego da senectude. Case septuaxenários, co século fomos mozos e co século envellimos. No cúmio do teu xénio poético chegas a Santiago, de novo peregrino, a recoller o testemuño de estima e afecto que a tua terra, a través do seu máis alto órgao de cultura, che tributa. Que sexa un amigo tan vello e tan devoto o que, en tal ensexo, en nome da Universidade te acolle, e que el teña compartido contigo as inquietudes que aos vinte anos empurraban a tua poesia, tan tenramente, tan docemente advocada ao amor dos teus lares, é só unha casualidade, mais unha casualidade feliz, que me permite dar o primeiro parabén ao meu amigo Álvaro, ao meu irmán Álvaro, *poetae tenero, meo sodali*, coas palabras do lírico latino.

— III —

Afinal, aquel que no meio da treboada que baticou con sangue de vagas escumosas o noso vello eido, conservou sen malícia as lembranzas dos amigos da leda e confiada mocedade, rendeu-se á crua lei do fado, e xaz no materno val que tanto amaba. O que coñecín poeta experimental, morreu dono dunha prosa segura na que nos contaba histórias tan formosas, que as nubes do Mondoñedo ideal han acugular-se, como nenos, ao redor da sua campa, para escoitar, en vixília sen horas, da sua boca xa herbas, en música calada, o infinito relato do Orestes que non ven e o Simbad que non volve.

R. CARBALLO CALERO

Santiago

A VIDA E A OBRA DUN GRAN FABULADOR

Pra facer unha crónica, máis ou menos ensaística, da figura e da obra de Álvaro Cunqueiro, botamos man dunha chea de papeis. Consultamos artículos seus, o longo epistolario que con el mantivemos, lembramos conversas e releímos os seus libros. Con todas estas fontes, aproveitadas no máis sustantivo, imos compoñer a traveso das seguintes páxinas, un panorama sobre a vida, o pensamento e os traballos do que foi amigo entrañable desde os anos da nenez deica a mesma hora do seu pasamento.

O ESCENARIO MINDONIENSE

Álvaro Cunqueiro Mora naceu, viviu unha boa parte da sua existencia, e está soterrado, en Mondoñedo. Esta vella cidade á que o escritor tanto amou, atópase situada nunha bocarribeira, aberta desde os últimos e escuros cumes da Corda e a serra de Meira cara as Mariñas luguesas. Río abaixo —o Masma, lento, verde e muiñeiro—, cómaros de curva frente azuada afastan a Mondoñedo da perpetua craridade daquelas Mariñas. Ate eles chega, salgado e ledo, o vento mareiro.

Además de polos vieiros craros que arrincan desas Mariñas, pra ir ver Mondoñedo pódese andar pola beira dunha cunca de terra. Pola Pastoriza, antiga e senlleira, e o país de Miranda, chégase ao balcón de Lindín. Diante dos ollos do viaxeiro ábrese aquí toda a mar dos montes: A heroica cabeza de Pena da Roca, o lombo granítico e poderoso do Xistral, a Toxiza, os ásperos cumios de Tronceda. Pero aos pés do viaxeiro está toda a dozura do val mindoniense, e no seu corazón a cidade.

Desde a altura descóbrense, de primeiras, os tellados de pizarra, e entre as pizarras dos tellados a gracia barroca e autumnal das torres catedralicias. Hai un gris que está na pizarra destes tellados, unha prata fría e opaca, venosa. Non xurde alí torre civil algunha, nin almeada señoría. Pois o seu son torres eclesiásticas, e San Rosendo nas máis altas, co seu báculo pastoreando ate os vendavais.

Pero estabamos no balcón de Lindín. Hai que baixar pola vella calzada, pedra romana, irmá do antergo paso lexionario: o que trouxo a lingua, a lei, o arado, a columna, e quezáis a melanconía virxiliana. E atopámonos logo no Pasatempo; na ponte onde aquela dona Constanza, que traguía o indulto do Mariscal Pardo de Cela, perdera —por mor dunhas cortesías cuns coengos— a cabeza do terrible señor que "comía máis da mitade do bispado". Este pequeno bairro muiñeiro e panadeiro, pequena Venecia, illa leda, xa é

Mondoñedo. Chámase "Os Muiños", porque recende a pan que remata de deixar o forno, e porque se escoita cantar de vez a unha fonte e a unha moza.

Si se ven de Lugo e a Terrachá —abeirándolle o peito ergueito á Pena da Roca—, o primeiro que se albisca desde o alto é o horizonte mariño, a xentileza lonxana do azul cantábrico. E cando se está xa no miradoiro de Folgueirarrasa, óllase o val e a cidade a un tempo. Desde alí, desde o Paredón, é desde onde ún se decata de que "o val ten a medida do ollo humano". No seu medio e medio está Mondoñedo, cun fondo ilustre de silencio. O silencio rómpeo, por exemplo, unha campá. Andando pola cidade, pola rua de Batitales cara as Conceicionistas, vaise pisando silencio. E, de súpeto, no vello convento comeza o rezo monxil, a salmodia gregoriana. E o silencio desfaise, e a rua pobóase de imaxes, de figuracións, de música, dun orde musical.

Cunqueiro evocou este silencio e este ambiente unha chea de veces, e outros moitos motivos da sua cidade natal. Tamén os viaxes que facía de alí á capital luguesa: "Pra ir do val natío á urbe capitalina —escribíu— tiña que rubir, medindo tres veces o seu ván, a Pena da Roca. Desde onde dín Prado e os Cornos da Lua, si volvía a cabeza dexergaba no horizonte unha franxa verdiescura: era a mar. Pero de aquí pra enriba todo era terra, monte avesío, altas xesteiras, camposas arnaces. Non había máis flores que as do toxo".

De Abadín, que pousaba a ámbalas beiras da estrada, gostábanlle as cercas de loureiro romano das eiras; cercas fértis en melros e paporroibos. Por veces, nas suas viaxatas, Cunqueiro ollaba, entre as verdes follas latinas, unha brasiña bermella: era o peito agachado do paporroibo. Ao pouco de saír de Abadín, no alto de Castromaior, os ollos abríanselle sobre as chairas, sobre a ancha e fecunda Terrachá. Dexergaba alí unha bidueira, unha lama... Entrando en Villalba, chea de friaxe, sentía como un vóo todo de vencellos, de almea crebada e matacán ferido. A partir da vila toda terra e toda auga corren cara o Miño, solemne deus fluvial noso, de prateada barba. Nos antigos agros de Saavedra, ao pé de Cal da Loba —ruina da derradeira rebelión do sangue mariscal— abrolla o centeo nos sulcos iguais. E a seguido está Lugo.

Na andadura de regreso, desde Lugo a Mondoñedo, gostaba tamén Cunqueiro de contar as suas impresións da paisaxe. Ao pasar, outravolta, por Villalba, Goiriz, Castromaior, Candia, Abadín... ía deixando atrás a Terrachá, cos seus horizontes azús e as suas "lamas" de auga queda e plumbiza. A man esquerda, a visión da Corda escura, cos seus lombos fadigados. Axina o alto da Xesta, e de novo o perfil de Pena da Roca, altiva e nua. Decontado San Cosme do Monte coa sua ermida e os lamigueiros, naquel craro entre xesteiras. E xa as propias montañas mindonienses —siena, verdes, grisallas— coroadas pola néboa. Unhas montañas labradas por escumosas duvieiras, que, no fondal da barranqueira, forman o

Ares. É éste un río ledo, pratense, muiñeiro, o máis belo dos ríos do val de Mondoñedo; con aquel docísimo salón da Fabega, ribeira de choplos e amieiros, prados felices onde máis dun abril escóitase cantar cedo a bubela. E deseguida, o monte propicio dos mindonienses, o Padornelo, un león tendido que durme coa testa entre as mans. No fondo, a apremida cidade, por entre cuios tellados de azuadas lousas, xurden as torres barrocas da catedral da Asunción.

Cunqueiro contou, en moitas ocasións, do seu vivir na cidade: das estreitas ruas, da ancha praza, da casa natal. De un dos seus días de estada nela, escribíu así: "Xantei o pan amasado na vella artesa de bido, metinlle o dente a unha fría mazá da horta, durminme alentando un ár recendente, unhas veces mazá outras membrillo. Xa entrada a mañá, o esquilón chama a coro aos señores coengos. Pombas cabo da fiestra, arrolándose, e outras que voaban ao veciño bosque da Silva, aínda vestido de ouro, carmesí e púrpura. De desaúno, leite acabado de muxir. Ven o meu curmán, Moirón, de Riotorto, e traime castañas. Asómome ao balcón e ollo pasar caras coñecidas, xentes coas que teño que falar, que se aledarán de verme".

E prosigue despóis: "É xoves de feira, e os coches de Pastoriza e de Riotorto descarregan sacos de trigo e de patacas xunto aos soportais do sombreireiro. Pasa Totona do Almacén, lixeira con tódolos seus anos. Sempre que me fala chámame Alvarito, que me viu nacer. Cheira a loureiro queimado, que afuman chourizos nunha casa veciña. Chaman á porta, e aduviño quen é polo toque do martelo... ¡Qué grande, ricaz e fermoso é o mundo!".

A ASCENDENCIA FAMILIAR

Álvaro Cunqueiro naceu —segundo de cinco irmáns— no mes de nadal do ano 1911. Complacíase Cunqueiro en falar da sua ascendencia familiar, que facía proceder —real ou fantásticamente— do P. Feixóo, de Benito Vicetto e máis serodiamente de Valle-Inclán. O seu pai era, de certo, un Montenegro. Os Montenegro estaban emparentados cos Mariño de Lobeira, das Rías Baixas. Ao fío da lénda, Cunqueiro lembraba que a Casa de Lobeira era a máis antiga do país, e descendía dun lobo. Os Mariño, dunha sirea. Unha sirea tarabeleira —decía— que tivo tamén tratos carnais con Roldán, o paladín da Táboa Redonda, o do olifante, tamén chamado corno, con razón ao parecer. De Roldán tivo a sirea un fillo, ao que lle chamaron Paladín en lembranza do seu pai. Paladín deu despóis Padín. "Así que os Mariño e os Padín —engadía— son parentes por parte de sirea. Esto aseguran, ao menos, os tratadistas de heráldica. E si eso é verdade, ún ten no sangue unha mestura abondo explosiva".

Eso no que toca á prehistoria xenealóxica. Pero xa máis de perto está Benito Vicetto, fillo dun italiano que veu ás conversas, e que escribíu unha *Historia de Galicia,* "disparatada, romántica, chea de fantasía". Este historiador e novelista —que foi moi ben estudado

por Risco e do que todos sabemos—, era, ao decir de Cunqueiro, antepasado seu. Afirmaba tamén que había emparentamento entre el e Valle-Inclán, xa que a nai déste e a aboa daquél eran curmás. Por cabo, o escritor mindoniense sostiña que o P. Feixóo era, asimesmo, parente seu por parte de pai.

Porén, fora destas xineas histórico-fantástico-literarias, tan do estilo cunqueirano, houbo un personaxe na familia do autor de *Merlín e familia*, que éste retratou con grande simpatía. Trátase dun seu tío-abó, polo que sentíu especial devoción. Del, así como da sua nai, adeprendeu Cunqueiro moitas vellas historias do país. O tío-abó Serxio era alto, arroibado, un algo violento e experto comentador de sucedos. Chegaba a cabalo e sempre traguía unha bola de torreznos pra o seu sobriño-neto, porque sabía que o sobriño debecía pola bola. "Traguíaa na alforxa, xunto á cebada, e co tracatrá do camiño os grans de cebada apegábanse á bola, i eu tiña que ilos desapegando un a un. Unha especie de ritual, e por eso gostábame". Do abó Serxio aínda lembra a xente o ben que contaba; é decir, o ben que fabulaba. "Dunha noticia dábache pelos e sinais. Decíache, por exemplo, que o asesino usaba capa con voltas moradas. E soio léra catro liñas no xornal".

E logo, ao falar da sua nai —"unha cousa moi mol e moi doce"— decía o escritor que, pola noite, na cociña, contáballe vellas historias dun xeito extraordinario. Por exemplo, a de San Gonzalo bispo, que afundíu unha flota normanda a copia de avemarías. Ou a do Mariscal Pardo de Cela, ao que —xunto ao seu fillo de vintedous anos— axusticiaron na praza: oficialmente por herexe, en realidade por beltranexo e por ter man sobre os bens do bispado.

Cando Cunqueiro andaba polos sete ou oito anos de edade, era un neno feliz e extravertido, inda que un algo temesiño. Gostáballe parolar cos maiores. Un dos que con quen máis parolaba era "O Pallarego", barbeiro e violinista, ao que lle compracía moito que o rapaz fose pola barbería. O rapaz díalle aos clientes o xornal, pero ao seu xeito; pois engadíalle ás noticias cousas da sua colleita —as que lle parecía que lles ían gostar máis—, ou inventábaas sinxelamente. "O Pallarego" sabía de plantas e de paxaros, e resultaba ser un bó músico. Del adeprendeu Cunqueiro moitas novas —todo o que lle quixo ensinar— agás a música. Neste terreo non logrou que adeprendera nin tres posturas de guitarra.

Cando chegou o momento de encetar o bachilerato, mandárono a Lugo a cursar estudos nos Maristas, interno por máis señas. O que en Mondoñedo tiña a cidade ao seu dispór, e ao seu dispór os niños, as setas do bosque, e os peixes e os cangrexos dos ríos, e os soños, as fábulas de todo un país, atopouse de súpeto nun universo extraño e fustigador; nun mundo onde non había niños, nin setas, nin peixes, nin soños, nin fábulas. Era daquela un rapaz delgadiño, que andaba sempre morto de frío, coas mans cheas de sabañóns. "No medio dos outros rapaces, novos coma min, pero máis espabilados, sentíame un pequeno aldeado ignorante e triste".

Un algo máis tarde abandonou o Colexio por unha pensión. Volveu entón ás suas paseatas: "Tomeille moito gosto a saír a pasear polas murallas. E tamén pasaba moitos momentos contemplando o Miño, un río tan ancho e poderoso. O Miño, en Lugo, é dunha fermosura incomparable. Os ríos danche unha especie de amistade humana, de presencia comprensiva. Un río é o que máis se asemella á sorrisa dunha muller. Atopei máis tarde este mesmo pensamento en Joyce; pero cando eu descobrín a semellanza, non léra aínda a Joyce".

Leeuno despóis. A Joyce, a Byron, a Baudelaire, a Tolstoi e a Stendhal, a Quevedo e San Juan de la Cruz... Por entón coñeceu a Fole en Lugo. Ánxel Fole era xa un home que pesaba nas letras galegas; pero non desdenou ocupárese daquel adolescente delgadiño, embufandado, triste e sempre morto de frío. Gracias a el amistou co encarregado da Biblioteca Provincial luguesa, "un personaxe alto, osudo, de zocos e capa española". Tiña unha estufa no despacho da Biblioteca, e, mentras el sonaqueaba, o rapaz lía, lía, lía. Ducias e ducias de libros das materias máis disparellas, e, a miudo, máis tresleadas. "E como teño unha memoria felicísima, pois entroume unha suficiencia brutal. Eu sabíao todo, ou estaba convencido de sabelo todo. Entón sentinme máis seguro e ate me deu por andar un pouco elegante. E merquei un gabán marelo. Cousas da mocedade".

Tamén —cousas da mocedade— comezou a facer versos; versos de amor a unha nena de Palas de Rei que tivo sentada á sua beira durante un viaxe no coche de línea. Pero nunca chegou a falar con ela, non se estreveu. Estreveuse, en troques, a falar con Luís Pimentel. Pimentel, un gran poeta, un poeta consagrado, leu os primeiros versos de Cunqueiro, e parecéronlle ben. "De non ser por Pimentel, quezáis nunca houbera publicado unha liña".

COMPOSTELA E A OBRA PRIMEIRA

Cando Cunqueiro rematou o bachilerato, comezou a ir a Santiago nos fins de curso oficial, pra se examinar por libre na Universidade. Por aqueles días sentíase xa moito máis seguro, si non de sí mesmo, da sua capacidade de inventor, de creador. En Santiago rendíu exame dalgunhas asignaturas da carreira de Filosofía e Letras, sección de Historia. "Pero a Universidade non era nada. O mellor da Universidade eran as pedras. Que xa é triste". A sua verdadeira Universidade viñeron ser os libros que lle emprestaban os amigos, as tertulias do Café Español, as reunións nos pisos dalgúns intelectuais e artistas daquela hora. E libros, libros, libros. E a cidade. Compostela enfeitizábao. Gostábanlle as suas pedras, as suas tascas, os seus amigos. E os primeiros amores, unha nena fermosísima: "era parva, claro".

En Santiago reatopouse con Ánxel Fole, e compartíu con el o mesmo hospedaxe. Coñecéranse, como xa dixemos, uns anos antes, nun inverno lugués, cando estudaban no Instituto da rua de San

Marcos. Ambolos dous, cando estaban a piques de se facer bachileres, saudaran á nova poesía castellana —Alberti e Guillén, Lorca e Salinas— e non deixaban día sin lér unha páxina de Valle-Inclán. Faguían longas paseatas ou rondaban pola muralla latina, parándose a dexergar no horizonte os cumes nevados dos Ancares. Tiñan os dous unha crara vocación literaria, mesturada coa preguiza dos soños da mocedade. Vagos pra todo, agás pra as novedades da "Revista de Occidente" ou para a anárquica leitura: Huxley e Baroja, Lawrence e Azorín, Unamuno, Ortega... Fole lía moita literatura francesa, e Cunqueiro todo libro de historia que caíse nas suas mans. Da propia Galicia chegoulle un día *Mitteleuropa* de Vicente Risco, e despóis chegáronlle os poemas de *De catro a catro,* de Manoel Antonio, que tanto o habían impresionar.

Pasados dous anos do remate dos seus estudos no Instituto lugués, foi cando viviron xuntos en Compostela —nunha pensión da rua da Enseñanza, 11—, e cando fixeron tamén a descoberta de Compostela. Eran días, aquéles, de grandes amistades e diálogos: "Ben máis da mitade do que nós somos está feita naquelas horas, que alguén que non soupese mirar ao revés do tapiz chamaría inúteis. Fixemos revistas, publicamos libros, maxinamos grandes obras que nunca foron ao prelo, e tamén nos sentimos ordeadores do mundo, da terra nosa, dos séculos futuros. E foron pasando os anos, pro o suco da leira natía nunca foi abandoado".

Na pensión compostelana onde se hospedaban, pagaba Cunqueiro dezaoito reás ao día. Dispuña de poucos cartos, pero tampouco lle comprían máis. A cidade era gratis, os libros tamén. E tamén os soños. Ás tertulias que frecuentaban, asistían mozos universitarios, intelectuais e artistas: Os pintores Maside e Seoane, o escultor Eiroa, os escritores Manteiga, Arturo Cuadrado, Martínez Barbeito... Falábase e discutíase de todo nelas, en babélica mestura. Daquel grupo malográronse —por desvarío ou por atrofia— algunhas vocacións literarias. Pero ficou o seu xesto, de risco e aventura, auténticamente xuvenil. O decir poético, graciosamente orixinal, de Cunqueiro, presidíu moitas veces as discusións.

Publicábanse daquela, "Resol" —follas voandeiras do pobo— e a revista "Universitarios"; e libros e plaquettes na Editorial "Nós". Celebrábanse conferencias a cargo de diversas figuras de fora, organizadas polo "Comité de Cooperación Intelectual". Montábanse exposicións, como a primeira de Laxeiro, e descobríanse pintores nife como Landín e Ben i Boo. En Mondoñedo, Cunqueiro fundara a Editorial "Un", e desde alí remesaba ás tertulias literarias das cidades galegas, as amosas do seu "Papel de Color", así como as da revista "Galiza" que compoñía cun pequeno fato de amigos. Colaboraba, además, o escritor mindoniense, con fermosos artigos en galego, no xornal "El Pueblo Gallego", e nas revistas "Nós" e "Yunque", a última dirixida en Lugo por Ánxel Fole.

Éste dera a coñecer por aquel entón un interesante traballo sobre "Le chemin de St. Jacques" de Mabille de Poncheville. O fran-

cés, ao pasar por Lugo, dixera que era unha fermosa cidade pra que vivira alí un poeta enfermo. E referíndose a ésto e ao autor do traballo, Cunqueiro escribíu: "Fole, entón, co aquel seu verde abrigo, dun verde barojiano feito mitade de néboa dunha rua de Londres e outra mitade de lama da Terrachá, a pucha no curuto cobrindo un pelo sempre despeiteado, dábase a figura daquel poeta que tiña que vivir en Lugo unha longa convalecencia".

Por ese tempo foi cando o escritor mindoniense editou o seu primeiro libro: *Mar ao norde,* con tapa e ilustracións de Luís Seoane. Seguiulle despóis *Poemas do sí e non.* Con eles avincallouse aos movementos de vangarda, vixentes naqueles días. Case á par saíu do prelo *Cantiga nova que se chama Ribeira,* co que incorporou xeitos e gracia novos á liña clásica dos nosos Cancioneiros medievais. Comezou, pois, Cunqueiro como poeta, cando era un estudante espigado, na época na que se non esgotaran aínda as primeiras audacias que tiraron do cascabello ao novecentos, despois da guerra do 14. Os ollos que se abriran daquela, moitos pecháronnos máis tarde. Cunqueiro non. Cunqueiro non perdeu ao longo dos anos a ollada hipertrófica que traspasa os corpos opacos.

GALICIA, A LINGUA E ROSAÍA

O amor a Galicia de Álvaro Cunqueiro víñalle de lonxe. El mesmo contou cando se lle puxo ao descoberto a conciencia do seu encontro coa terra natal. Era moi rapaz aínda cando bateu, de súpeto, no Instituto lugués, co Mapa de Galicia de Domingo Fontán. Foi éste o seu grande alcontro co país galego. Alí estaba a sua terra, a terra da sua vocación e dos seus días, a terra temporal i eterna; a terra que a nosa lingua, a fala do seu acento labrego, necesitaba pra existir. No Mapa de Fontán gostaba Cunqueiro de enxergar as bisbarras que lle eran familiares: O camiño de Mondoñedo a Riotorto, o de Mondoñedo a Foz, o de Riotorto a Baltar e Meira; o curso do Masma e o do alto Miño; o ríspido Xistral, de esquisto e soedade; e o Cadramón, o máis alto monte da serra.

Desde entón, a sua conciencia do ser do país, foi avantando por diversos canles. Un día, nunha carta que nos dirixíu, preguntábase: "¿Existe ou non unha continuidade galega, diferenciada, unha resposta galega? Esta resposta foi dada no románico e no barroco e no romantismo, e vive aínda a boca que pode seguir respondendo. Unha patria non é un movemento, nin siquera unha serie de movementos, nin a totalidade dos movementos posíbeles. As cirolas ao fin de semana —como en Baviera o calzón e o pucho— e unha muiñeira ben beilada tras beber unhas cuncas de Ribeiro, polos enxeñeiros, médicos, notarios, xefes de administración, banqueiros, procuradores, etc., ¿serían pra nós unha Galicia suficinte, vida e política, destino, morte e resurrección?". Pra Cunqueiro todo residía en que ún aceitase ou non unha lealtade a uns mitos, e os servise ou se servise deles relixiosamente, dramáticamente. "Unha patria é unha acción dramática 'sub specie aeternitatis', cuio derradeiro

cadro só ten lugar cando se produce un esquecemento universal".

Co seu amor a Galicia estaba, en Cunqueiro, a fala. Pra el, do galego, o máis importante era o manter a lingua. Porque, según reiteradamente afirmou, o galego é, diante de todo, a lingua. E verbo dos costumes e tradicións, sostiña que o que está vivo está vivo; e o que morreu non hai porque o resucitar. Pensaba que a Galicia compríanlle grandes reformas sociais e económicas, "cuia realización soterrará moito folklore, e non se perderá nada". Sobrevivirán algúns ritos, os que responden á forma galega da condición humana, e abondará con eso. Consideraba que o home galego é un tipo racionalista e superticioso a un tempo; é decir, un tipo intelectual. E conservaralle sempre a sua alma —cousa que lle acontez aos pobos todos, seña cal seña o seu estado de desenrolo— o habitat mental e espiritual preciso. Todo o demáis, desde as "meigas" á "queimada", son pamemas.

E, como un ritornello cunqueirán, o problema da lingua. A lingua viña ser, na sua opinión, un xeito de facer presa do home, de apreendelo. Por eso —decía— a lingua galega esixe tanto respeto e tantas facilidades, cando menos, como se lle ofrecen ao idioma castellano. "Además de téla nas eirexas, tamén a queremos nas escolas, no ensino medio e na Universidade. Mesmo na radio e na televisión, onde terán que se lle conceder espacios á nosa lingua. Hai que pensar que o noventa por cen da poboación galega coñécea, e o sesenta e cinco por cen fálaa cotianamente".

Resulta curioso, noustante, o que, sobre Rosalía e as palabras, escribíu un día: Trátase de palabras escuras, ditas en voz baixa nun recanto. Amoreadas, tíñaas o poeta na sua soedade. Apenas necesitaba escollelas. Todas conservan unha partiña de sombra, de luz. Decía con elas cómo se achegaba, e tamén cómo fuxía. A algunhas ollábaas, cómo si o vento as arreguizase ou cómo si a treboada as desfollase. "Palabras ás que se podía quentar, como o lume, ou que poderían derramárese riba do seu corpo, como terra". Era Cunqueiro un mal leitor de Rosalía, porque era un leitor turbado, emocionado, sorprendido, abranguido na soedade doorosa, no pranto e no canto humano e solitario. Por eso apenas falou nunca da autora de *Follas novas,* apenas a citaba... "Sabido é que hai momentos na poesía rosaliana nos que o mundo se deshabita e desviste, e toda a Creación —co cervo do home ferido no seu colo—, entre unha umbría fonda, aire húmedo e mortal, e, noustante, terra descansada e carnal. Vaga sombra asombrosa e, nembargante, terra que a desesperada soedade e a anguria de vivir reclaman pra morrer, ou ao menos descansar, berce de terra e sepultura".

Cunqueiro afirmou que a terra de Rosalía ten un nome: Galicia. E que cando Rosalía resucita a traveso dun poema ou un cantar, é que, simplemente, chama á terra da sua fuxida, da sua alertada vixilia, da sua agunía, polo seu nome. Hai poemas de Rosalía que sí se poden decir en voz alta, como "Negra sombra", porque é como convocar á Nada inconcebible: "¡Canto máis cometer esa enorme

Homenaxe de Laxeiro

HOMENAXE A
ALVARO
CUNQUEIRO
Kleto

torpeza de cantala! Si eu tivera algún día o menor poder de coacción, 'Negra sombra' non voltaría a ser cantada". Pra lle falar a Rosalía, ¿non faría falta —preguntábase Cunqueiro— tomar terra materna e fecunda nas mans, e decirlle ao torrón as palabras que levamos en nós para a que nos adiantou a medida da dór e o medo de vivir e o alento das estancias valeiras? "Pondo terra na voz podemos ir a Padrón a ollar en pedra á máis docemente e máis ferida laberca, temendo cada alba por cantar morrer".

OS LIBROS POÉTICOS

Xa fixemos alusión aos primeiros libros de Álvaro Cunqueiro. Titulábanse *Mar ao norde, Poemas do sí e non* e *Cantiga nova que se chama ribeira.* Moito despóis publicou *Dona do corpo delgado.* E, derradeiramente, *Herba aquí ou acolá.* A traveso deles decátase ún de que o seu autor estivo na liña máis alta da nosa poesía lírica. A poesía cunqueirana non quedou nunca no que adoitan quedárense moitos poetas: nunha delicia de palabras sonoras, nun puro artificio gramatical. O latexo cego da palabra poética de Cunqueiro atinxíu artística plenitude, sin perder intensidade humana. Porque, dunha banda, gozaba da virxinidade dos seus materiais imaxinativos; e da outra, poseía o don constante de trasuntar as palabras en esprito, en increíble gracia lírica, en verdade creadora, en misterio.

Nas horas primeiras da sua actividade literaria, guindara desde Mondoñedo aos ventos de Galicia, as amosas do seu inefable "Papel de color". Do reino prodixioso da sua imaxinación tirou tamén daquela unha belida caixa de sorpresas: "Follas do vran en louvor das damas do tempo pasado". Mandóunolas coa firma dun paxaro pintureiro, tinxido de lila e rosa. Traguía a borrosa reprodución dunha "Pintura mural do século XII, no ouso da eirexa de Vilar de Donas, en Palas d-El Rei". Asimesmo, un singular soneto no que colaboraban co poeta mindoniense, cada un co seu verso, Dante, Alberti, Eliot, Garcilaso, Lope, Rilke, Shakespeare, Mallarmé, Browning, Quevedo e Herrera. E un algo máis tarde, aquel famoso "Rondeau das señoras donas do Vilar", danzando en bós tercetos galegos sobre o estribillo francés, "Le temps s'en vas".

Segrel ao xeito tradicional, Cunqueiro soupo atopar a expresión xusta da sua sensibilidade, con acento hodierno de bó decir, en *Cantiga nova que se chama ribeira.* Polos versos deste libriño decorre sempre un vento de delicado lirismo: na sua inspiración, na sua contextura, mesmo no emprego dunha peculiar linguaxe poética. Esta poesía cancioneiril posee, tamén, fonda suxestión evocadora, unha aduviñación lúcida, intuitiva, das bretemosas zonas do misterio. E reflexado todo nunha fala chea de gracia e espontaneidade; unha fala que enxamáis dexenera en artificiosa palabrería ou en pedantesco envaramento. O saber do poeta era cousa ben coñecida. Noustante, dábanse nel, por riba de todo, as coalidades do intuitivo. O primeiro que sorprende ao lélo, é o asombroso das suas dotes, a sua peregrina facilidade. Poderíamos afirmar desta poesía que é

a espontaneidade graciosa frente á elaboración intelectual. O seu mundo poético apresa a sensación fuxidía, o tremer estantío, o goce fuxitivo da beleza nunha especie de impresionismo lírico que atopa a cada paso pequenos paraísos. As composicións de *Cantiga nova* erguen o fondo popular que as inspira, a unha dimensión trascendente e culta. Tiña, nefeito, o poeta, unha evidente afición ao popular; pero tal afición levouno, máis que aos manantíos vivos das cancións do pobo, a beber na fonte que regou ás vellas cantigas medievais. Porén, sería ilícito pensar en calquer vencello co arcaísmo trovadoresco. Cunqueiro trasvasou as formas antigas á hora contemporánea, insuflándolles seiva nova, incorporándolles un acento de limpa actualidade.

En *Dona do corpo delgado,* tamén a voz poética é abondosa e viva. Non reflexa o libro unha absoluta unidade. Os poemas da soedade, ou as elexías a Manoel Antonio e Feliciano Rolán avincállanse, en certo xeito, coa liña que seguíu na sua etapa vangardista. Despóis xurde o acorde medieval que encetara con *Cantiga nova*... Os eidos da vella tradición veñen reverdecidos en versos novos, engaiolantes e belos. Velahí, por exemplo, as cantigas de amor cortés, como "A dama que ía no branco cabalo", ou "Quechemarín da verde bandeira". E logo, encandecidos coa sua palabra poética, eses rondeaus, como o de "As donas do Vilar", ou o "Da dona enterrada en San Johan de Badón".

O último libro que editou —*Herba aquí ou acolá*—, recolle duas tendencias craras de poemas. Primeiro, un grupo mesto deles adicados á recreación dos mitos clásicos, das lendas mediterráneas ou gaélicas, dos personaxes históricos e culturalistas, moi abondosos ao longo de toda a narrativa do autor. A outra tendencia, aquela máis lírica na que o poeta reflexiona sobre a morte a traveso do paso do tempo, ou do cambio dos fenómenos da Natureza.

Sempre que leemos os poemas cunqueiranos, a emoción chega ate nós como unha rafega de sentimentos, como un soplo lonxano de fermosura e ausencia infantil, como un acariño fremente da nada. O universal engádese neles ao persoal, o senlleiro ao íntimo... E había, ao mesmo tempo, na condición humana do poeta, un algo que o facía primordialmente atraínte: ese anceio de se dar á creación de sí propio e do seu mundo, que contribuíu a fixar a sua crara personalidade.

AS HISTORIAS INICIAIS

Si nos paramos a mirar o que Cunqueiro foi, decatámonos de que Cunqueiro literaturizou a vida. Viviu unha literatura de seu, case excepcional. Inventou un universo literario por onde decorreu, imaxinativamente, a sua existencia. O seu vivir contaminouse, así, do que concebía a sua maravillosa fantasía.

A primeira novela escribiuna aos dez anos de edade, según el mesmo contou repetidas veces. Era unha novela do Oeste, e saían brancos e indios, como está mandado. Os brancos falaban en cas-

tellano, pero pra os indios necesitaba unha lingua diferente. E fíxoos falar en galego. Esta narración infantil redactouna na mesa do comedor da sua casa mindoniense.

Había pasar, noustante, unha chea de tempo, antes de que Cunqueiro se botase a andar polos camiños da narrativa. Foi aló polos anos coarenta cando se puxo a traballar como narrador, mais esa actividade creadora realizouna en castellano. Os relatos que daquela escribíu foron recollidos nun só volume que, co título de *Flores del año mil y pico de ave,* publicou no 1968. "Neste volume —explicaba o autor no comezo do mesmo—, recóllense pequenas obras, escritas alá polos anos coarenta... Son, en realidade, páxinas de aprendizaxe. Algúns dos seus personaxes aparecerán máis tarde noutros libros meus, e o fondo do cadro é o que noutras ocasións será evocado: os cómaros célticos, os ríos bretóns, os héroes artúricos, o camiño que pelengrina a Santiago, fantasmas, pasaxeiros de Oriente, santos taumaturgos e dourados amantes...". Cunqueiro recolleu, pois, neste libro lembranzas infantís, os seus soños; e tamén o que lle contaran fantásticos interlocutores, como o barqueiro do paso da Salgueira que pasara ao anunciador da morte, o cal foi falar coa sirea.

Nese mundo introdúcese o leitor, a traveso das narracións cunqueiranas. En "El caballero, la Muerte y el Diablo" apúntase xa, en todo o seu brillo, a fantasía inesgotable do escritor mindoniense. "Siete cuentos de otoño" son case poemas e, neles, o autor lévanos a Inglaterra, a Irlanda e á Bretaña. Despóis, no medievo italiano, atopámonos cun mancebo asesinado mentras toca o violín; e nos bosques de Francia entreollamos á doncela Clemence, que se tornou cerva pra desencantar ao seu namorado encantado de cervo.

Entre os soños do Cunqueiro mozo estaba unha novela, confesada como "novela bizantina incompleta". Nas páxinas finais do libro do que falamos deséñanse as miniaturas dun fantástico códice, en lonxana xeografía. Contrastan alí Mister Jones, o metodista que busca a tipoloxía arqueolóxica duns vasos, e Miss Pamela, cuns teólogos que o soñador imaxina moito máis fantásticos e divertidos que tódolos prosaicos e severos teólogos daquel mundo.

O centro do libro fórmano a "Balada de las damas del tiempo pasado" e unha haxiografía de San Gonzalo. A primeira amosa eruditos escolios a once nomes, os lembrados por Villon na sua sonada poesía. E a segunda ocúpase do bispo de Mondoñedo que fixo tódalas pelerinaxes despóis de librar á sua terra dun grande ataque dos normandos.

En tempos posteriores á escritura das narracións que integran o volume, Cunqueiro regresou a Mondoñedo. Durante a década do 1947 ao 1957 decorreu o seu retiro na cidade natal, e alí permaneceu como pechado en sí mesmo. ¿Qué facía daquela? Leer, escribir, rachar o escrito. De vez en vez mandaba algún artículo aos xornais, uns itinerarios galegos, pouca cousa. Por entón mantivemos con el unha intensa relación epistolar. Animámolo reiteradamente a que escribise un libro de narrativa en galego. E, ao cabo, un día anun-

ciounos que se poñía a nos ofrecer un "Merlín" na nosa lingua. Empregáraa, xa o vimos, para a poesía; pero raramente na sua prosa, agás breves artículos en revistas e xornais. Había, noustante, unha lóxica fundamental pra que o feito se producira; i era que o impulso, a dirección do impulso viña ser o que determinaba a traxectoria. E o impulso era Mondoñedo: dez anos de vivir, de amar e tensar os arcos na cidade natía. Xurdíu así o *Merlín e familia,* e foron chegando rodados, despóis, *As Crónicas do Sochantre, Si o vello Sinbad volvese ás illas,* e o *Don Hamlet.* Comezara o tempo de colleitar a longa sementeira do seu retiro.

Cunqueiro, con estes libros e con outros, andaba a crebar os moldes tradicionais da narrativa, moito antes de que o fixeran certos novelistas hispanoamericanos. Había neles, sobre todo, unha delicia de fabulación. Revertíu á temática e máis á técnica da novela bizantina, que manipulou con virtuosismo de orfebre. Falloulle, en certo xeito, a técnica, pesie a que lle sobrou imaxinación. Si as suas non foron, de certo, grandes novelas, sí foron fabulacións formidables que alquitararon as mellores esencias cunqueiranas: o misterio e a poesía. Non era, de primeiras, o escritor mindoniense un pintor de realidades. El procedía á inversa: A realidade era o bloque marmóreo que encerra a escultura maravillosa do soñado, o irreal. Cunqueiro empregaba o real como formento do estupendo e do máxico.

Ademáis de como poeta, Cunqueiro significábase como erudito, inda que as suas erudicións non fosen de doado control. Ora, a maiores do influxo xeneral da mitoloxía clásica, da novela bizantina e da literatura cabaleiresca, ía encamiñarse por vieiros de fondo realista. Así, en determinados pasaxes das suas narracións apuntáronse fontes concretas: Unha Galicia campesiña, milagreira, o mundo eruditizable dos helenistas, os contos dickensianos.

BALANCE DA OBRA NARRATIVA

A primeira amosa narrativa en idioma galego que Cunqueiro nos ofreceu foi *Merlín e familia.* O mundo deste libro, centrado na terra galega de Miranda, é un mundo maravilloso. As historias que o autor puxo na boca de Felipe de Amancia, o pasamán de Merlín, están ditas con íntima ternura. Trátase de claros relatos poemáticos nos que quedou presa toda a maxia do ciclo bretón. O que engaiola e prende aquí é a alucinante poesía trascendida das suas páxinas. E tamén os noms dos personaxes, coas lendas que protagonizan: Dama Caliela, o Enano das Pamelas, Monsieur Castel, o Demo Cobillón, Mestre John Flute, Mosiu Simplón...

Apareceu despois *As Crónicas do Sochantre,* unha poética narración embebida de singular feitizo. O sochantre de Pontivy é conducido por Mamers o Coxo a unha carroza que o ha levar deica Quelven, pra asistir aos funerais dun fidalgo da localidade. No interior da carroza bate o Sochantre cun fato de extraños viaxeiros. Cunqueiro relata as curiosas aventuras da non menos curiosa comitiva. Transcribe as divertidas historias que contan os protagonistas. Na-

rra as incidencias dos viaxes que éstes realizan polos vellos camiños do Fisterre francés. E anima aínda a trama, inxerindo o acto do adro de Confort onde a hoste dos difuntos que andaban a vagar pola Bretaña, representa a función de Romeo e Xulieta.

Un terceiro volume é o que leva por título *Si o vello Sinbad volvese ás illas...* Sinbad navegou polos mares e vive agora retirado no país de Bolanda. Conta aquí, nas tertulias, as suas aventuras mariñeiras. O escepticismo puxo a sua planta nas ribeiras do Iadid, non menos que nas beiras do Gran Canal. Sinbad é respetado, pero sinte escuramente que ten que anovar o seu creto. Por eso entende que debe saír de novo á mar. Ten que saír polo mundo na precura dos seus soños. Mais, ao cabo, hase retirar, cego, a Bolanda, vencido pola luz brután da realidade sensible. O libro ven ser algo máis que unha novela bizantina, e hai nel algo máis que pura narración.

Con acento do país, inda que en lingua castellana, escribíu Cunqueiro outras obras narrativas. Citaremos soio duas: *Las mocedades de Ulises* e *Un hombre que se parecía a Orestes*. Na primeira delas, Ulises —recreado por Cunqueiro— recibe o seu nome do santo que, con ermida en Itaca, inventou o remo e o desexo de regresar ao fogar. Porque, ao cabo, pra o escritor mindoniense a illa laertiana era a terra carnal, o país ao que se soña volver. Cunqueiro permitiulle á sua imaxinación que vague e ondee caprichosamente desde o monte Paramón á taberna de Poliades; que se remonte pola ancha mar, mentras Foción guía a vela maestra; ou se proxecte a bordo da "Joven Iris", pra descobrir as luces das lonxanas e extrañas illas. A paisaxe do libro convírtese así nun fantástico escenario. Únense nel unha chea de fíos dispersos e as fuxitivas tendencias dun esprito que alí atopan confluencia.

Referíndonos a *Un hombre que se parecía a Orestes,* cabe considerar que cada mito é unha presencia humana ante unha situación dada. Esta situación é irrepetible, e por eso é irrepetible o héroe. O autor, aproveitándose da sua intimidade, tencionou destruílo. Dos seus héroes favoritos —Sinbad, Ulises, Hamlet, Orestes— nada queda; ou quedan outros seres cunha nova ou quezáis máis terrible presencia. Estimaba Cunqueiro que calquera dos héroes gregos, Ulises, Orestes, Edipo, eran centro das máis importantes léndas que o home inventou sobre o home e o seu destino. Retomar estas léndas e anovar nelas desde dentro, foi pra el algo enormemente sedutor.

O certo é que Álvaro Cunqueiro era, fundamentalmente, un narrador, e el xuzgábase a sí mesmo como tal. Pensaba que había unha diferencia importante entre o novelista e o narrador. Falou, en diversas ocasións, de que ninguén sabía o que era exactamente unha novela, pois baixo esa etiqueta cabe todo ou case todo. El prefería consideránse un narrador. Gostáballe contar craro e sinxelo. Decía que sempre habería xente á que lle complacese escoitar un conto. E el desexaría ser a persoa que os contase. Eso non quere decir que

non lle interesasen —e preocupábano moito— os problemas da novela actual. E quezáis, ás veces, aproveitase as novas técnicas pra o que poidéramos chamar o seu xeito medieval de contar. Nese sentido, escoitámoslle repetidamente que lle gostaría ser Chaucer ou Bocaccio. E cando o encadraron no "realismo máxico", manifestou: "Por temperamento refugo todos estes encadramentos e clasificacións; e si algúns libros meus poderían entrar ahí, outros non, sin ningunha dúbida".

DO TEATRO AOS RELATOS POPULARES

Carballo Calero foi, de certo, quen analizou con máis demora entre nós o *Don Hamlet, príncipe de Dinamarca,* de Cunqueiro. Falando desta peza teatral, sinalou que é toda ela un desenlace. O asesinato en Bohemia e a aparición na Torre xa ocurriron cando se ergue o telón. Ate o mesmo final, no que todo se precipita, e as mortes sucédense cunha rapidez vertixinosa; apenas hai outra cousa que unha conversa moi espiritual. Ésta, e non o amoreamento de cadavres, perfíanos a figura do mito. A escena do Hamlet revélase como unha mentira, como unha vaciedade. Xa non se sabe o que é un pai, nin unha nai, nin un fillo, nin a verdade, nin a xusticia. A vida é unha proliferación de xermes insanos que se destruen mutuamente. Si Hamlet é o home, si Elsinor é o mundo, a humanidade está condenada ao aniquilamento. O seu destino final é a desesperación. Pesie ás conexións recoñecidas, trátase dunha obra orixinal. No seu conxunto, e na sua máis íntima raíz, só se atopa un grupo de obras coas que ten un indudable entronque: o grupo constituído polas restantes obras de Cunqueiro.

Si esta obra foi a que lle deu sona ao escritor como autor teatral, tamén tivo eco nos medios dramáticos *A noite vai como un río.* Esta peza ven ser un conxunto de variacións sobre un tema único: Un gran soño de amor insatisfeito, percurada desde o soño a mesma realidade, e sempre co resultado do desengano e a asolación. En certo xeito, a peza —como decote— está situada na mesma liña doutras obras suas, narrativas, nas que, ao cabo, os castelos dos soños derrúbanse sobre o pobre soñador; e de todo o que a alma padeceu, nada queda. Os soñadores, verdadeiramente, o que se fabrican son soedades. Aparece aquí unha das posibles pousadas de Orestes na sua longa marcha deica a cidade onde tería que exercer o sacro oficio de vengador. Pero desvencellado da viaxe de Orestes, queda só como unha representación das perpetuas espectativas do amor de dona Inés. Soña ela o amor que chega en cada bruído, na rosa que nace, en cada viaxeiro que vai polo camiño, en cada palabra que —como unha volvoreta voando— chega aos nosos ouvidos. E todo encontro de amor crébase como un espelido nas suas pequenas mans, nadas pra aloumiñar e aloumiñar. ¡Soñar en troques de vivir!

No teatro, como na narración, Cunqueiro fixo unha literatura eminentemente culta. Manexou mitos. Captou a beleza inxenua ou

exótica das formas artísticas que o mito reviste. Non se evadíu propiamente da realidade, senón que a integrou na fantasía. Pero Cunqueiro, ademáis, coñecía, vivía e gozaba como poucos este mundo noso, ledamente, bondadosamente, con naturalidade. E coñecía aos que vivían nel e non necesitaban outro: cazadores, pescantíns, menciñeiros, labregos, emigrantes e mareantes. Era un excelente cidadán do mundo subluar. Delo deu boa proba neses libros seus que tiduou *Escola de menciñeiros, Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes,* que conforman o que poderíamos chamar fermosa triloxía, protagonizada por figuras populares do país.

Pertenecen, nefeito, estes tres libros a un ruralismo poético, natural e sano, sin deformacións nin tremendismos, e sin delicuescencia. Conteñen breves historias que o escritor ouvíu, e nas que fala de xentes que coñeceu. Veñen ser, pois, feitos certos os que nas suas páxinas se narran, e verdadeiros os protagonistas. Trátase de tipos tirados do pobo, que se chaman Perrón da Braña, Borrallo de Lagoa, Pardo das Pontes, Silva da Posta, ou o señor Cordal. Pero non é só de personaxes da vida real dos que se ocupan, sinón que tratan tamén de creencias populares como o mal de ollo, os trasgos, e de referencias ao lobo, ao raposo e a varios animais fantásticos.

Escribíu Cunqueiro estes breves retratos co criterio que sempre sostivo, coa mesma fidelidade á Terra e ao home, á lingua e á tradición. Batemos outravolta aquí coa intelixencia creadora acordada coa sensibilidade poética e a arte literaria dun bó escritor. Desde o comezo ao remate, ofrécenos éste un constante lostregueo de agudeza e inxenio, de ironía e humor, que revelan unha insólita comprensión do ser do noso país e unhas envexables dotes de observación.

O estilo que o autor emprega é un estilo nidio, vivo, puro, que flue con morosidade, que se creba nun esguince irónico, ou se ergue, ás veces, en tono imprecatorio. Mais decorrendo sempre co encadre nas ideas; mesmo cando se embebe de sentimento e de beleza, pra matizar a emoción producida. O que de realismo hai neste arte, atinxe en conxunto —ao noso ver— o máis alto e difícil grado de artificiosidade. A paradoxa non nos parecería violenta, si sabemos descobrir no dito arte a fusión de dous xeitos diferentes de elaborar un estilo: dunha banda as reaccións poético-realistas, da outra as reaccións fantástico-intelectuais.

As palabras nestas páxinas saben a gleba húmeda de Galicia, e os versos figuran poetizados en moitas ocasións pola falta de pronome reflexivo. O que mantén vivos os retratos non é o histórico esteticismo que os condimenta, nin a erudición tan exquisita como inventada. Son os sabores e as córes, a presencia da paisaxe e da fala da terra, as voces dos homes e das mulleres. Cunqueiro cumplíu así con esa obriga civilizadora que teñen os poetas de facer ao home amar o seu dintorno, descobrir o que éste ten de único, vencellarnos do que, sinón, sería morta xeoloxía e muda natura.

Además do mundo de tellas embaixo, que describíu con tanta verdade e tanta gracia na triloxía da que falamos, Cunqueiro percibíu outro mundo de significacións e de sorpresas, de realidades ultrafísicas e de pretendidos fantasmas: a banda escusada do mundo corrente no que vivimos. I é que, en todo caso, Cunqueiro foi un mitógrafo. Tomaba os mitos e referíaos ao seu xeito, con variacións sorprendentes que lles comunican sentidos novos, ou revelan o que quedaba agachado na versión coñecida. Tal o que fixo con Don Merlín ou con Don Hamlet. Pero, además, creou mitos a conta dos personaxes que andan polas literaturas, ou doutros inventados por el con extraordinario estilo mitopoético.

Apuntouno axeitadamente Vicente Risco: Os seus mitos eran os da Cristiandade, os dos libros de Cabaleirías. E cando inventou mitos novos, inventounos ao estilo de Tristán, da Demanda do Santo Graal, de Lanzarote do Lago, con tan pronunciado medievalismo que —como os tradutores de entón— púxolles o "Don". Narrou, nefeito, xestas de Cabaleiría cristiana e historias de encantamento e de picardía, cun humor tamén daquel tempo, desenfadado e chocalleiro, do tipo das tallas góticas e das cantigas de "mal dizer". Porén, sempre cunha segreda reverencia aos señores reis, abades e paladíns; e cun respeto aos artesáns, viláns e mendiños, que —sin se exteriorizar demáis— nótase aínda ao referir os seus enganos, as suas falcatruadas e as suas vergoñas. Porque o escritor mindoniense era humanista, cheo de indulxencia.

O propio Cunqueiro afirmou que a sua obra era esencialmente fabuladora: "Fun sempre un grande aficionado á mitoloxía. Podería decir que de oficio son mitógrafo. Os mitos están ahí: quixen partir deles, inda que, ás veces, pra os desmitificar. Ou cambearlles os papeis aos héroes". Referíndose a *Un hombre que se parecía a Orestes*, co que obtivo o Premio Nadal, explicou que deixara a Ifigenia na casa agardando a Orestes, i era Electra a que saía a excitar a Orestes á venganza. "Fíxeno así, porque un gran inocente debe estar sempre ausente nunha gran venganza. Pero Orestes non volve... Chegan homes que se asemellan a Orestes, como Don León o do xubón azul e o cabalo navegante. Pero non son Orestes. E Egisto envellece, canso de agardar ao vengador, arruinado xunto a Clitemnestra, a que tivo peitos louzaos como mazás e que remata diante do fogón cociñando doces... Menos Orestes e Ifigenia, que é unha ave romántica, na novela os demáis están tratados nunha liña de guiñol, esperpéntica. Xa o viche: Clitemnestra é unha parva, unha muller temperamental, golosa; Egisto un pobre vaidoso, tamén un algo parvo".

I era que Cunqueiro consideraba que, na sua literatura, tiña chegado a un límite verbo do tratamento dos temas: o da deformación. Parecíalle que, salvando as distancias, fora o que lle acontecera a Valle-Inclán. Pero en Valle, o mellor da sua foron mesmamente os esperpentos. "Mais non todos somos Valle-Inclán e hai un foxo

caricaturesco no que podes caír". Referíndose ao libro que vimos de citar, engadía que era a cumiación dunha etapa sua ou o seu final, o mesmo ten, pero un límite. Traspasalo —afirmaba— resultaría perigoso.

Cando facía estas afirmacións, decía tamén que andaba a escribir unha nova novela en galego, titulada *A Casa*. Esta novela que, sin dúbida, pensou, pero que nunca chegou a escribir, contaba que podería calificárese de realista. Tratábase da última noite que pasara na sua casa de Galicia unha familia que, ao día seguinte emigraría a Europa en precura de traballo. Cada quen íase coa sua cárrega de esperanzas e de lembranzas. Pensaba na casa: a casa, unha, era diferente pra todos. A traveso dela rexurdían as vidas deles e todo un sector da existencia galega. A novela viría ser unha novela actual, inda que sin abandonar o fardel de imaxinación que o seu autor levaba.

Pero referíndose a esta imaxinación, o propio Cunqueiro dixo que, máis que imaxinación, o que el tiña era unha memoria deformante. "Poderíaseme acusar de que minto e non sería verdade. Reconstruio na lembranza en forma de escenas teatrais, todo o compoño pra que a escena saia redonda. E ás veces varias escenas sobre o mesmo. ¡É tan diversa a realidade!". Sostiña, por outra banda, que debía ter na imaxinación un fondo pirandelliano que lle facía ollar diferentes versións dun mesmo personaxe, o cal é ollar varios personaxes e varias vidas... Ahí estaba, mesmamente, a sua fabulación.

Fora de ser un imaxinativo —dono dunha memoria deformante— e un lírico, Cunqueiro era tamén un erudito, en moita maior escala do que poidera pensárese. Un erudito non sistemático, xa que logo. Pero asiduo e rebuscador habelencioso, e, ao parecer, con sorte. Atopaba libros que non sabemos de onde podía tiralos; e engulipábaos e aproveitábaos. Mais sempre os completaba con ideas de seu, sempre convertía en sustanciosa a sua doutrina.

Falando das etiquetas que se lle apuñeron, manifestou en certa ocasión: "Eu fun encaselado no puro limbo, como si andivera ensimesmado e lonxanísimo entre arcaicas brétemas célticas. Pero además escribín, e impulei a outros a facelo, moita máis literatura social e económica que imaxinativa".

NOTAS DE REMATE

Álvaro Cunqueiro foi un exemplo de escritor consciente no seu papel. Creou un mundo orixinal, un estilo tamén orixinal, e un sentido da existencia que puido parecer, en certo xeito, cínico e apaixoado. Atravesou os anos do "realismo a ultranza" sin variar apenas as suas raizames literarias. O seu mundo estaba íntimamente vencellado á xeografía galega de onde procedía. Porque a raíz galega da sua obra nona demostrou somente no emprego da lingua. Tamén no universo dos seus personaxes e no singular exercicio do humor. En definitiva, no seu xeito peculiar de "ver".

A vocación de escritor víñalle de antigo. Xa dixemos que, aos dez anos de edade, escribira unha novela do Oeste americano na que os indios falaban galego e os "cow-boys" castellano. Cando contaba once, descobríu "Somni d'una nit d'estiu" de Shakespeare, traducida ao catalán por Carner. "Foi o primeiro libro que coñecín en catalán, e a primeira obra de Shakespeare que coñecín". Máis tarde chegou ás suas mans o "Pi de Formentor" de Costa i Llobera, traducido ao galego por Leiras Pulpeiro. "Cando era estudante no Instituto de Lugo recitáballes versos en catalán aos meus compañeiros, ante o asombro déstes".

Antre os libros que Cunqueiro releu máis veces —según propia confesión— figuran todo Shakespeare, a Odisea, o Quixote, as "Cartas" de Fray Antonio de Guevara e os *Retratos imaxinarios* de Walter Pater. Lía seis ringuilóns a un tempo. Saltaba páxinas, volvía atrás, pero releía con paciencia; tomaba notas, meditaba, disentía ou concordaba. Era un bó leitor, e incansable.

Polos temas dos libros que leeu, nótase que Cunqueiro entrou nunha corrente de pensamento europeo contemporáneo: René Guenon, Mircea Eliade, Marius Schneider, Roland de Renneville, André Breton, que valorou as doutrinas arcaicas e orientais. Por outra banda, non foi un clasicista, pesie ás suas reiteradas leituras dos clásicos. Ate de Ulises fixo un personaxe ao seu xeito, e transfigurou as suas aventuras como quixo. Non lle tiña medo a ningún anacronismo. A Historia non presentaba para el verdadeiro valor. Por ser así, relativizouna e manexouna en razón do interés estético, ou do interés humano dos seus episodios. O que lle importaba non era o que sucedera, sinón o seu xeito de suceder e o seu sentido. Pesie a eso, o mundo cunqueirán pode parecr histórico, pois complácese en acontecementos e aventuras, irreais si se quere, pero que "suceden". Noustante, o seu mundo era xa metahistórico, como ben apuntou Risco. O seu mundo era un mundo no que nada significa o tempo, sinón o "sentido".

Ademáis da obra literaria de creación, tivo Cunqueiro unha grande afición polos temas gastronómicos, que cultivou en diversos libros. I é que este temario cadraba co seu arte imaxinativo. Falaba, así, de que onde o home puxo máis imaxinación —máis que no amor, a guerra ou a política, como ocupacións naturais e perpetuas do home— foi na cociña. "Hai asociación de elementos pra realizar un plato extraordinario, que só unha enorme imaxinación puido facer posible". A cociña era pra el un arte imaxinario que lle ía moi ben a un escritor con imaxinación.

A obra cunqueirana mereceu unha chea de estudos, realizados en España e fora das fronteiras ibéricas. Dos de aquí pódense citar, entre outros, a tesis que sobre o "Ciclo bretón" de Álvaro Cunqueiro realizou Doval Liz, e a que sobre a fantasía lúdica do escritor fixo García Torrón. Dos estranxeiros, cabe mencionar: O estudo sobre a obra cunqueirana, da inglesa Linda Sandbach; o que sobre as *Mocedades de Ulises* efeituou a Profesora da Universidade de

Bruselas, Mlle. Verrondel; o de Berit Woströn, sobre *Merlín e familia;* o de Michael D. Thomas relativo a *Un hombre que se parecía a Orestes,* feito na Universidade de Houston; o de Cristina de la Torre, da Universidade de Miami, sobre a realidade total de Cunqueiro; e o máis completo de todos eles sobre a obra cunqueirana, debido ao Prof. italiano Gian Carlo Ricci. Foron traducidos tamén varios libros do escritor mindoniense a diversos idiomas, entre eles ao checo.

En resume: *Mar ao norde, Poemas do sí e non, Cantiga nova que se chama ribeira, Dona do corpo delgado* e *Herba aquí e acolá,* constitúen a contribución formal que Cunqueiro fixo á poesía. Pero non hai dúbida de que en toda a sua obra, Cunqueiro foi sementando poesía: Desde Merlín a Ulises; desde o fantástico viaxe tras o rastro da Santa Compaña bretona, ate ese desgarrado Hamlet tomando o mito nos seus primeiros vaxidos; desde as Chimeneas de Galicia ás aventuras de Sinbad. En todo os seus relatos —mesmo nos breves do seu labor xornalístico—, por sobre o sulco que arrinca ao pé do inxenuo e delicado decir medieval, alenta a poesía; tan fonda como o seu cerne galego.

E logo está sempre o idioma noso, que tanto amou, e do qué dixo: "O mellor que ten Galicia é o que tivo nos derradeiros séculos: a conservación da sua lingua". Dela falou e falou decote con verdadeira adicación. Por ser así, manifestou tamén nun momento, pouco antes de se finar: "Ao escribir en castellano non sinto ningunha responsabilidade verbo do *status* do idioma. Pero cando escribo en galego vexo que teño riba dos meus hombreiros unha grande parte da responsabilidade sobre o presente e o futuro da lingua de Galicia".

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
Vigo

ÁLVARO CUNQUEIRO: DA UTOPÍA Á ESPERANZA

PRELIMINAR: APERTURA Á PROFUNDIDADE DA OBRA

A obra de Cunqueiro preséntase coa rara cualidade do autenticamente fascinante. Unha vez que se entra en contacto con ela, o tempo non fai máis que confirmar a primeira impresión. Por eso, infaliblemente, a fascinación acaba tornándose en pregunta sorprendida, primeiro, e en inquisición mais demorada despois. ¿Qué hai nesta obra? Ela divirte, e non deixará nunca de divertir, de encantar, de despertar a aurora maravillosa do sorriso intelixente e lumioso. Eso, de certo, é xa moito. Pero ¿fica todo ahí? ¿Quedará todo nun puro "divertissement" pascaliano ou acabará levándonos, polas corredoiras mais ou menos divertidas do asombro, a preguntas mais densas, a cuestións de mais calado, á cuestión talvez definitiva?

Preguntas deste tipo resultan sempre perigosas ante unha obra de creación, e máis, se se trata dunha creación tan chispeante e gratuita como a de Cunqueiro. Desde logo, é probable que non deban ser as primeiras, e seguro que non deben ser as únicas. Pero *son*. Non está na man do home o xurdir da pregunta, nin, unha vez xurdida, existen freos que poidan impedir o seu galopar no pensamento.

De feito, anque sobre Cunqueiro se escribiu ainda pouco, demasiado pouco, as preguntas choutaron xa aquí e acolá. E el mesmo non deixou de o percibir e aprobar, porque "a un escritor teñen que importarlle sempre moito as inquisicións sobre a sua obra" [1]. Mais ainda: el en persoa, sobre todo cara ao final da sua escritura, foi multiplicando os acenos, as indicacións e mesmo os interrogantes explícitos: as últimas poesías, por exemplo, e principalmente os últimos discursos constitúen un exemplo impresionante.

Se, pois, este tipo de pregunta pode resultar perigoso, non é de ningún modo ilícito; terá unicamente que ser cauto. Cauto e respetuoso coa polifonía da obra, coa multiplicidade das suas valencias e coa riqueza do seu senso. O reducionismo, si, debe ser evitado. Porque empobrece o texto e reduce a visión, impoñéndolle á obra, desde fóra e de antemán, unha cor, un ángulo e unha profundidade. Tal, por exemplo, parece o risco dunha obra tan meritoria como a de D. Martínez Torrón. O pretender obrigar a que todo xire ao redor da "fantasía lúdica" que é certa e moi importante, cega outros veneiros igualmente certos e, polo menos, tan importantes [2].

[1] Prólogo a D. Martínez Torrón, *La fantasía lúdica de Álvaro Cunqueiro*, Coruña 1980, p. 5.

[2] Afortunadamente a intuición e a sintonía co autor lévano a superar continuamente o cerco da propia tese e o perigo de embarrancar en afir-

Anque tampouco pode tratarse agora de cair, por reacción, no extremo contrario, negando a presencia do lúdico e incurrindo nunha certa mitoloxía da profundidade. O lúdico ten unha presencia masiva e evidente: constitúe o mesmo corpo da obra. O que sucede é que non hai contraposición: a profundidade non nega, senón que se realiza xustamente *en a través do* lúdico. Cousa, polo demais, hoxe ben notoria no mundo do pensamento, tanto filosófico como incluso teolóxico. Sin necesidade de cair en certas banalidades neo-nietzscheanas, a significación do *homo ludens* como apertura á creación artística (*Spieltrieb* de Schiller), cultural (Huizinga), ontolóxica (Fink, Heidegger, Gadamer...), sociohistórica (Garaudy) e relixiosa (Moltmann, Harvey Cox), forma parte do noso patrimonio cultural [3]. Presentir esa profundidade na obra de Cunqueiro é froito espontáneo dunha simple aproximación; confirmala, resulta doado á análise menos esixente.

Non podía ser doutro modo, atopándonos ante unha obra de extraordinario pulo creador, cunha fondura artística e unha capacidade de revelación que non fixo mais que confirmarse co paso do tempo. É ben sabido, además, que a intencionalidade obxectiva dunha creación non sempre resulta patente en tódalas suas consecuencias para o propio autor. Pode que o mesmo Cunqueiro non fose consciente desde o comenzo do significado profundo que se abría na progresiva floración da sua obra. Pero resulta evidente que esa consciencia foi crecendo e madurando nel —que era moito mais reflexivo do que a gracia incomparable da sua aparente inxenuidade deixa ver a primeira vista.

O noso problema consiste en nos apropiarmos o seu descubrimento, en verificarmos as suas valencias; en delimitarmos o seu dinamismo. As presentes reflexións van intentalo, tratando incluso de introducir un certo orde no desenrolo temporal. Porque parece que efectivamente cabe rexistrar un avance, unha dirección e unha posible culminación. Se ben, como mais tarde se repetirá, a consideración ha ser dialéctica, consciente de que a estas profundidades do humano ningún momento se supera completamente nin siquera se conserva sempre tranquilo na forma da sua superación (na sua *Aufhebung*), senón que pode seguir vivo e presente, ás veces moi dorosamente presente nos estadios ulteriores. E Cunqueiro, baixo o primeiro cristal da sua transparente claridade, ben puidera ser un exemplo sobrecolledor dalgunha destas ocultas tensións.

---

macións tan arriscadas como: "lo que nuestro autor trata de hacer es un puro juego de referencias nominales) (p. 80), "la operación que se realiza sobre el mito es una operación de vaciado de significado" (p. 81), "vaciados de su interior, los mitos (...) son una pura referencia cultural" (p. 87), "confluencia de ironía y lirismo, que no buscan nada profundo por otra parte" (p. 128).

[3] Un resume desde o punto de vista filosófico pode verse en J. Ferrater Mora, Juego: Diccion. de Filosofía 2, Madrid 1979, p. 1818-1820, e desde o punto de vista teolóxico en V. Codina, *La teología "dionisiaca"*: Actualidad Bibliográfica 11/21 (1974) 10-34.

Un plantexamento como o que acaba de ser feito pide ante todo detectar o movemento xeral da obra, o amplo costado intencional polo que ela abre a sua perspectiva sobre o mundo. *Fantasía* e *imaxinación* son as primeiras palabras que se ofrecen. Pola finura do seu lirismo, pola humanidade do seu humor, pola máxica e inigualable conexión entre o real e o ideal, esa imaxinación posúe, ademais, unha calidade extraordinaria —"a mais outa imaxinación creadora que eu coñezo", dixo García-Sabell [4]—, situándose nos ámbitos estritos do xenial.

Pode suceder que nalgúns momentos pareza tan só un "divertimento", un xogo gratuito, un recrearse na propia delicia da beleza imaxinada. E xa dixemos que esa é certamente unha constante que nunca desaparece da obra. Talvez sexa mesmo o comenzo inconsciente, o *lila* do xenio xogando consigo mesmo, antes de se descubrir na realidade da propia creación: a primeira obra de Cunqueiro, sobre todo a poética, parece apuntar nesa dirección.

Pero moi pronto o lector descobre algo mais. A través do xogo imaxinativo empeza a traslucir a presencia dun mundo. Un mundo novo e diferente, no que vai cristalizando a intención oculta do xogo, onde se vai revelando o motor secreto que puxo en marcha o proceso creador. É un mundo claro e transparente, flexible ao desexo, aberto á beleza, propicio á felicidade. Desde o meu primeiro encontro —afortunadamente xa case na infancia— con ese mundo intuín que se trataba dun *paraíso*. Un mundo inocente, onde todo é posible porque nel non rixe o principio de contradición, onde se funden a felicidade e a beleza, onde mesmo das accións aparentemente malas desaparece o aguillón da malicia. É o mundo esquecido ou inconsciente da nosa infancia soñada, que agora nos ven devolto na claridade da creación artística. Expresouno moi ben Carballo Calero:

> "engaiola ben axiña ao leitor sin prexuicios, que se sinte mergullado nun mundo máxico, onde recobra a inocencia paradisíaca, e o ben e o mal perden a sua cárrega ética para transformarse en brillantes e deleitosos motivos estéticos. O escritor, como un mago, como Merlín, pode volvernos á inconsciencia da infancia, á irresponsabilidade natural" [5].

O problema está agora en determinar o significado desta constatación. ¿Trátase unicamente dun puro "ludismo", como decía Martínez Torrón; ou de "unha literatura de evasión", de "unha droga alucinóxena que nos transporta a un paraíso artificial", como segue decindo Carballo? ¿Ou tratarase *ademais*, como xa dixemos, de algo mais fondo, dunha auténtica busca de senso, dunha inquisición que, sin diluir para nada a sua cualidade artística, podemos calificar de existencial e mesmo de ontolóxica?

Quen non teña o espírito comesto por un positivismo chato e cientifista, sabe que estas preguntas, a pesar da sua aparencia cho-

[4] *Carta a Álvaro Cunqueiro*, en El Ideal Gallego 25-5-80.
[5] *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, 2.ª ed., Vigo 1975, p. 753.

cante, non son desorbitadas. Quen coñeza a metafísima do "aindanon" de E. Bloch, coas suas análises dos "soños diurnos" (*Tagträume*), sabe ademais que son pertinentes, porque "este tender a unha estrela, a unha alegría, a unha verdade contra a empiria —detrás da sua noite satánica e sobre todo detrás da sua noite do incógnito— é o único camiño de atopar ainda a verdade" [6].

Con todo, volve a pregunta de se eso que se *pode* dar, se dá *de feito* na obra de Cunqueiro. A nosa preocupación ¿non estará cargando de chumbo as alas da sua fantasía, co perigo evidente de a facer cair no chan alleo do concepto? Estamos convencidos de que non, e de que esa preocupación constitúe mesmamente a resistencia kantiana do ar, que sin anular a lixeireza do vóo, lle confire o encanto da fascinación. E, ao mellor, a fascinación nace precisamente de que, como a do ar, a sua presencia non se fai perceptible mais que á observación atenta e coidadosa.

Pero faise. Resulta patente, a medida que crece a obra, o valor de verdade que nela cobra o soño. El é verdadeiramente a *a-lézeia*, a patentización do esencial. Nas duas obras onde culmina a pureza mais lixeira da imaxinación, *Ulises* e *Sinbad*, esta intuición tradúcese en palabra expresa:

> "Agora —dille Sinbad a Sari— tódalas novidás son por mapa e agulla (...) e non atoparás entre os pilotos do Califa de Bagdad un que seipa navegar por soños e memorias, e así *non logran ver nada do que hai*, do que é miragre e fermosura dos mares" [7].

O texto cobra ainda mais forza, lido á luz do que escribira no *Ulises*:

> "—Poliades, ¿qué es lo que es mentira?
> (...)
> —Quizás lo que no se sueña, príncipe" [8].

E mais tarde en *El año del cometa*, nun largo monólogo de Paulos, o tema adquire estatuto reflexivo:

> "¿Quién se atreve a decir que miente el soñador? (...)
> Mentía fácilmente —comenta o narrador—, pero si en un instante se pudiesen recoger todas sus mentiras, las dichas a lo largo de la jornada, nos encontraríamos con un mundo más hermoso y variado, regido por leyes poéticas y exaltadoras de un ritmo más vivaz, andante, los grandes secretos desvelados, el prodigio pronto, transmutadas las edades" [9].

Esta é, naturalmente, unha escolma significativa entre moreas de frases que se poderían achegar e que non fan mais que condensar a atmósfera que rodea toda a obra. Pero se todo esto está ainda envolto pola mesma ficción da que buscamos a intencionalidade e pode deixar unha lixeira sospeita de círculo na reflexión, cabe un paso mais. O mesmo Cunqueiro saiu algunhas veces, non moitas, do cerco máxico da sua arte, para a contemplar inquisitivamente á luz do concepto.

---

[6] E. Bloch, *Geist des Utopie*, 2. Aufl., Frankfurt a. M. 1977, p. 260.
[7] *Si o vello Sinbad volvese ás illas...* (1961), 2.ª ed., Vigo 1980, p. 18.
[8] *Las mocedades de Ulises* (1960), 2.ª ed., Barcelona 1970, p. 76.
[9] *El año del cometa, con la batalla de los cuatro reyes*, Barcelona 1974, p. 82-83.

Desde un ángulo concreto, orientado a unha verdade determinada —a do noso ser galego— en primeiro lugar. No prólogo a *Escola de Menciñeiros* afirma:

> "...nas que van varias que son da miña imaxinación, o que non quere decir que non señan, e no máis 'stricto sensu', reás...".
>
> "O todo é unha pequena viaxe por entre a xentiña de nós, e non dubido de que no espello poidan ter ficado, sorprendidos e por un instantiño, rostos do que chamamos ser galego, da insondabre profundidade do que chamamos ser galego" [10].

E na preciosa carta que en *Xente de aquí e acolá* lle manda a García-Sabell, por entre o mesto feixe das preguntas non deixa de facer trasparecer a mesma seguridade:

> "...son (os retratos) da nosa tribu. Querse decir que hai neles —é a miña opinión— unha onza en cadaqué do ser galego, e repartido entre toda esa xentiña está cáseque todo o andamiaxe do galego" [11].

E mesmo aparece consciente da peculiaridade epistemolóxica —perdóese a inevitable pedantería da expresión —da sua inquisición:

> "Hai quen busca, e fai ben, saber cómo é o galego dende outras realidás, que están máis á man, porque son vivir cotián, pero vou eu e ouso furar no galego deica dar con aquestas leiras segredas" (p. 10).

A consciencia do trascender obxectivo da sua creación resulta, pois, clara e innegable. Pero existe ainda un segundo paso moi importante. Porque Cunqueiro plantexouse a cuestión de xeito formal e con confesada pretensión intelectual, no seu traballo *Imaxinación e creación* [12]. Subtitúlao modestamente "Notas para unha conferencia", mais estas supoñen no autor unha larga preocupación polo tema e unha clara consciencia da sua importancia capital. Empeza rechazando a apreciación pascaliana da imaxinación como "puissance d'erreur", sentando que, polo contrario, "é o fermento necesario de tódalas formas superiores de actividade creadora" (p. 179). Apróbiase a afirmación de Van Gogh de que a deformación estética "siñifica novos valores mais valiosos que os valores reás" (p. 182), e, despois de insistir no "carácter revelador da arte", expón con vigor a sua concepción de fondo:

> "Toda *realidade* pode ser vulnerada, ferida nos mesmos rís, pola imaxinación creadora, que, si o é verdadeiramente, é máxica, i entón sinala que aquela realidade é cambiante, xira súpeta, amosa mil caras, está feita de cen séculos e lugares, convoca ó sol e máis á lúa a un tempo, e sigue sendo unha realidade que o home habita. É decir, o mundo real no que nasce, vive e morre *o home esencial*" (p. 183).

O último suliñado é meu, porque indica ben a intención seria de procura da verdade. Intención que defende incluso polémicamente contra certa literatura á moda —moda "é o que pasa de moda, non hai que deixar de decilo"— e que vai profundizar na sua radicalidade antropolóxica, como aportación á tarefa definitiva da autocrea-

[10] *Escola de menciñeiros* (1960), 3.ª ed., Vigo 1976, p. 52.
[11] *Xente de aquí e de acolá* (1971), 2.ª ed., Vigo 1979, p. 10.
[12] Na revista GRIAL, n.º 2, 1963, p. 179-184.

ción do home, pois el non pode ceder ao que sería a pretensión desa moda: "que lle queda prohibido ó home, non xa tanto o dereito a soñar, coma o dereito a *soñarse,* que é unha cousa incluso diferente e ben mais profunda e importante" (p. 183; suliñado meu).

A SAUDADE DO PARAÍSO

A exposición resulta xa acaso larga e demorada por demais. Xustifícaa a necesidade de asegurar ben o punto de partida de gañar, por así decilo, respeto para a pertinencia e seriedade das preguntas ulteriores. Que, ademais, poderán proceder agora cun ritmo mais rápido.

Porque preguntas xurden nesta altura espontáneas e importantes. Cunqueiro falounos de "ver o que hai", de realidade "mais real", de "home esencial"... Con eso está, evidentemente, buscándolle senso e creando horizontes para a vida do home. A saudade dun paraíso significa, en definitiva, busca da felicidade mais alá da realidade cotiá e aparente, trascendendo os seus límites e contradicións. ¿Qué senso descobre Cunqueiro, qué horizontes dexerga, vixía na altura da sua intuición artística, para o duro camiñar do home?

Xa queda dito que a resposta non vai ser única nin unívoca. Ten, parécenos, estadios e un certo desenrolo no tempo; pero mais que estadios sucesivos, son estratos que se superpoñen con acentos diferentes, creando distintas paisaxes conforme ás distintas vivencias, avatares, gracias ou crises que lle vai ofrecendo a vida.

Hai un primeiro estadio ou estrato, que responde ao optimismo do soño. A realidade, transfigurada na fantasía, tórnase habitable para o home e, a través dos reflexos da beleza na creación artística, brilla para el a felicidade ou cando menos unha promesa de felicidade. É o estrato que mellor responde á caracterización lúdica da sua obra. Ten unha presencia espontánea, festiva e lixeira —pomba dourada no niño novo do vento— na primeira obra poética e mesmo na de prosa, como a recollida en *Flores del año mil y Pico de ave* [13]. Recibe a snua expresión mais madura —madura quer decir que nela está xa presente a sombra da sua imposibilidade— no *Ulises* e no *Sinbad.*

No *Ulises,* polo seu lado mellor e mais claro. Sería preciso transcribir enteiro o maravilloso prólogo para o palpar con claridade. É "a posible parte de ensoños e asombros" de quen sabe que Adán chegou a unha terra que perdera xa "a novedade e a xuventude", pero que cre ainda que

> "toda novedad y primavera penden del corazón del hombre, y es éste quien elige las estaciones, las ardientes amistades, las canciones, los caminos, la esposa y la sepultura, y también las soledades, los naufragios y las derrotas" (p. 7).

Hai a esperanza de voltar á Ítaca-paraíso, e "todo regreso dun home a Ítaca é outra creación do mundo". Non busca nada, talvez

[13] Barcelona 1968.

unicamente a moratoria de vivir algún tempo no encanto da propia creación:

> "Cuento como a mi me parece que sería hermoso nacer, madurar y navegar, y digo las palabras que amo, aquellas con las que pueden fabricarse selvas, ciudades, vasos decorados, erguidas cabezas de despejada frente, inquietos potros y lunas nuevas. (...) Canto, y acaso el mundo, la vida los hombres, su cuerpo o sombra miden, durante un breve instante, con la feble caña de mi hexámetro" (p. 7-8).

O héroe dirá o mesmo con outras palabras: "...y soñaba yo que mientras cantase, la niebla no me envolvería del todo..." (p. 243).

No *Sinbad,* o vello soñador, a melancolía resulta mais patente e a máxima aspiración final é tan só a paz da renuncia: "¡que teña paz!" en eco múltiple e aberto. Sin embargo, a obra —para min a mais maravillosa de Cunqueiro— permanece ainda envolta no encanto da utopía. En definitiva, é Sinbad quen "ve o que hai". Sin sair de Basora, el recorre maravillado o mundo; como vive o amor, sin casar coa viuda. El sería quen —así o comprendeu o "grande señor de Cachemira"— de lles contar "cómo é a luz do mundo" aos cegos de nacemento (p. 62). E de feito realiza o milagre de convertir en vixía da sua nave ao cego Abdalá. ¡Qué profundo simbolismo nesta figura, qué sublimes correspondencias as suas en toda a economía da obra! Hai un primeiro milagre no reino ainda encantado da fantasía:

> "—Lévame de vixía, Sinbad! ¡Non cho digo por burla
> (...)
> Sinbad escoitaba na voz do cego que non era burla o pedido. ¿Non espertara el coa carta do señor de Farfistán? ¿Un que esperte non espertará a todos? ¿El viría unha primavera do mundo? (p. 72).

E hai un segundo milagre, no seo xa do real-aparente fracaso da vida:

> "O cego Abdalá guía ao cego Sinbad da casa do señor piloto deica á fonda" (p. 141).

No conxunto deste estrato dase, pois, unha forte tensión. O tirón utópico do soño, afirmado no optimismo da primeira inxenuidade, vai sendo cuestionado pola dureza da vida, esgazado nos seus cantos duros e inmisericordes. Por eso resulta mais sorprendente que Cunqueiro afirme, a pesar de todo, a sua validez a nivel teórico, adoptando mesmo un ar polémico e unha decisión case voluntarística. No citado *Imaxinación e creación,* do ano 1963, pronuncia a mais clara afirmación do soño e da imaxinación como fonte de utopía e esperanza. Dalle incluso un nome, o "icarismo":

> "Todo soño de home en percura da libertade é unha forma de icarismo, e isto, o mito de Icaro, é unha vocación de entusiasmo, no senso etimolóxico da verba, e polo tanto unha forma de superación, tanto do absurdo cósmico esencial, si é que o hai, como da propia condición humán, cuias raigañas máis vocadas á podredume non teñen porque seren sempre recoñecidas i aloumiñadas na desesperación e na tristura. Polo pronto, a imaxinación sabe que houbo unha Idade de Ouro i un Paraíso Perdido" (p. 184).

Toma, como xa dixemos, postura contra a "moda", afirmando:

> "Defender isto é estar da parte da trabe de ouro, o asento lumioso do Cosmos, é recoñecer que sempre a espranza é posibre ó aventureiro, ó animal 'máis estraño que eisiste' " (p. 183).

E asume unha actitude claramente belixerante:

> "Digan o que digan moitos deses da angustia vital, a sua vocación é a vocación de negadores, e negan dende a pigriza e o medo" (p. 184).

Inxusto Cunqueiro, cáseque como excepción da sua obra, xenerosa e magnánima sempre. A vida ensinaralle a el mesmo a lección. Pero agora conclúe con gracia e entusiasmo:

> "E si hai algo que esteña claro nesta dieta, é que o home precisa en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños" (p. 184).

A PERDA DO PARAÍSO

A afirmación teórica, apoiada sin dúbida na fascinación da propia creación artística e no seu vivaz optimismo vital, non puido, con todo, aguantar a embestida da vaca brava que é a vida. Seguramente Cunqueiro mantívose a maior parte do tempo nun certo equilibrio, no que García-Sabell chamou con acerto "a solución de compromiso entre o pulo da fantasía e o tirón da realidade" [14]. Pero hai momentos, talvez todo un estrato da obra, en que o equilibrio ameaza con se romper cara á desolación, a angustia e a desesperación. O *Hamlet* sería a culminación desta pendente, o fracaso tráxico, "mais devastador, mais tronzador" que o do mesmo Shakespeare [15]. (E cómpre notar que Cunqueiro mesmo recoñeceu que estas páxinas "pra min mesmo foron ben iluminadoras") [16].

Certo que non convén esaxerar. A traxedia de Cunqueiro non é nunca totalmente traxedia. Carballo Calero, que recoñece que "en *Hamlet* a serpente parez ter entrado no paraíso, e non como arabesco barroco, senón como presencia satánica", acaba constatando: "Afinal, a ética é dominada pola estética. A arte recobra a sua autonomía" [17]. Quizais non totalmente, pero é certo, e o mesmo Cunqueiro o confirma:

> "...buscando la atención del oyente, llevándolo cuando es preciso a la situación trágica, para luego hacerle descansar con una nota de humor" [18].

En todo caso, resulta evidente que o costado triste, duro e pesado da realidade se impón nunha boa parte da obra, sobre todo da madura. Martínez Torrón suliñou repetida e acertadamente a tristeza que se vai impoñendo nos finais das fantasías: "Porque hacia el final de sus narraciones, el autor parece transmitirnos una cierta sensación de desconsuelo. (...) como tratando de demostrar

[14] "A grande regueifa dos curandeiros", en *Escola de menciñeiros*, p. 44.
[15] *Ibid.*, p. 41.
[16] *O incerto Señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), en *Obra en galego completa*, I, Vigo 1980, p. 253, nota 6.
[17] *O. c.*, p. 763-764.
[18] Prólogo a D. Martínez Torrón, *O. c.*, p. 5.

la imposibilidad real del sueño" (p. 97-98). E Cunqueiro faise claro eco desta constatación no prólogo que lle antepuxo:

> "Siempre me ha apetecido construir mis narraciones como viajes, o como una confluencia de viajeros en un lugar dado —un *centro*, como Merlín en su casa de Miranda— para llegar a la conclusión de la inutilidad del viaje: Orestes no llega, Sinbad no vuelve al mar en la nave que le construyen los carpinteros de ribera en Basora, Paulos muere cuando regresa y deja de soñar...: Para llegar al final de la soledad y la destrucción, el héroe ha vivido la plenitud humana y soñadora, *tocado* las cosas visibles e invisibles, habitado el misterio con vivacidad, ejercido poderes mágicos como ensueños" (p. 5-6).

O soño non é nunca vencido de todo. Pero intres hai en que parece estar a punto de ceder na loita. En Sinbad esto resulta conmovedoramente visible. Ao repetido "¡non hai, non hai!" de Sari, —"non hai Cotovías", "non hai nada"—, Sinbad oponlle o seu "¡hai, hai!" magnífico pero resignado, cáseque como a súplica do vidente que pide a fe: "—¡Sari, escóitame, hom! ¡Pídocho por favor!", "Sari, tes que crerme. ¿Qué che custa, hom?". E ao final da obra é el mesmo quen exclama: "¡Non hai 'Venadita', meu vixía!" (p. 139). De ahí a pregunta expresa, que resume todo o dramatismo humano da tensión, introducíndoa mesmo no ámbito definitivo do relixioso:

> "Sinbad pasou un brazo por derriba de Abdalá. Tremaba coma unha vara verde. ¿Qué dice o Libro, Señor Alah, Profeta Mahoma, dos soños que escorren día a día do corazón do home? ¿Entraremos no Paraíso cos nosos soños? ¿Pra qué se nos dan, si non son vida? ¿El non poderemos dormir xiquer no Paraíso valeiros, a alforxa valeira, a boca valeira?" (p. 137).

Cunqueiro sabía que o fracaso non é casual, senón que ten algo de estrutural. Sabíao coa sabiduría da creación artística e exprésao belísimamente nunha obra mais ben optimista como o *Ulises*:

> "—¿De qué se hace la nave más ligera para ir a los feacios?
> —De palabras, Ulises. Te sientas, apoyas el codo en la rodilla y el mentón en la palma de la mano, sueñas, y comienzas a hablar (...).
> Pero para regresar, Ulises, la nave de las palabras no sirve. Hay que arrastrar la carne por el agua y la arena" (p. 67).

E sabíao coa sabiduría da vida: "La alegría es siempre moza y al final permanece la muerte", dixo nunha das suas últimas entrevistas [19].

Anque non nolo dixera así, sabiamos que non se trataba dunha mera preocupación estética —se a estes niveis ten algún senso falar así—, senón dunha dramática e lacerante pregunta do home Álvaro Cunqueiro, da sua carne e da sua vida. Sabiámolo sobre todo pola sua última poesía. Dunha maneira ainda contida pola ternura, na forma da pregunta indirecta, cando enfrenta a frustración do fracaso amoroso:

---

[19] Feita por M.ª Luisa Brey e publicada na rev. VIDA NUEVA, n.º 1.256, 13-12-1980, p. 27-29.

"Así dirá Deus: Pastor, voute vestir de luz
a terra que asosegas coas tuas ovellas pardas
vouna despertar
facéndolle volver o enrugado rostro
cara onde nace o día.
(...)
Mollas na fonte os ollos e polos teus soños
coas mans valeiras pregúntaste
cómo matinabas ter deitada unha muller ao teu carón
tal un longo camiño ou un calado lume.
(...)
pro gastarás o día, a noite e maila morte
sin atopar endexamais no chan o anelo de ouro.
Quizaves para esto non facía falla
que Deus te despertase e fixese a luz" [20].

Dunha maneira desgarrada e totalizante, cando enfrenta a frustación da existencia como tal. Neste senso a poesía *Acolá están as illas* merecería unha análise detida. Indiquemos tan só que nela se dan os motivos fundamentais e a sua articulación en dialéctica negadora da vida e da felicidade. O *motivo inicial* do soño: illas que voan sobre o mar (¿alusión cifrada a Sinbad?), pombas de auga, amieiros de pruma, lúa tirada por peixes de prata... A sua *intención profunda*: eses inventos tratan de paliar a insuficiencia do mundo. O seu *fracaso*: distracción, mentira..., expresado nos versos arrepiantes, dunha beleza case agresiva, que preceden aos dous finais. Val a pena lelo enteiro:

"Acolá está nas illas. Paso a man polo lombo do vento
que mas deu coma un can no monte da perdiz
agardo que se ergan e voen sobre a mar.

A alma anda nestes inventos porque non lle non abonda
o que é como é do mundo
quixer facer pombas con auga e amieiros de pruma
en vez do carro que polos camiños do monte
baixase cantando a lúa arrastrada
por un tiro de peixes prateados.

—Pro estes inventos soio sirven
pra distraer a alma das suas contas,
tanto de amor e de bágoas, dez por cento
de perdidos amores, e oitenta de soedade
que a vistes áspera coma unha camisa de estopa
e queres por unha ollada de seda no mencer
e non a tes, veciño da tristura e do medo
a mitade de ti morto sin enterrar
pra que a outra mitade se decate.
Entón disimulando canto, e coas mentiras
fágome unha sorrisa de xardín en festas" [21].

O PARAÍSO RECUPERADO NA ESPERANZA

Verdadeiramente a expresión é tan forte, que un ten que se preguntar se pode agromar ainda unha herba de esperanza entre tan desolada ruína. Tal parece que a experiencia do fracaso tivese anulado o ímpetu inicial, destruído astra os alicerces o paraíso e comes-

[20] *Obra en galego completa* I, p. 175-176.
[21] *Ibid.*, p. 167.

to toda a forza do soño. ¡Qué lonxe daquela sumaria descalificación —simple medo e pigriza— dos despectivamente chamados "eses da angustia vital"!

Sin embargo, a desesperación non é de ningún modo a última palabra de Cunqueiro. Sabémolo xa *a priori* pola persistencia dos diversos estratos alí mesmo onde os opostos parecen triunfar con mais forza: igual que o entusiasmo utópico non lograba eliminar de todo á melancolía, tampouco a negrura do fracaso consegue apagar de todo a luz da esperanza. E confírmao *a posteriori* o texto da obra.

A mesma poesía, en primeiro lugar. Ainda mantendo o dramatismo, revélanos algo fundamental: o fracaso non é do home enteiro, a mitade morta debe ser tomada á letra: é só eso, unha *mitade;* a outra segue viva e aberta á luz:

"Ese alguén de meu que nunca volve
á auga da infancia
sin saber sair do laberinto.
Ese que é outro home que eu levo
derrubado sobre min
(...)
En balde lle digo que hoxe recollen
as coloradas mazáns
e que hai que buscar as que caen entre a herba.
Verdadeiramente é como levar un morto
(...)
Pro o eu que vive e anda
resiste e non esquece ren,
despedíndose farto de vida
cando a vida de meu e maila sua acaben.
Pro eu resucitarei que soio volven
os que recordan, compañeiro" [22].

O tono non está tan poéticamente logrado como no poema anterior, nin é tan claro tampouco. Pero como testemuño resulta irrefutable. Se a afirmación inicial foi rota pola forza da negación, tamén a negación aparece agora negada pola persistencia da afirmación nunha nova esperanza. ¿Qué figura concreta tomou en Cunqueiro esa esperanza pasada polo lume da negación?

Aparece unha palabra clave: *resurrección.* Pero o entorno simbólico dentro do que se ofrece non apreta suficientemente a irradiación semántica. Imposible determinar o seu significado preciso. Pero o motivo é importante. Outro poema, o que dá título á última colleita, *Herba aquí ou acolá,* volve sobre el, explicitándoo. O tono claro, o simbolismo optimista e aberto fan presentir na transparencia da vestidura poética un significado trascendente. Veleiquí o final:

"Todo pende en que ún esteña morto
e queira volver ao val e á noite
esmola de home, pasteiro comunal
onde brancas ovellas alindadas por unha vella
pacen seguido sin erguer a cabeza
sin decatarse de onde ven a herba
que moen e remoen os dentes apertados.

[22] *Ibid.*, p. 181.

Sin decatarse da resurrección da carne de Álvaro Cunqueiro,
un novo corpo limpo que soñaba co vento
—beira dun río, quizaves,
ou nun alto—" [23].

Relembraría Cunqueiro aquelas enternecedoras palabras de Castelao, nas que o rianxeiro trataba de unir —con xustísima intuición teolóxica— resurrección trascendente e vinculación á terra, acudindo á mesma comparación da herba? [24]. Con todo, a apertura simbólica permanece, e literariamente non debe ser reducida. Todo o mais cabería un intento de a completar con outras aportacións, das que agora recordo unha significativa, anque igualmente aberta:

"Si chegase a xuntar nun, nun pronto, todos os soños seus, este home resucitaría. Quizaves este seña o grande segredo da vida futura i eterna" [25].

Pero se o artista non pode ser completamente desarraizado da sua vida, sería inxusto pechármonos agora nun reducionismo literario. O texto literario, ao menos para a determinación das suas intencionalidades últimas, debe ser tamén lido no contexto da vida onde nace. E entón non cabe dúbida: esa resurrección é a cifra do último estadio ou estrato ao que se abre a intencionalidade profunda da obra: o da esperanza trascendente.

Non é cousa de entrar aquí na difícil cuestión acerca de se cabía outro camiño, distinto do trascendente, para a superación do inevitable fracaso da utopía no seu choque contra a dura realidade da vida —problema clave, por exemplo, nun pensamento tan lúcido e creadoramente utópico como o de Ernst Bloch [26]; e, en xeral, problema decisivo en toda pregunta humana polo sentido [27]. En todo caso, Cunqueiro escolleu —ou foi escollido por— ese camiño. Quedan, polo menos, tres testemuños impresionantes: a citada entrevista á revista Vida Nueva e os seus dous derradeiros discursos, no homenaxe de Vigo e no Pedrón de Ouro na casa de Rosalía [28].

Sobraría aquí unha análise detallada. Interesa, en cambio, salientar aqueles aspectos que enlazan coa dialéctica profunda de toda a obra e axudan a comprender a configuración íntima do que chamamos o seu último estadio.

Hai na entrevista unha serie de afirmacións —por mor da brevedade, abonda transcribilas telegráficamente, e permítaseme dalas traducidas—, que patentizan con enerxía tanto o *feito* dese estadio

[23] *Ibid.*, p. 179-180.

[24] "Cómo lle queremos á Terra! De min sei decirvos que si despóis de morto tivese que voar máis alá das estrelas visibles, para ir a un ceo tan lonxano da Terra, que nunca máis poidera vela, de boa gana renunciaría á inmortalidade, para rematar a miña vida debaixo dunha laxe e convertirme en herbas ventureiras" (*Sempre en Galiza*, Buenos Aires 1961, p. 46).

[25] *Comenzando por un morto*: GRIAL n.º 41, 1973, p. 323.

[26] Cfr. unha boa exposición da problemática en J. L. Ruiz de la Peña, *Muerte y marxismo humanista*, Salamanca 1979.

[27] Cfr. unha rigurosa exposición sinténtica en E. Schillebeeckx, *El criterio de correlación. Respuesta cristiana a una pregunta humana*, en "La interpretación de la fe", Salamanca 1973, p. 115-153.

[28] Editados na rev. ENCRUCILLADA, n.º 22, 1981, p. 126-129.

como a sua íntima *conexión e coherencia* coa intención profunda do seu impulso creador. Parte da afirmación básica: "son un home esencialmente relixioso", e dunha consecuencia fundamental: "eu son un rezador". E ao redor dela vaise creando unha atmósfera que mostra cómo a figura concreta desa fe cristaliza xustamente sobre os materiais que constitúen o específico da sua visión estética e do seu estilo humano. Sometendo o orde da entrevista á arquitectura do proceso lóxico, serían: "non creo racionalmente" e "o mito para min ten a sua gran dimensión como explicación da alma humana"; "o cristianismo é unha relixión de símbolos e de misterios", "todo me parece tan normal": "si, é xusto e necesario, é bo e fermoso que esto sexa así". Adrede, ficou aparte unha afirmación inicial, pois nela resulta posible ver ainda mais clara a conexión con toda a obra mediante o que antes chamabamos determinación relixiosa do simbolismo estético. García-Sabell no prólogo á *Escola de Menciñeiros* —lido, meditado e querido por Cunqueiro— fai esta afirmación acerca del: "Xustamente por sere un inmenso 'creedor' é un estupendo 'creador' " (p. 37). Martínez Torrón, sin referencia a este prólogo pero con idéntica intención, recorda a frase de Unamuno: "creer es crear" (p. 48). Pois ben, Cunqueiro abre a sua entrevista decindo: "En efecto, Deus quezais non apareza na miña obra dun modo nítido. Non me plantexei nunca o problema de escribir unha novela, conto, etc., cun fondo relixioso, pero creo que nela está patente que *son un gran creedor*" (suliñado meu).

Os discursos son ainda algo mais. Representa a síntese viva, a figura acabada, a radiación en gracia, gloria e beleza do que foi, do que chegaron a ser o artista Cunqueiro e o home Álvaro Cunqueiro. Persoalmente xa teño escrito sobre este tema e non quixera repetirme agora [29]. Indicar tan só a unidade, xa indiscernible, de obra e vida; a sensación de clara, serena, profunda e definitiva verdade; a madura e última sabiduría traducida en gratitude, aceptación, alabanza e acción de gracias; a transparencia cara a Deus do mais querido das creaturas —amigos, terra, lingua, Galicia...— e reversión sobre elas da intensidade suprema do sagro: "se a miña obra ten un sentido, teno no meu desexo profundo, na miña aspiración mais fonda, en algo polo que eu daría a vida, que é que a nosa lingua continúe, que Galicia siga" (p. 129).

Desde xeito o último estadio patentízase como síntese e auténtica superación dos anteriores. Non simple negación: o impulso primeiro perdeu a inxenuidade do seu optimismo inicial, pero segue presente na serenidade do novo compromiso; a crise ulterior perdeu o seu aguillón, mais segue presente na aceptación, que non se resigna, pero que, renunciando ao narcisismo do desexo, conta cos límites da realidade. A intuición artística deixa de ser utopía irreflexa, máxica ou caprichosa, para se convertir en promesa, que mais alá da superficie descobre os signos dunha realidade mais alta, non

[29] *Cunqueiro, flor de Galicia*: ENCRUCILLADA, cit., p. 121-125.

xa inventada, senón *reservada* pola Creación que é fonte de toda creación. O primeiro paraíso convertíuse, efectivamente, nun paraíso perdido, pero reaparece como paraíso recobrado. Retomando a terminoloxía de Cunqueiro, cabería decir que o inicial *icarismo* se tornou *esperanza*. Esperanza cristiá, da que el, bo lector de Péguy, sabe que é fráxil como unha nena —"petite fille espérance"—; pero tan invencible, que "asombra" ao mesmo Deus, e tan forte, que "fai andar o mundo enteiro".

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA
Santiago de Compóstela

A POESÍA GALEGA DE ÁLVARO CUNQUEIRO

A Francisco F. del Riego

A poesía ocupou un lugar fundamental na vida e na obra de Álvaro Cunqueiro. Abonda con lembrar que desde que publicara en verso os seus tres primeiros libros non deixou nunca de cultivar o xénero, por máis que na postguerra escribira predominantemente en prosa.

Agora ben, a diferencia do que ocurre coa sua obra en prosa, a maior parte da produción poética de Cunqueiro publicada está escrita en lingua galega. Realmente, pódese decir que o galego foi a lingua poética de Cunqueiro durante toda a sua vida, fora do libro *Elegías y Canciones* [1] e de poemas soltos espallados por libros, revistas, folletos e separatas como o "Soneto a José Antonio" [2], o *Rondeau en loor de un botánico del siglo XVIII que regresa de Zipango y Catay y todas las Indias* [3] ou a *Crónica de la derrota de las naciones (fragmentos)* [4].

Non obstante, non hai ruptura literaria algunha entre a sua poesía galega e a sua poesía castelán. Por este motivo, sendo consecuentes co criterio de fidelidade ao escritor, nunha análise global da obra poética de Cunqueiro deben ser consideradas conxuntamente e por igual a sua producción galega e a sua produción castelán. Anticípase pois que a presente aproximación é deliberadamente parcial, xa que pese a ter sempre presente como complemento inevitabel a sua poesía en castelán, cinguirase exclusivamente á produción galega desde unha perspectiva histórico-literaria.

As obras poéticas publicadas por Cunqueiro en galego son, antes da guerra civil, *Mar ao Norde* [5], *Poemas do Sí e Non* [6] e *Cantiga Nova que se chama Riveira* [7]. Despois da guerra publicou *Dona do Corpo Delgado* [8], reeditou con poemas novos *Cantiga Nova que se chama Riveira* [9] e recolleu, na sua *Obra en galego completa* [10], *Her-*

[1] Barcelona, Editorial Apolo, 1940. A obra foi prologada por Eugenio Montes, de semellante evolución ideolóxica e actitude política que Cunqueiro naqueles anos.
[2] *Corona de sonetos en honor de José Antonio Primo de Rivera*, Ediciones Jerarquía, Editora Nacional, 1939.
[3] Luarca, José Ramón, 1951.
[4] La Coruña, Lit. e Imp. Roel, separata da revista "Atlántida", 1954.
[5] Santiago de Compostela, Edicións Nós, 1932.
[6] Lugo, Ediciós Un, 1933. O libro foi ilustrado por Luis Seoane.
[7] Santiago de Compostela, Ediciós Resol, 1933.
[8] Pontevedra, Colección Benito Soto, 1950.
[9] Vigo, Edicións Monterrey, 1957. Ilustración de Luis Seoane.
[10] Vigo, Editorial Galaxia, 1980.

ba aquí e acolá. Todos estes títulos figuran pois na devandita *Obra en galego completa,* na que Cunqueiro suliña que foron feitas modificacións lingüísticas variadas —sobre todo ortográficas, morfolóxicas e léxicas— ainda que se respetou sempre o aspecto literario. Por estes motivos, citarase a través desta edición definitiva. Non obstante, como sempre ocurre nestes casos, esta *Obra en galego completa,* non é completa. Quedan fora moitos poemas dispersos pola prensa, polas antoloxías e por opúsculos varios, como por exemplo o célebre poema a Hölderlin [11]. Estas ausencias, nalgún caso moi lamentabeis, fan que ás veces haxa que botar man de textos non incluídos na *Obra* en cuestión se se quere ter presente toda a produción poética cunqueiriana e non só a publicada en libro, que é a que se recolle nela.

De todolos xeitos, seguirase aquí o itinerario bibliográfico do autor seguindo a sucesión cronolóxica da sua publicación.

1. 1932: MAR AO NORDE

O primeiro poemario de Cunqueiro adscríbese plenamente á literatura vanguardista, que tantos cultivadores tivo nos anos 20 e 30. Como é sabido, o máis importante e celebrado foi sen dúbida Manoel Antonio —máis ben próximo ao ultraismo e, sobre todo, ao creacionismo—, pero foron moitos os poetas que ensaiaron o verso vanguardista. Por exemplo, no ronsel ultraista cabe mencionar a Emilio Mosteiro, autor de unha especie de jarchas que incluíu ao final dos seus poemas casteláns no seu libro *Ancla* 1926, ademáis dos "Alalás" de *Poemas sincopados* (1929), e a Euxenio Montes, que combinou o hilozoismo de Amado Carballo co vanguardismo en *Versos a tres cás o neto* (1930), título que lembra aos *Pomes Penyeach* (1917) de James Joyce, literalmente traducíbel como *Mazás a penique cada unha.* O hilozoismo está tamén moi presente en *Fírgoas* (1933), de Manuel Luis Acuña, onde se teñen detectado rasgos cubistas. Outro poeta nun comenzo en sintonía co hilozoismo foi Aquilino Iglesia Alvariño, que parece aproximarse ao surrealismo en *Corazón ao Vento* (1933), título homólogo a un verso de *Capitale de la douleur* de Paul Eluard, ainda que poidan rastrexarse contactos con vanguardismos diversos. Este último é tamén o caso de Ricardo Carballo Calero en *Vieiros* (1930) e o *Silenzo axionllado* (1934), ainda que a maior envergadura conceitual destas obras trascenda calquera encadramento.

Neste contexto, xurde a poesía vanguardista de Cunqueiro. Dunha banda, a temática mariñeira de *Mar ao Norde* —dabondo literaturizada e libresca— fai lembrar *De Catro a Catro* (1928), ainda que a simplificación e o hermetismo da expresión cunqueiriana non parecen ter moito que ver coa fondura do poeta rianxeiro. Por outra banda, o creacionismo de Manoel Antonio non sintoniza tampouco coas liñas xeométricas e sintetizadoras de *Mar ao Norde.*

[11] Santiago de Compostela, 1950.

Por este motivo, Ricardo Carballo Calero ten dito que *Mar ao Norde* é máis cubista que creacionista. E, efectivamente, a heteroxeneidade dos elementos unidos no poema, a fragmentarización da realidade, a partición liñal de sombras e luces, son rasgos caracteristicamente cubistas:

> Toda ela é invención das cousas:
> tres espellos xustos
> e tres escuridades,
> nube, sombra. (p. 15)

> Unha, duas, tres: A lancha
> enchen de sombras, áxiles e nítidas.
> sob de ti voan: craras,
> navegantes,
> tibias.
> Catro, cinco, seis. Gueivotas (p. 19)

Non obstante, Carballo ten dito que hai algúns versos en *Mar ao Norde* que poderían aproximarse a Manoel Antonio:

> Tamén o mar, hoxe,
> ten a ialma chea de madureza.
> —Óuveselle a adolescencia
> no vidro do ár
> chea de anacos de vísperas
> e de intactas navegacións escuras (p. 21)

De calquera xeito, estas aproximacións son anecdóticas, nunca esenciais, e máis ben lembran a aquelas outras seródeas epigonías que tivo Manoel Antonio na postguerra: *Tempo de outono e outros poemas* (1964) de Xosé M.ª Castroviejo e os poemarios recollidos en *As Dornas da Preguiza* (1963) de Ánxel Sevillano.

En suma, *Mar ao Norde*, poesía xeométrica e fría, parece sintonizar co espírito de certos pasaxes de *La deshumanización del Arte* (1925) de José Ortega y Gasset, así como cos resultados estéticos desta teoría. A vida, sobre todo a humana, está ausente nestes versos e cando aparece faino dun xeito fuxidío, como indica Carballo que é a escasa presencia femenina:

> Cara a lua
> vas indo, pequeniña e nua. (p. 22)

> Teus muslos xa non cheiran
> a cancións agrestes. (p. 23)

2. 1933: CANTIGA NOVA QUE SE CHAMA RIVEIRA

Con esta obra inicia Cunqueiro a sua liña neotrovadoresca, unha das varias tendencias que seguíu o seu verso, ainda que tópicamente veña sendo considerada como a máis representativa do autor. O neotrovadorismo naceu nun clima de fascinación pola descoberta e divulgación dos Cancioneiros medievais galegos nos sécu-

los XIX e XX, especialmente arredor do profesor Armando Cotarelo Valledor e de mozos universitarios daquela como Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey, Ricardo Carballo Calero ou o propio Cunqueiro. Téñase en conta que, pese a que a divulgación dos Cancioneiros comenzou no século XIX, non foron coñecidos a nivel xeral hastra que J. J. Nunes editou en Coimbra as Cantigas de Amigo en 1928 e as de Amor en 1932. Somente a partir destas datas xurde o neotrovadorismo como unha tendencia xeralizada.

Cecais, a primeira tentativa neotrovadoresca proveu do ensaísta e pensador Xohan Vicente Viqueira, que arredor de 1920 ensaiou esta forma poética no "Poema da vida", recollido logo en *Ensaios e Poesías* (1930). Mais o auténtico iniciador da tendencia foi o erudito e investigador Fermín Bouza Brey que, cunha dimensión arcaizante e libresca, cultivou esta liña nos anos 20, como mostran as "Lelías ao teu ouvido" (1926). Bouza pasou por ser o creador do neotrovadorismo e o autor do seu primeiro fito: *Nao Senlleira* (1933). Tras el destacaron —tamén antes da guerra— certos poemas de Ricardo Carballo Calero (así como algúns rasgos do seu libro *Vieiros*, xa citado). *Primeiras cantigas de amigo* (1936) de Xosé Díaz Jácome e, sobre todo, *Cantiga Nova que se chama Riveira*.

Con este libro, Cunqueiro convertíuse no máis celebrado representante do movimento e sen dúbida no que máis lúdicamente se compenetrou co espírito trovadoresco, dotándoo dunha baril gracia poética. Mais a razón da diferencia de tono entre Bouza e Cunqueiro pode ser algo máis que unha consecuencia das suas diferencias de temperamento. Neste sentido, penso que non sería arriscado suxerir que a diferencia entre a pesadez arcaizante de Bouza e a fluidez levián de Cunqueiro radica en que aquel estaba realmente mergullado nos Cancioneiros medievais, mentras que este estaba notoriamente influído polo neopopularismo que puxera de moda en castelán a Xeneración do 27.

Como é sabido, por aqueles anos, algúns poetas da Xeneración do 27 como Rafael Alberti, Federico García Lorca ou Emilio Prados, puxeran de moda o chamado neopopularismo, xurdido do deslumbramento producido polo folklore popular e pola descoberta da poesía de Gil Vicente, Juan del Encina e Lope de Vega. En efeito as pescudas folkloristas de Lorca e Alberti aproximaron moito a estes autores á poesía popular; agora ben, do mesmo xeito, aproximáronse aos esquemas métricos tradicionais a través dos poemas de Lope de Vega reunidos por José F. Montesinos —que mostrou a Lorca e a outros mesmo antes da sua publicación nos Clásicos Castellanos da editorial Espasa Calpe— e, por suposto, a través de Gil Vicente e de Juan del Encina. Non se esquenza que o gilvicentismo fixo furor naquel tempo nen que nunca se prestou tanta atención erudita aos Cancioneiros, sobre todo a partir da Escola de Ramón Menéndez Pidal e do Centro de Estudios Históricos ao que, además, pertencían Lorca e Alberti. (Tense sinalado un parecido interés cara esta pescuda da tradición poética por vía erudita poñendo

como exemplo o gosto pola primitiva lírica italiana —concretamente por Guido Cavalcanti— de T. S. Eliot e pola italiana, provenzal, española e china de Ezra Pound. Non obstante, o espírito e a estética destes poetas é radicalmente do neopopularismo español: nada ten que ver o levián simplismo da Xeneración do 27 co pesado collage intertextual de elementos arcaicos, exóticos e eruditos de Eliot ou Pound. Por suposto, o neotrovadorismo galego está moito máis próximo da alternativa española).

Cunqueiro, sensíbel ás Cantigas galego-portuguesas publicadas por Nunes non debeu tampouco ser insensíbel ao neopopularismo gilvicentino da Xeneración do 27. De feito, a combinación básica de imaxe vanguardista máis esquemas métricos tradicionais é común a *Cantiga Nova...* e as principais obras de Lorca e Alberti nesta liña. (Non casualmente esta obra figura como ganadora dun "Premio Gil Vicente" de 1933 en certos inventarios biobibliográficos). Véxase algúns exemplos:

Hai unha illa loubada
alá no fondal do mar.
Ten bois da color do tempo
e pastoral de cristal. (p. 49)

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quen poidera namoralal (p. 55)

Moitos rasgos semánticos son comúns a *Cantiga Nova...* e ao anterior *Mar ao Norde*. Pénsese, por exemplo, no inxenuismo desta cantiga:

Na nao do mar laranxa
anda a noivar.
Seus amores pequeniños
non os contar.

Porase coloradiña
hastra o van.
E tapará os dous ollos
con unha man.

Anda a noivar.
Non o contar! (p. 56)

3. 1953: POEMAS DO SÍ E NON

Esta é, sen dúbida, a principal obra específicamente vanguardista de Cunqueiro, pero, ao mesmo tempo, a de máis difícil concreción. Tense repetido que este poemario é o resultado da impresión que causou ao poeta a leitura de Paul Eluard e non pode negarse que a libertade total do poeta francés tivo que deslumbralo,

mais estes versos teñen pouco de surrealistas en sentido estricto. Diríase máis ben que a liña vanguardista seguida por Cunqueiro neste libro é, simplemente, a da libertade, tomando elementos de todos os ismos —de toda a literatura— que coñeceu.

O mimetismo de Cunqueiro, sempre evidente, acada en *Poemas do Sí e Non* unha dimensión case dominante. Abonda con lembrar os ecos sinalados por Carballo, moi ben situado cronolóxicamente para seguirlles a pista, desde o título —baseado no Sic et Non de Pedro Abelardo— hastra as paradoxas extraídas da novela *As Cidades e os Anos* de Constantín Felin, polo visto moi lida na época. Estas paradoxas afectan, además, a algúns dos versos máis felices do libro:

> En canto a tristeza, os dous éramos alegres (p. 73)
> En canto ao viño, ela bebía auga (Victor Hugo)

Ela estaba lonxe de todo. Todo estaba ao seu carón (p. 82)
Todo estaba diante de nós. Nada estaba diante de nós (Ch. Dickens)

Outra importante presencia é a de Manoel Antonio, que Carballo concretou nuns célebres versos:

> Ela andaba á beira da sua fiestra, tan cursi!
> que tiña laranxas verdes e un abano con paxaros. (p. 81)

> Noiva miña, vestida de lua
> que romantizas, ¡tan cursi!, polo xardín. (Manoel Antonio)

Mais non foi Cunqueiro o único poeta fascinado polo "¡tan cursi!" manoelantoniano. Concretamente, un poeta deudor de ambos autores, Xosé Luis Méndez Ferrín, repítea no poema "posturas pra copular en homenaxe", do libro *Con Pólvora e Magnolias* (1976):

Ponte para sair a saia nova
e, tan cursi polo xardín, naceranche nos ollos luas, vésporas e un [xerriño de mel.

Ainda que alterna, según os poemas, o tipo de verso, en *Poemas do Sí e Non* predomina o verso longo, feito que ten sido relacionado co versículo da sección "Huésped de las nieblas" de *Sobre los Ángeles* (1929) de Alberti e cos *Veinte Poemas de Amor y una Canción Desesperada* (1924) de Pablo Neruda. Mais o inxenuismo case naif que domina no libro de Cunqueiro convírteo en algo moi distinto. Este inxenuismo característico é tamén quen suaviza o posíbel tono elexíaco e que distorsiona case absurdamente cando de anecdótico poidera subxacer:

> Ela andaba a facer un ángulo agudo coas pontas dos seus mesmos pés. (p. 79)

> Ela xa non cabía nunha tarxeta postal. (p. 79)

Homenaxe a Cunqueiro de Manolo Prego

Ela tiña unha alma inxel chea de pontas de dedos
e no branco dos ollos levaba un horizonte de tangos de acordeón.

Ela andaba a namorar (p. 81)

El andaba a andar. (p. 88)

4. 1950: HÖLDERLIN

En 1950, Cunqueiro publicou un folleto con varios poemas de Hölderlin traducidos ao galego, aos que engadiu unha representación e un poema seu en homenaxe ao lírico alemán. Non obstante, o dito poema parece datar xa de 1934, ano no que publicou tres poemas traducidos e unha nota sobre Hölderlin na revista "Nós", así como un folleto solto.

Según Miguel González Garcés, Cunqueiro descobriu a Hölderlin a través do libro *"A loita contra o diaño"* (1925) de Stefan Zweig, ensaio comparativo —paralelo no sentido de Plutarco— de Hölderlin, Kleist e Nietzsche. Está pois moi lonxe este Hölderlin que Cunqueiro traduciu e ademirou do que estudaran e ademiraran metafísicos como o poeta Rilke ou o filósofo Heidegger. Cunqueiro viu a Hölderlin ao romántico, ao idealista e, sobre todo, ao personaxe tráxico máis que ao verdadeiro poeta.

O poema que lle dedicou ten como estribillo o verso "Namentras a vaca do vento muxe", tan semellante ao "Vento muxe, como unha vaca" que Federico García Lorca incluiría en "Canción de cuna para Rosalía de Castro, morta", un dos seus *Seis Poemas Galegos.*

5. 1950: DONA DO CORPO DELGADO

Este libro consta de tres partes moi diferenciadas: "Dona do corpo delgado", "Duas elexías" e "Cantigas do amor cortés".

En "Dona do corpo delgado" aparecen tres poemas, respectivamente, en versos aleixandrinos, endecasílabos e heptasílabos. Esta tndencia métrica, inédita en Cunqueiro, relaciónao co clasicismo aparecido na poesía de postguerra, paralelo ao tradicionalismo castelán da revista *Garcilaso* e seguidores. O clasicismo, sin apenas tradición en Galicia desde Eduardo Pondal e os seus epígonos decimonónicos, caracterizouse polo intenso cultivo do endecasílabo branco e demáis formas métricas ao uso —especialmente o soneto— e por un tono sereo e ponderado, que se ben pode resultar monótono, tamén pode ser mostra ás veces dun maduro equilibrio expresivo. A temática predominante —a diferencia do garcilasismo castelán— foi sempre íntima, cotián ou relixiosa.

Entre os cultivadores desta liña destacaron Aquilino Iglesia Alvariño, humanista que introducira xa endecasílabos brancos en *Cómaros verdes* (1947), *De día a día* (1960), *Nenias* (1961) e *Lanza*

de soledá (1961), especie de testamento espiritoal que publicou pouco antes de morrer, contendo tamén sonetos. Paralelamente, Ricardo Carballo Calero, que xa utilizara o endecasílabo branco en *O silenzo axionllado* (1934), misturou o clasicismo co vangardismo en *Anxo de terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952) e *Salterio de Fingoi* (1961). De 1953 data o poemario *Canle Segredo* de Xosé María Álvarez Blázquez, non publicado hastra 1976 e que, polo tanto, non tivo unha presencia activa na evolución da tendencia. Rasgos clasicistas hai tamén nos endecasílabos e heptasílabos de Celso Emilio Ferreiro en *O Soño sulagado* (1955); nos versos brancos e sonetos de Manuel Casado Nieto *O ronsel do meu silencio* (1956); nos sonetos de *Escolanía de merlos* (1959) e nos endecasílabos brancos de *Poema das materias sagras* (1960), ambos poemarios relixiosos de Faustino Rey Romero; en certos elementos de *Nimbos* (1961) de Xosé Díaz Castro; nos versos brancos de *Pombal* (1963) de Xosé Díaz Jácome, etc., Cunqueiro sitúase pois en liña cunha grande parte dos poetas galegos do momento, coincidentes co que daquela se facía na poesía española, ainda que dunha forma tímida e pouco abondosa.

En "Duas elexías" —dedicadas a Feliciano Rolán e Manoel Antonio— aparece dun xeito amargo e consciente unha fonda preocupación pola morte e polo paso do tempo. As resoancias e coitas destes versos non impiden facer notar un dramatismo existencial en sintonía xa co movimento existencialista que a través da chamada Escola da Tebra e de poetas intimistas aillados —influidos polo xeral por Luis Pimentel, por Vicente Aleixandre e polo Dámaso Alonso de *Hijos de la Ira* (1944)—, dominaría na poesía galega dos anos cincuenta.

En "Cantigas do amor cortés", según Cunqueiro escritas antes de 1936, reanuda o neotrovadorismo. En realidade, o neotrovadorismo renaceu na postguerra da man dos seus cultivadores de preguerra e doutros novos. Así, en 1942, o erudito e investigador Xosé Filgueira Valverde publicou na revista navarra Albor "Seis canciones del mar in moto antico", reprodución case arqueolóxica das formas inmóveis da lírica medieval, así como na revista madrileña Insula o artigo "El retorno a la forma inmóvil de la lírica gallega" en 1959. Seguidamente, Cunqueiro publicou o libro que nos ocupa (1950) e reeditou con poemas novos *Cantiga nova...* (1957), Fermín Bouza Brey mostrou en *Seitura* (1955) ecos da sua poesía anterior e Xosé Díaz Jácome repetiu este caso en *Pombal* (1963).

Mais axiña se chegou ao extremo de que case non houbo autor postbélico que non sofrira a influencia neotrovadoresca, como pode verse nos libros seguintes: *Jacobusland* (1942), *O ronsel verdegal* (1964) e *Serán* (1974) de Emilio Pita; *Cómaros verdes* (1947) de Aquilino Iglesia Alvariño; *Follas dun arbre senlleiro* (1951) de Manuel Fabeiro; *O soño sulagado* (1955) e *Cantigas de escarnio e maldecir* (1968) de Celso Emilio Ferreiro; *Cancioneiro* (1956) de Eduardo Blanco Amor; *Os namoros* (1961) de Ramón González Alegre;

Alén (1962) de Augusto Casas; *Versos florecidos en loubanza de Foz* (1967) de Manuel María; *Os Eidos - 2* (1974) de Uxío Novoneira e un larguísimo etc. De entre os novos cultivadores, o máis destacado foi cecais Xosé María Álvarez Blázquez, autor —co seu irmán Emilio— de *Poemas de Ti e de Min* (1949) e —xa só— de *Roseira do teu mencer* (1950) e do célebre *Cancioeiro de Monfero* (1953), irónica reproducción erudita de impecabel factura técnica que chegou a ser confundida cun auténtico cancioneiro do século XIII. Próximo a esta tendencia está tamén Ernesto Guerra Da Cal, ainda que cunha notabel dimensión cultural, sentimental, existencial e mesmo ontolóxica en *Lua de Alén Mar* (1959) e *Rio de Sonho e Tempo* (1963).

Nesta sección de *Dona...*, Cunqueiro aproxímase moitos máis á tradición medieval galego-portuguesa do que o fixera en *Cantiga Nova...*, tradición por vez primeira na sua obra explícitamente presente a través da citación expresa de Airas Nunes. Ainda así, os ecos neopopularistas castelanizantes son tamén evidentes.

Mención aparte merece a presencia de dous rondeaux ceibes, con estribillo de François de Villon e de Airas Nunes respectivamente, sobre duas obras de arte medieval de tema femenino ubicadas en Vilar de Donas e San Xoán de Badón. O rondeau é unha forma métrica francesa que Cunqueiro adapta aquí moi libremente sen atender mais que a engadidura dun "envoi" final, é decir, dunha dedicatoria que se poñía normalmente ao remate dos versos (Cfr. co Rondeau escrito en castelán pola mesma época citado ao principio).

O primeiro rondeau dedicado ás donas pintadas no ouso de Vilar no século XIV, leva como refrán o verso de Villon "Le temps s'en va", e remata "Le temps s'en va, / mes dames". Villon exerceu unha fascinación especial sobre Cunqueiro. Unha proba desto é a sua obra en prosa castelán *Balada de las damas del tiempo pasado* (1945), glosa da célebre "Ballade des dames du temp jadis" que tanto influiu no rondeau que comentamos. Miguel González Garcés ten sinalado que xa se pode apreciar aquí unha interrelación temática entre a obra poética e a obra en prosa, tendencia que culminará en *Herba aquí e acolá.* Temáticamente, pártese do amor polas damas do tempo pasado para chegar a reflexionar sobre a morte e o inevitabel paso do tempo:

> De todolos amores o voso amor escollo:
> Miñas donas Giocondas, en vós ollo
> todalas damas que foron no país,
> unhas brancas camelias, outros froles de lis.
>
> Le temps s'en va! Ou dádesme ese bico
> que cheira a rosas de abril do Mil e Pico
> ou finarei chorando na miña soedá,
> namentras envellezo: Le temps, le temps s'en va. (p. 128)

O vello tema villoniano había chegar tamén ao Xosé Luis Méndez Ferrín de *Con pólvora e magnolias* (1976), unhas veces direita-

mente —como en "Diante de Compostela doutros dias"— e outras a través do cantautor Georges Brassens, de quen cita o último verso da sua cantiga "Les amours d'Artan" no poema "Señoras do pasado". (O componente villoniano en Brassens —que musicou e cantou a "Ballade des dames dun temps jadis"— é, polo demáis, evidente).

O segundo rondeau, dedicado á dona enterrada en San Xohán de Badón con dous anxos aos pés, repite a temática do anterior, ainda que o refrán pasa a ser un pareado de Airas Nunes: "Quén amores há, / cómo dormirá?".

Villon non é o único poeta francés que incorpora Cunqueiro neste libro. Concretamente, Pierre Ronsard está tan presente como aquel na melanconía aceda dos rondeaux:

> As letras do teu nome xa non se poden lér,
> e pois non te poido chamarte anque quixer,
> déixame nos teus beizos teus soñares saber.
>
> Quezáis soñás, amor, coa branca abelaneira
> ou co cervo que baixa a beber á ribeira
> ou co melro que canta seu vagar na roseira. (p. 130)

6. 1954: VERSOS GALEGOS DA 'CRÓNICA DE LA DERROTA DE LAS NACIONES'. (FRAGMENTOS)

Na separata número 1 da revista Atlántida, sen datar, publicou Cunqueiro o poemario *Crónica de la derrota de las naciones (fragmentos)*, que ven precedida da seguinte explicación: "En sus dos lenguas maternas, Álvaro Cunqueiro escribió la *Crónica de la derrota de las Naciones*, los príncipes, las armas, los caballos, el campo de la última batalla, los siervos de Dios que caen. Dios mismo y la Gran Ira. De esta Crónica fueron escogidos los poemas que figuran en esta separata". En efeito, dos dez fragmentos ou poemas incluidos —algúns deles en prosa—, cinco están escritos en galego, unha cita de A. E. Housman en inglés e o resto en castelán. A temática tratada nestes poemas queda dita: trátase de instantáneas épicas que narran ou evocan fazañas guerreiras cun melancónico tono elexíaco. Un dos poemas, "A moza na fiestra", aparece entre as "Cantigas do amor cortés" en *Dona...*; é o único poema da Crónica con características métricas neotrovadorescas ou neopopularistas:

> O cabaleiro da pruma na gorra,
> meu amigo é!
> O cabaleiro do verde tabardo,
> meu amigo é!
> Ogallá que na guerra non morra,
> meu amigo é!
> Nen de frecha, de asta nin dardo,
> meu amigo é! (p. 26)

A épica cunqueiriana —de tantos cantos célticos, nórdicos e xermánicos— aproxímase nestes poemas ás suas anécdotas en prosa

—como "o derradeiro dia" ou "A vella no enciño"— e, nalgunha ocasión, coincide co tono e estilo dos versos heroicos de *Herba aquí e acolá.*

7. 1957: SEGUNDA EDICIÓN DE "CANTIGA NOVA QUE SE CHAMA RIVEIRA"

A segunda edición de *Cantiga nova...*, publicada en pleno neotrovadorismo postbélico, reune seis cantigas novas que, según Cunqueiro, foran escritas antes de 1936. Con esta declaración, queda claro que Cunqueiro somente fixo poesía neotrovadoresca antes da guerra, ainda que publicara unha boa parte dela na postguerra. Ou, polo menos, queda craro que Cunqueiro estaba interesado en que se pensase que foi así.

Os seis novos poemas desta edición son diferentes dos anteriores. Moito menos neopopularistas, parecen entroncar moi decididamente coa tradición medieval galego-portuguesa, tal como ocurre na maioría das "Cantigas de amor cortés" que aparecen en "*Dona...*". Nun destes poemas repítese a imaxe do vento que muxe como unha vaca, aparecida no poema a Hölderlin e na citada Cantiga de Lorca:

> Esta é a noite de moer o grau do vento.
> Bortela que bortela,
> muiñeira.
>
> Esta é a noite de muxir a vaca do vento.
> Muxe que muxe,
> leiteira. (p. 67)

8. 1980: HERBA AQUÍ E ACOLÁ

Según Cunqueiro, este poemario reune poemas dos anos 60 e 70 recollidos en 1979 por Miguel González Garcés. Entre eles encóntranse tendencias moi variadas. Así, aparece a liña neotrovadoresca de novo no poema "Pero Meogo no verde prado", dedicado ao poeta dos cervos:

> —Dime a onde vas, miña cerva ferida,
> dime a onde vas, polo meu amor!
> —Vou para o verso dunha cantiga,
> meu cazador! (p. 170)

Outra liña presente é o clasicismo endecasilábico, que aparece en "Os catro chefes da casa de Gingiz" e nalgún outro poema, inda que sempre dun xeito fragmentario.

Non obstante, son tres as características xerais que distinguen esta obra: a reflexión sobre os problemas humanos, a recreación literaria e a interrelación temática coas suas obras en prosa.

En efeito, aquela preocupación polo paso da vida e do tempo intensifícanse e enriquécense dun xeito fatal e case auto-elexíaco. O verso longo e solemne, cun ritmo gravemente pausado, comple-

menta formalmente esta actitude lírica crepuscular e reflexiva, ás veces sentenciosa, pero non exenta de ironía:

O tempo vai e ven e vira
eu feito de soños
sin sabr quen ha morrer primeiro (p. 165)

Moitos dos ásuntos tratados son de tipo literario e, secundariamente, artístico. En realidade, Cunqueiro traslada á poesía a temática cultural que viña tratando desde sempre en prosa. A recreación de mitos lexendarios e de héroes históricos de diversas épocas e civilizacións é unha constante nestes versos: "Os oficios de Bran", "Retorno de Ulises", "Os catro chefes da casa de Gingiz", "Eu son Danae", "Eu son Paltiel", "Eu son Edipo", "Eu son Dagha", "Recoñecimento de Harold Godwinson", son boa mostra do dito. Calquera personaxe sirve pois para ser retratado nesta borgeana galería, desde os míticos gregos Ulises, Orestes ou Edipo a Harold Godwinson, último rei saxón, pasando por Mahoma.

Estas revisións libres do pasado ou da lenda, envoltas nunha atmósfera máxica e ás veces romántica, expresadas a través dun fragmentarismo épico-lírico, teñen moito que ver co célebre *Gaspar de la Nuit* de Aloysius Bertrand, obra decimonónica francesa prologada por Sainte-Beuve e loubada por Baudelaire, da que tanto decía gostar Cunqueiro.

En *Herba aquí e acolá* aparecen tamén recreadas obras artísticas e literarias de diversa índole, ás veces seguindo ao autor evocado como a un modelo a imitar: tal ocurre en "Pero Meogo no verde prado". Agora ben, polo xeral, tanto a evocación artística —"Retrato: Cabeza de home de Antonello de Mesina"— como a literaria —"Lord Dunsany / Epitafio"—, teñen sempre unha dimensión humana grave e discursiva, case sapiencial.

Estas recreacións culturais coinciden temáticamente en moitos casos coa sua prosa castelán. O recoleitor do libro, Miguel González Garcés, sinalou xa que cando Cunqueiro escribe as suas novelas xurden, paralelamente, poemas que constituin a alma do relato ou do protagonista, o seu apoio espiritoal ou estético. Tal ocurre, por exemplo, en "Retorno de Ulises" con relación á novela *Las mocedades de Ulises* (1960).

Os temas trascendentais do ser humano aparecen así baixo a apariencia de evocación histórica, mitolóxica ou literaria. Temas da sua prosa ou temas da sua poesía anterior —como o das damas de antano, das que despide en "Deica Abril"— entrecrúzanse cun tono elexíaco: o poeta parece ser consciencia do crepúsculo.

Carlota, Ofelia ou Pia
sexa un destes o teu nome ou outro,
deica as rosas que veñen! (p. 165)

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER
Chantada

A TABERNA DE GALIANA

Había unha chea de tempo que Cunqueiro viña matinando en escribir unha novela con este título, que lle adicaría a Ramón Piñeiro. Pensou moito nela, e tivo sempre o propósito de lle dar remate antes de que a súa doenza se agravase máis. Un día, respondendo a este anceio seu, púxose a teclear na máquina o enceto da narración. Mecanografiou o primeiro folio, e non pasou de ahí. Inda que, en varias ocasións, tencionou reanudar o traballo, nono conseguíu. O mirar enfeblecido dos seus ollos impediullo.

Pra coñecemento dos leitores de GRIAL e dos que se interesen pola obra cunqueirana, reproducimos a seguido as frases mecanografiadas coas que encetou o libro que non chegaría a continuar.

A taberna de Galiana estaba á mitade do camiño. Pro non sei decir á mitade de cál camiño, de ónde a ónde. Cando lle preguntaba a algún que eu coidaba que debería saber de cál parte caía a taberna de Galiana, soía responderme que de parte de lonxe, que era como non contestarme nada. Tamén preguntei si quedaba á man dereita ou á esquerda, e respondéronme que asegún pra onde fora. Viaxeiros que iban e viñan dos diferentes mundos, todos se atopaban ná taberna de Galiana. Eu cheguei a pensar que estando na mitade dun camiño, pois estaba na mitade de todos os camiños. Decíame que si eu saía de viaxe, fose cal fose o meu destino, que de seguro que pasaba pola taberna de Galiana. Querendo saber si estaba nun alto ou nun baixo, un a quen llo preguntei contestoume que asegún se mirase. Tampouco me decía si a casa era grande ou pequena, si estaba soia ou había outras perto dela.

—Ten un saído grande cercado de loureiro. Hai unha fonte cun pilón pra o gado. Hai un mazaeiro. Hai unha mesa de pedra. Hai no fondal da horta un pombal redondo, mui encalado...

—¿El como saberei eu que cheguei á taberna de Galiana?

—¡Pola risa dela, home!, díxome un vello que pasou, anoitecendo, por diante da miña porta, e a quen lle ofrecín un codo de pan. Era pequeno, afiado de cara, cubríase cun sombreiro vello e levaba na man dereita un maletín de pel negra. O que máis chamaba a atención del era o gabán, que llo fixeran prás medras, un gabán verde, longo que case lle arrastraba polo chan. Tiña os ollos azúes, e uns dentes mui brancos.

—¡Xa a escoitarás rir ás gargalladas!

Deulle unha dentada ao pan e sorriume.

—¡Tendes bon trigo por aquí!

Eu quedei cavilando na risa de Galiana. Nova non podería ser, porque eu conocera xente que estivera naquela taberna sua e xa morrera de vella. Podería ser que houbese habido unha Galiana que xa finou, e logo veu unha filla, que será vella, e agora hai unha terceira Galiana, que será aínda moza, e será a que rí ás gargalladas. Esta Galiana moza, rindo, rindo, foi a que me quitou o sono. Eu acaroábame a aquela memoria na noite. Desque me vira entrar xa se puxera por mín, pasando por diante da miña cara aquel brazo tan branco pra encherme o vaso de viño.

NOSOS AMIGOS, OS RATOS

Aló polo ano 1949, Cunqueiro escribía nunha carta: "Argallando, traducín ese conto de Saroyan. Mándocho pra 'La Noche', si che gosta". Firmaba a versión galega do conto, co seu seudónimo habitual neste tipo de cousas: M. M.ª Seoane. E ao pé daquéla, figuraba a seguinte nota: "William Saroyan é o meirande e á vez o máis simple escritor americano de hoxe, Armenio de orixe, naceu en California no agosto de 1908. Os seus libros son conxuntos de contos e pequenas historias".

Velahí o conto *Nosos amigos, os ratos:*

Aínda que tíñamos gato, había ratos na nosa casa.

Pola noite, cando xa todas as luces estaban apagadas, e todo estaba quedo, e nós nos nosos leitos, podíamos ouvir os ratos saír fora dos seus buracos, e correr polo piso de madeira da cociña, e si estabamos avisos, aínda podíamos ouvilos discutir, i era moi divertido escoitalos.

Eu matinaba que estaba ben ter na casa aqueles pequenos, tímedos seres furtivos, i eu matinábaos coma ratos nosos, ratiños da nosa casa e parte da nosa vida.

Eran ladróns e tiñan que roubar para vivir, pro, despois de todo, eran unha familia, nin máis nin menos coma nós eramos tamén unha familia. E xa que vivían na nosa casa, eu debía de quererlles ben.

Pola noite, ás vegadas, ao escoitalos, decatábame que tamén meu irmán Krikor os estaba escoitando.

Dormíamos, eu e Krikor, no mesmo coarto, i estabamos moi prósimos, cos leitos acaroados i eu, se estaba desperto na escuridade, decatábame que el o estaba tamén: había algo moi diferente de cando dormía. Sentía que el escoitaba os ratos igoal que eu, e decíalle:

—Síntelos, Krikor?

E Krikor decía:

—Chito! Agora comezan a xogar.

Eu sabía que el estaba desperto, escoitando, porque había calquer cousa nese seu estar desperto na escuridade, calquer cousa que non habería se el estivese dormido. I escoitando os ratiños, nós decatabámonos pouco a pouco, cáseque sin querelo, da nosa máis íntema realidade, a máis pequena realidade; intre por intre decatabámonos da nosa conciencia, que podía descansar no sono, e non embargantes era algo desperto, algo que despertaba. Si non fose

polos ratos, seguro que non nos teríamos decatado desto, polo menos naquel tempo.

"Moog" é a verba pra decir rato na nosa lingua, e non ten ren de científico; siñifica, simplesmentes, unha pequena forma de vida dotada de vivacidade e dada ao medo; eisí, si un neno é pequeniño e tímedo, pode ser chamado "moog", sin veira algunha de desprezo. Pensando nos nosos ratos, no noso armenio, nós matinabamos timideza e vivacidade, nada de noxento, e non chegábamos, por moitas voltas que lle dábamos, a percebir que os ratos da nosa casa foran os nemigos da nosa saúde e os ladróns do noso pan.

Daban, eso sí, no pan ou no queixo, calquer dentada, eiquí e alá, e ás vegadas atopábamos na alacea algunha cagadiña, pro esto era o peor de que podíamos acusalos. Ningún de nós pillou a malaria por causa dos ratos, e Krikor, parolando comigo de todo esto, dixo que si os ratos adoecían de malaria, morrerían, seguro, denantes de agasallarnos cos microbios.

Soio unha ou duas vegadas vimos ao noso gato levando na boca un ratiño.

Tíñamos ollado ao gato xogar cos ratos e despois comelos, e aínda non sabendo expricarnos como algo vivo podía ser privado da vida, aínda enchéndonos de tristura o escraquello dos pequenos ósos que o gato espedazaba cos seus dentes afiados, a cousa era, en conxunto, xusta e lexítima.

Aos gatos góstalles comer os ratos, i é obriga dos ratos terse lonxe dos gatos. Un gato é unha cousa viva coma un ratiño, pro de outra familia e de outro grado, e tanto gatos como ratos teñen os seus instintos, e namentras pra un gato é cousa natural que gaste o seu instinto en procura de cazar un rato, pra un rato é natural usar do seu en andar fora do poutear do gato.

A situación era pois, no seu conxunto, xusta e leal, e si un rato caía nos dentes do gato, esto pasaba porque o gato, famento ou devecendo por xogar, poñía a labourar unha sua habilidade especial, ou porque o rato, sendo vello, ou parvo, ou confiado, aterrecía fuxir ou gardaba a prudencia pra outra xeira: eisí o gato merecía o rato, e o rato debía ser comido.

Non vexo outro ponto de vista prausible, i é inútil, penso eu, bandeirarse cos ratos e chamarlle aos gatos bestas salvaxes e pérfidas, cando, no fondo, é un miragre que cheguen, algunha volta que outra, a cazar un rato. Bandeirarse cos ratos amosa unha mente estreita e incapacidade de comprender as leises da natureza, incapacidade de penetrar a ética do rato e a ética do gato.

Eu non son un naturalista, e non coñezo os nomes daqueles pequenos orgaísmos que acostuman a cazar e manxar os ratos, pro sei que aos ratos seguro que lles gosta cazalos, xogar con eles e comelos despois. Asemade, si os ratos tamén comen aquelo que o home come, queixo e primeiras edicións, coido que tamén son de ademirar, moito máis aínda de canto son ademirados.

WILLIAM SAROYAN

CUNQUEIRO EN "QUADERNS DE POESÍA"

Na revista catalana "Quaderns de poesia", de anteguerra, hai duas colaboracións de Álvaro Cunqueiro. Unha, no n.º 3, en galego; outra, no n.º 4, en catalán. Son éstas:

POEMAS ANTIGOS

REISEÑOR CORAZÓN do meu silenzo fonte
Riveira é do teu sono
onde soou o aér
onde as novas luas tenramente
frescas amañeceron
Riveira é do teu sono
riveiras mil das vidas e do mundo
do espeso cristal das tuas entrañas
Reiseñor corazón como de azul o día:
alí cal de ágoa e pedra dura
meu doce amor eterno
na tua voz estala

Reiseñor corazón ave de formas graves
Riveira é de ti mesmo
onde a terra profonda cheira a rosa
e choviña os labios
Riveira é do teu bosque
maravillas dos arbres verde-craros
sonoros rios e veas do teu canto
Reiseñor corazón como de â lixeiro:
alí cal de volcán o puro fogo
meu doce amor eterno
na tua voz estala
—Dita queda unha estancia
un ser fino e fermoso:
reiseñor corazón do meu silenzo fonte

CERVO AVE FELIZ que bebes ágoa limpa
Alí onde se vive
con doce bosque soave máis ainda
no que nunca se finan
os ben frolidos e recentes fillos
alí onde a lagóa o teu voar espella
preguntei noite e dia inacababel

Cervo ave feliz que bebes ágoa limpa:
qué de ela se sabe e do seu corpo
do seu pranto ou desxelo fatigado
dos seus beizos tan novos
dos seus pequenos ollos páledos?

Cervo lixeira frol que ben galopas doce
Beira do mar antigo
onde peixes mañíficos se aman
alí onde as foulas ventan
e soñan choivas de sol luas salgadas
alí onde paxaros de aér ceifan nubes
preguntas soloucei tan desveladas
Cervo lixeira frol que ben galopas doce:
qué sabe da sua sombra muiñeira
do seu pequeno brancor de ciño branco
das suas mans tan frescas
do seu amor ou víspera de anxos?

—Oh! si ti nono sabes meu ave miña cervo!
Ela era ave-frol i-ao bosque namorára.

CANTIGA CATALANA

Paradís, Enlloc,
l'aigua es flor
i l'anima em roba
mon amor!

La mar és encara una noia nova,
i per cims d'Enlloc el seu cos s'enfonsa
mon amic!

El veler es un roser florit
i el vent nou una fletxa d'or fi
mon amor!

Ocells refilen sota el cel d'Enlloc
que és un mon blau de suau remor
mon amic!

Aigües dels ruins de la verda riba
veniu als arbres del Paradís! us crida
mon amor!

Enlloc, Paradís
ferit m'he vist
de flors el pit
mon amic!

VELLOS POEMAS CHINOS EN GALEGO

Da tradución inglesa de Ezra Pound, fixo Cunqueiro unha versión ao galego dalgúns poemas chineses, que ía publicar naquela serie de follas literarías que imprimía en Mondoñedo.

NOTA PROVISIONAL PRA A FOLLA SOLTA

Principiando o século V denantes de Cristo, os chineses poideron faguer unha escolma de trescentos e cincoenta poemas, tesouro das pedras preciosas da propia poesía. Arredor do 484, Confucio, ese cotián tocador de laúde, editou os motivos musicais destes poemas. E o seu fillo dixo: "Un home que non puxo man nestes, somellante é a aquél que se senta diante dunha parede pra ver a fermosura do día".

O grande poeta americano Ezra Pound fixo unha brillante tradución, na que chega a usar os modismos das letras de jazz, —os "jazz idioms"—, e o dialecto "hillbilly", é decir, o dialecto dos montañeses dos EE.UU., especialmente no N.W. Desta tradución anosamos nós.

Os poemas, unhas vegadas son líricos e idílicos, outras satíricos, e moitos amargues decires, coma os tiduados "Os proiectistas do Reparto Verde" e "Década de T'ang", que refrexan os longos sofrimentos do pobo sob unha dura tiranía.

A. C.

CIDADE DO MUNDO

O sol aparez [xa] nó Leste:
a sua fermosura
[cara] eiquí ven,
espindo.

Entre a cancela e o biombo
escoito
da lúa crecente
os salaios, índose.

CIDADE DO MUNDO

O sol aparez no Leste:
a sua fermosura
eiquí ven,
espindo [o mundo.]

Trálo biombo da cancela
escoito
do crecente
os salaios, índose.

DÉCADA DE T'ANG

As xentes inda non están pervertidas de todo.
—os grandes señores do roubo,
estafadores e do pior;

que inda hai quén di que non teñen poder de abondo,
cortés namentras está alí,
guipando a sua próisima hora,
e decindo calmosamentes: Non vai comigo.

Eu tiña feito anoxado
esta cantigalla.

OS ARBITRISTAS DO REPARTO VERDE
(770 antes de Cristo, máis ou menos)

O ceo esnaquizouse, insulta á terra;
torto proiecto, quén o estorba?
Á vista do bó plan, as xentes prefiren volver á podre.
Á vista do seu plan
botádemo á cadea.

Pirmeiro dixeron si,
despoixas dixeron non.
Bó plan; non imos,
que é non máis que vélos vestir á podre, chufándose.
Á vista do seu plan entrístame.

Nosos activos enxeñeiros
non gostan de vellos camiños
—amólaos a sólida simetría—
pro déixalles escoitar o eco dunha verba
e quererán barafastar días e días
coma mestres de obras que cada día trougueran prano novo
e nunca chegaran a rematar unha boa casa.

O Estado,
todo unha zarapallada,
espías e parvos,
uns cantos a escuso a tragar,
brillantes vinculeiros e arbitristas,
outros pescando en río revolto,
é todo unha mentira, coma unha burbulla
que estoupase na coda das areas movedizas.

RENDEZ-VOUS MANQUÉ

Déitase ún gostosamentes
sob os salgueiros da Porta Oriental.
Díxome ela:
"Esta noitiña".
Pro xa ven a ialba.

Baixo as ponlas dos salgueiros
pasei a noite,
envolto en espesa sombra.
Xa a ialba é un brillante machado.

DOUS POEMAS DE PO CHU-I *

OS CRISANTEMOS DO XARDÍN ORIENTAL

Hai moito, moito, que fuxiron os días da miña mocedade
e xa dou por mucha a frol dos meus anos.
Acompañado de qué soedades e tristes pensamentos
paseo de novo pola fría e deserta praza!
No meio do xardín paso moitas horas isolado;
flebe é a luz do sol; fríos son o vento e o orballo.
A enmarañada hedra de outo, enliada en sí mesma, vai granar de novo.
Os fermosos arbres están secos, lonxe van muchas as suas follas.
Todo o que fica foron uns crisantemos
que agora abrocharon, ao abrigo da parede.
Levaba eu viño e iba encher a miña copa
cando a sua visión detivo a miña man.
Lémbrome, sendo eu mozo,
can ardentemente o meu esprito cambiaba do triste ao ledo.
Si era dono de viño, ren importaba que fora vran ou inverno:
despoixas de beber, o corazón púñase contento.
Pro cando se chega á miña edade,
un pouco de ledicia é duro, duro de acadar.
E sempre receio que cando seña verdadeiramente un vello
o forte licor nadia poderá faguer por min, abandoado, inconsolable.
Por iso che pregunto, derradeiro crisantemo do ano,
neste tempo, por qué así froleces solitario?
Non embargantes ben coñezo que si tan canso eu non fora,
ensinado por ti, por un instantiño desenrugaría o meu entrecello.

POEMA LUNÁTICO AOS MEUS SOBRIÑOS E SOBRIÑAS

O mundo engaña a aquel que non sabe lér.
Eu, ditosamente, son mestre en caligrafía.
O mundo engaña a aquel que non ten oficio;
eu fun bieito cunha patente de outro rango.
A miudo a vellice trae doencias, e sófrese.
Comigo, felizmente, non fixo tanta inxusticia.
Ás xentes, cando van vellas, a miudo dobréganas as obrigas.
Pro eu rematei solteiro o que comecei solteiro.
Non houbo cambios que turbaran a tranquilidade da miña mente.

* Traducíu A. Cunqueiro da versión inglesa de Arthur Waley. Verán do 1957.

Nin houbo coidados que lle fixeran perder vigor aos meus membros.
Durante dez anos,
o meu corpo e a miña alma permaneceron en ermidaña paz.
Todo o que nos derradeiros lentas eu precisarei
son ben poucas cousas.
Unha manta abondarame pra todo o inverno.
Cunha parva, vou pra todo o día.
Non importa que a miña casa seña pequena,
que en dous coartos a un tempo non se pode dormir.
Non se me dá por non ter moitos cabalos,
que ún non pode cabalgar dous cabalos á vez!
Afortunados coma min, entre o pobo do mundo
quizaves sete atópense, que dez xa non.
Tan ledos coma min entre cen homes
miradeos como queirades, non atoparedes ningún.
Nos asuntos dos outros, sempre tolos, eu son cordo;
nos asuntos propios cada qué os sabios erran.
A ninguén ousaría falar co meu corazón:
pro estas verbas tolas dígoas somentes aos meus sobriños e sobriñas.

CANTIGA*

Dos "haiteny" melgaches, tradución ao francés de José Moreno O'Reilly.

É unha cantiga dunha escrava, namorada do amo.
Está en metro "nai", que é unha especie de "quaderna vía".

Máis val que as coitas de amor non duren sempre.
Estando meu amigo perto, ¿cómo vai ser doce o meu sono?
Toda a noite pasarei esperta,
fiando o novelo segredo que chaman amor.
Nunca direi que o teño, e sigo fiando,
que non quero que o meu corazón ande de boca en boca.
somentes se lle verá enroxecer nas miñas meixelas.

Señora ama: non te volvas contra mín.
Non son máis que unha extraña.
O corpo do teu marido, teu é.
A min ren me fica que a sombra dun desexo.

* Traduciu pra Francisco F. del Riego, Álvaro Cunqueiro, no tren de Vigo á Cruña, no serán do 19 do mes da sega de 1957.

Presentación de Carballo Calero no acto de investidura de Álvaro Cunqueiro como Doutor "Honoris Causa" da Universidade Compostelana

Ao remate do homenaxe que se lle fixo en Vigo a Ánxel Fole o ano 1964. De esquerda a dereita: Xosé M.ª Álvarez Blázquez, Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro, García-Sabell, Fole, del Riego e Otero Pedrayo

Con del Riego, García-Sabell e Cerezales, en Vigo

Despóis dunha representación do *Hamlet*, Cunqueiro corresponde aos aplausos do público

Canso de buscar novas belezas en
compañía da moceda
déixome estar sentado diante a
frol do pazo, e reconozo o seu
vello perfume.

Su Tungpo

TRADUXO E ILUSTROU
O CRONISTA DO BOSQUE
DE SILVA.

OUTONO

Viñas secas,vellos arbres,ven a noite...
Ponte pequeno,corre a auga,costentas ribeiras...
Vello camiño,flaco cabalo,vento vendaval...
I ó pórse do sol
amor perdido,acolá lonxe,ninguén sabe.

MA CHIHYÜAN



traduxo e ilustrou Cunqueiro
pra F. F. del R.



Debuixo da grande roca azul de T'ching
os tellados verdes da aldea de Huinán.
¿Hai reises aínda en Huinán?
O remo do isolado pescador que retorna
faille cantar nostalxias ó mar.

MAZÁNS DOURADAS

Nos carreiros da albada
pozas de auga xiada
Álvaro ú é.

Nas ponlas do pumariño
cantigas dos estorniños
Álvaro ú é.

Nas ponlas do laranxeiro
tristeiro laiar dos melros
Álvaro ú é.

Nas ponlas do pumariño,
nas ponlas do laranxeiro,
nos acios do albariño
onde doura o sol mareiro,
onde doura o sol mareiro
Álvaro non é.

Pozas de auga albada
nos carreiros da xiada
Álvaro ú é.

Pola estancia abandoada
recende o aire a mazáns,
recende a mazáns douradas...

SALVADOR GARCÍA - BODAÑO
Santiago

PARADISO

Agora me decato de que endexamáis
teño escoitado a rula.
ÁLVARO CUNQUEIRO

Agora te decatas
do principio segredo que nos chama sen verbas
sen panos sen acenos
o exilio transvirado en limiar confidente
coma Dante chegando ao Paradiso
L'Amor che muove il sole e l'altre stelle.

Agora que fixeches o transbordo
e regresas ao tilo i ao camelio
e que levas na man coma unha dádiva
a cunca dos aromas nunha tarde violeta
agora te decatas dos acougos
nun soñar invisíbel ao que chamamos morte
e descifras espacios valeiros e calados
neste fráxil retorno onde remata o tempo
O Luce eterna che sola in te sidi.

Nada escurece a vida
cando a vida arrebata chuvias e craridades
cando pronuncia verbas e solsticios
vocábulos de amor
letras de maxia
e se aplica a medir o círculo das lindes
e non atopa o número mais atopa a palabra
per misurar lo cerchio e non ritrova...

Nada escurece o tempo
cando o tempo foi lóstrego si cadra simetría
cedro lameiro liño agasallado
intre para lembrar rúas de Mondoñedo
a noite ficou fría
coma mármore negro
cosi la neve al sol si disigilla.

Agora te decatas
de que cantou a rula?

LUZ POZO GARZA
Vigo

Bogar, bogar cara a Tiang Chang quixera.
¡Cómo sinto lontana a nosa primavera!

LI-PO

A chuvia polas rúas
e isas luces
que xa nos anegaron as estancias.

Ramos
que maio multiplica
e leva a auga.

Aves do mar.
Eiquí a nosa cidade:
A fe da primavera
baixo un tempo de barcos.

(Penso en palabras túas
e o Poeta que fuches)

Imposible país
do que nunca partiras.

XOHANA TORRES
Vigo

RESPONSO NOVO DA LUZ, NA MORTE DE CUNQUEIRO

"Algo así dirá Deus: Pastor, voute vestir de luz".
Alvaro Cunqueiro

Poeta, ti non escolliche abril, nin as azas
do lume, nin as cobras máis mouras, nin as verbas cimeiras,
nin os anxos cos ollos coma a flor dos pereiros.
Febreiro
adiantóuchese atafanando o teu alento ceibe
e botándoche anacos de noite
na conciencia axexante, na ollada
vagarosa.
Poeta, escoita a herba que medra nas meixelas
mentras febreiro zoa
coma un vento de morte. ¿Ónde o concerto
de anduriñas espidas, de choivas lixeiriñas,
de arcos da vella fúlxedos coma anceios de gracia,
de fumes pendurados
nos esqueletes novos da paisaxe abraiada?
O febreiro das frebas —frebente, febrescente—
chegou coa sua friaxe arrepiante envolta, loito cego,
e deuche, en cunca negra,
o acibre. E ti morriche.
Ti morriche, poeta, esta é a verdade
ispida do silencio coma viño
que non quixo pasar máis os teus beizos
e ía esbarando en pingas
nunhas bágoas sin ollos
na noite esnaquizada.
Pasache pola cova, polo goio,
tan lonxe de ti mesmo, tan ceibe do teu corpo
de cinza e de doenzas, tan inxel polo podre,
que —deixando o mandil do muricego—
fuche verba, conciencia,
pura presencia, práceme, no gran pazo de Deus.
Lonxe ficaba o Mondoñedo ledo do teu nadal primeiro.
Lonxe o teu *mar ao norde* e as ondas tatarañas dos *poemas*
do sí e non: eiquí o sí sixiloso non ten sombras
e anacos da verdade fanse flama en unidade afirmativa.
E a túa *cantiga nova que se chama ribeira* quedou asulagada
nas augas encoradas da idea en puro lóstrego

e na sapiencia ceibe que corta os ácios polo sol dourados.
Dona do corpo delgado é a verba en amor trasverberada
e novos menciñeiros
curaron o teu mal de eternidade. A noite toda
era un río de lume buligando
nesa visión total estrelecida,
sempre nova, abraiante, da luz que non estiña.
Cunqueiro, na tua cunca sen fondo
bebes viño albariño benzoado
pola man mesma do Señor das viñas,
xa pra sempre bébedo
na esencia do agarimo. Agora podes
facer queimadas a carón dos anxos
que quedan cegos co teu lume e choran
coa ledicia máis fonda: ¡son as bágoas dos anxos augardente!
¿Ouviches as palabras de inmensa maxestade
que dixo Deus na aperta xenerosa: *voute vestir de luz*?
Chegou abril, as rosas estouparon,
o sol fíxose ollada, e ti quedache
dono da tua presencia eternizada.
Agora sabes que espertache do sono en que morrías
e que se fixo a luz, que te fixeche
ti mesmo luz, ensoño lumeante,
puro silencio ceibe no Deus vivo.

¡Vive, Álvaro Cunqueiro, na alba de Deus, e danos a nós hoxe
unha cunca de gracia, xenerosa, ateigada,
pra que esquezamos o sabor da morte!

LOIS VAZQUEZ
Madrid

O VELLO SIMBAD ERA O MESMO CUNQUEIRO DISFRAZADO

—¡Veña, hom! Deixa de pór o cóbado nas penas da Moluca.
Eiquí as ondas nunca morren.
Nin hai espello algún que poida refrexar imaxe algunha.
Nin peite prá serea que chamas Venadita.
Non te fagas de novas.
Date denantes de dar un paso eiquí.
Vas xustificar o de poñer paxaros por espías
naquil reino Doncel a ónde foi parar.
Eiquí o mais encuberto é o que máis se amosa.
El por qué fixeches falar ós peixes
anque foran duas sílabas por verba e por burbulla.
e revoar un limeiro coma unha volvoreta.
¡Vaites, vaites, temos que facer contas!
¿El por qué alumbregar duas serpes en duas lanzas?
¿El cómo trocaches de lugar as illas?
¿El por qué axirxilar teimoso pola xeografía?
Solta agora a verdade, cando pisas a terra de Ningures.
Os cervos, as fitas coloradas, toda orela
xa se perden no tempo.
Conta agora o por qué o longo camiño dunha vida
remata nunha outa muralla que pecha todo o mare
e toda ollada.
El cómo poden trocarse sete reinos
nas sete pedras preciosas dunha soia sortella.
En qué dedo pode alcontrarse tanto poderío.
Por qué un delfín ha ter orellas
ou ciumes dun neno.
Fala, porque tí, sabidor dos camiños máis segredos,
xa non tes máis camiño.
Eiquí a phantasía non acorre.
Non podes argallar un conto novo
pra entreter ós gardas dista nova porta.
Agora as verbas non abondan.

—¡Señor! ¡As verbas foron os meus feitos!
Elas foron o mel da miña vida.
Xulgádeme por elas.
Eu estiven no mar como en visita.

TOMÁS BARROS
A Coruña

LERIA CON ÁLVARO CUNQUEIRO

Nun dos xantares con que remataban as xuntanzas do seminario sobre Galicia a través da imaxinación creadora, *no inverno de 1977, faleille a Cunqueiro dun meu proxecto que consistía en facer unha serie de libros de conversas con algúns personaxes relevantes da cultura galega. Quería empezar por el, entre outras razóns pola nosa proximidade xeográfica, pero tamén por proximidade afectiva e pola devoción que eu sentía, e que por suposto sigo sentindo, pola sua persoa e pola sua obra. Estivo de acordo desde o principio e incluso podo decir que acolleu a idea con entusiasmo, pese a que a enfermedade xa lle andaba detrás.*

Vímonos varias tardes na sua casa, pero traballamos pouco, anque non sempre pola nosa culpa. Nalgunha ocasión interrumpíronos visitas non anunciadas. Houbo algún día en que a conversa foi derivando espontáneamente cara cousas ou temas que non encaixaban no proxecto. Con todo, as máis das veces, a culpa foi da saúde do escritor. Concertábamos a cita por teléfono, pero chegada a hora decíame que se sentía moi canso e que era mellor que falásemos por falar, sin poñer en marcha a grabadora.

Ao final, cando me din conta de que era inútil seguir, que a enfermedade non nos iba permitir facer o libro, desistín, sobre todo por lle aforrar ao meu querido e admirado interlocutor a triste experiencia de constatar cada semana a imposibilidade de realizar o seu desexo, a pesar da sua vontade. Fun algunha vez de visita, a tomar café con el, pero sin falarlle do tema. El tampouco falaba.

Non obstante, cando xa se soubo irremediablemente condenado, empezoulle a entrar unha certa urxencia por que fixésemos o libro, pero xa non había maneira. Tiña que internarse tres veces por semana e as sesións de diálisis deixábano canso e sin ánimo nin disposición. Mandoume recado varias veces de que o fora ver para seguir o traballo en tantas ocasións interrumpido, pero eu sabía que era inútil. De xeito que me resignei a deixar as cousas como estaban. Publico aquí agora, neste número de homenaxe, estas follas murchas dun froito que non chegou a dar flor.

—*Empezaremos como sempre, polo nacemento. Ti naciches en 1911.*

—Si. Nacín o 22 de nadal do ano 1911, en Mondoñedo.

—*O teu pai era de alí...*

—Non. El era de Cambados e viñera a Mondoñedo por certo parentesco moi lonxano coa familia da miña nai. A miña nai era dos Moirón de Cachán, unha vella familia de aquela terra de Miranda. Aínda hoxe existe o arciprestádego de Miranda, anque non hai en toda aquela zona ningún lugar que se chame así. En Vasco

da Ponte gustábame moito cando falaba de Pedro de Miranda. Decía: "E viu Pedro de Miranda con treinta a cabalo, porque eran de tierra brava". Pois desa terra brava de Miranda, do pazo de Cachán, era a miña nai.

—*¿Ti viviches en Cachán?*

—Por tempadas. Unha das alegrías da miña infancia era ir desde Mondoñedo a Cachán, en Riotorto, a pasar as festas de San Pedro e de Santa Isabel ou ir á castañeira. Tamén recordo que nunha época en que houbo tifus en Mondoñedo me levaron alá. Pasábao moi ben. Iba dar clases de contas cun taberneiro de As Rodrigas, que é unha pequena vila de Riotorto. As contas eran as de sempre: se nunha barrica de viño hai tantos litros, nesta outra ¿cántos haberá? Facíamos tamén a regla de tres. Eu mollaba o pizarrillo na cunca que estaba debaixo da billa. Foi o primeiro viño que catei na miña vida.

—*O teu pai era boticario.*

—O meu pai era un bo botánico e un bo zoólogo, sobre todo un gran botánico. Amigo do campo, cazador e pescador, moitas tardes, cunha escopeta do vinteoito doblada debaixo da zamarra, saíamos de paseo. Ensinábame todo e aprendín deseguida. Eu sabía tódalas erbas do mundo: a frestuca pantesis, a daptila numemta, os tréboles, os lirios... En fin, todas cantas erbas había por alí. Pronto empecei a distinguir toda esa tribu mundial que decía don Ramón Otero Pedrayo: o choupo, o amieiro, o salgueiro... Sabíao todo. Tamén os paxaros: si o que voaba era o merlo, si o que cantaba era o xílgaro ou o calambre. Ademáis, na botica do meu pai había un libro que me fascinaba. Alí viña en qué época florecían os castiñeiros, os castiñeiros de indias, as clavelinas... Foi unha infancia moi feliz.

—*Polo visto, es parente de don Benito Vicetto e de Valle-Inclán.*

—A miña aboa paterna, doña Carme Montenegro Morfino, era prima carnal de doña Dolores de la Peña Montenegro, nai de Valle-Inclán. E a nai desta miña aboa paterna era doña Carme Morfino Vicetto, prima carnal de don Benito Vicetto. Cos Valle-Inclán, con Carlos, con Xaime, con Mariquiña e con Concha, eu trátome de primo.

—*Tamén es parente de don Tristán de Montenegro, o héroe pontevedrés que morreu dunha espingardada en 1464, na toma da vila a Pedro Madruga.*

—Si. Quen estableceu a liña e publicou algunha cousa sobre el foi Filgueira Valverde. Tristán era un nome bastante frecuente na Galicia de entón. Como o era Lanzarote, por exemplo, e como foi incluso Amadís. A min gústame moito esto de contar cun Tristán entre os meus devanceiros.

—*E cun Mariño de Lobeira, linaxe mítico, descendente de Roldán e unha serea.*

—Efectivamente. O meu abó paterno era don Carlos Cunqueiro Mariño de Lobeira. En fin, parece que un estaría chamado a altos destinos e incluso a altos destinos tráxicos.

—*Lín nalgún sitio que de neno axudabas ao teu pai na botica.*

—Gustábame moito. En primeiro lugar eu sabía de memoria to-

dos os botes, cos seus nomes extranos. Preguntábame qué habería dentro do bote que decía "maná" ou no que puña "opio". Sabía a Pirafidona, o sulfito de Fontán e toda clase de preparados. Axudáballe ao meu pai a facer as píldoras e os selos na máquina, a remexer nos xarabes, a darlle ao muíño da mostaza para os sinapismos. Todas aquelas cousas que se elaboraban naquel entón. Facía un bon axudante de botica.

—*Habería tertulia na rebotica.*

—Claro. Iban os coengos da catedral, algúns deles bos xugadores de tresillo, como don Xesús Blanco Agras, un crego que estivera en México e fixera pinitos revolucionarios, ou don Ánxel Brea, gran cazador. Todas as noites, ás sete había partida de tresillo ou de tute, contos de cazadores...

—*¿Qué relación tiveches coa xente de Mondoñedo?*

—Eu conozo moi ben á xente de Mondoñedo. Meu pai era presidente da "Sociedade de Obreros Católicos" e fixo que fóramos á escola que éstes tiñan na cidade. O maestro, además, era moi bo. Chamábase don Ánxel Gaioso. Non tiña máis defecto que se emborrachaba e nos batía. Era pai de tres fillos: Licinio, Héctor e outro de nome raro que xa non recordo. Eran tres antigüedades grecolatinas ás que obrigaba a facer ximnasia cunhas poleas que tiña no cuarto da casa. Naquela escola eu fun compañeiro de todos os que vinte anos despois en Mondoñedo eran cazoleiros, xastres, carpinteiros, canteiros... Todos siguen sendo grandes amigos meus. De modo que eu podo decir que a cidade era a miña familia. A elo contribuía o carácter da miña nai, unha muller sumamente xenerosa. Na miña casa había un desfile de xente a pedir: "Ai, doña Pepita, se me dá un pouco fermento que iba amasar e non teño", "Ai, doña Pepita, se me dá uns ovos..." Eu entraba en todas as casas como se foran a miña. Gracias a esto conocín Mondoñedo como poucos poideron conocer a sua cidade natal.

—*¿Cómo era a tua nai?*

—Tiña unha grande fantasía. Contaba historias, recitaba romances e cantaba. Sabía todas as zarzuelas. Inventaba contos para que estivéramos calados e quietos. Esto parece que foi como unha especie de mediciña na nosa casa. Eu mesmo participaba nesta creación de contos. Tiña nove ou dez anos e non sei qué trastada fixéramos na casa. Entón aquela semana non nos deran cartos para comprar o "Búfalo Bill", e todos aqueles cuadernos que comprabamos os sábados. Ibamos á librería e estabamos esperando que chegase o paquete de correos para comprar historias a mollos. O caso é que entón eu escribín unha historia, unha historia do oeste, claro, que era o que eu dominaba, cos "cheyennes", os meus favoritos, que tiñan un doble cinto cando iban á guerra. Eu quería que os indios falasen un idioma diferente dos outros. Entón púxenos a falar en galego. Era unha historia arredor dun río. Os blancos querían facer unha fonte e os "cheyennes" non os deixaban. Esto coincidía con que naquel momento había en Mondoñedo un problema cunha fonte, que foi o que me debeu servir de motivo. Sinto moito ter perdido o cuaderno, que andivo moito tempo pola casa. Era unha historia moi bonita. Aos meus irmáns e aos meus amigos divertíaos moito. Foi o primeiro galego que escribín.

—*¿Qué se falaba na tua casa?*

—Meu pai falaba en castelán con nós. Na farmacia, cos amigos, os clientes e a xente do país falaba en galego. A miña nai, en cambio, falaba galego constantemente. E o mesmo facían as sirvientas, todas elas fillas de caseiros da miña familia materna, en Miranda. Unha delas, Encarnación Teixeira, natural do lugar de Espasande, en Riotorto, era moi aficionada aos contos de medo. Viu o enano de ouro do Castro. Outra, Esperanza Sixo, de Guillán, era moi cantora de romances. Sabía, por exemplo, o da Frouseira, *De Francia partió la niña* e outros. Cantábaos todos ca mesma música.

—*Parece que tiveches unha infancia moi rica.*

—Dunha riqueza excepcional. Por exemplo, polas tardes, eu iba, co meu cacho de pan con queixo ou chocolate, a merendar ao obradoiro de Pascual Freire, máis conocido como *O Vendaval,* para ver facer as cazolas e lerlle o periódico en voz alta aos que estaban alí. Ás veces incluso me deixaban facer unha cunca. Nunca souben por qué o puñetero pulgar se metía no barro e sempre acababa furándoo. Xa che digo, unha infancia moi feliz. Na miña casa amasábase, facíase pan para toda a semana. Ibamos ao forno, porque sempre nos facían un boliño pequeno e gustábanos velo sacar. En fin, eu vin facer todo o que hoxe non se ve, todo eso o vin eu na miña infancia e recordalo prodúceme emoción.

—*Daquela Mondoñedo sería unha vila rural.*

—Sí, pero chea de oficios. Non había ningunha vila perto. Arredor era aldea e pura montaña. Os mercados eran mercados montañeses. A xente viña acabalo. Non había carreteiras. Para ir a Riotorto, á casa dos meus abós, o coche só chegaba hasta un sitio que se chamaba a Cruz da Cancela, onde se ve o lobo ás doce do día. O último lobo que vin eu, foi hai cinco anos. Iba co meu irman Pepe. Mentres el baixaba á casa duns parentes a recoller unhas botellas, eu quedei agardando na Cruz da Cancela. Apareceu o lobo, miroume e deu media volta. Non me fixo caso ningún.

—*Fálame do bispo. Supoño que sería unha figura moi importante.*

—Si, moi importante. Era un asturiano que se chamaba don Juan José Solís. Antes del houbera outro asturiano, don Manuel Fernández Castro, a quen lle chamaban *O Santo.* Un home que morreu en plena pobreza, sin ter uns calcetíns. Don Juan José Solís, que era pequeno e gordo, comprou un automóvil, un *Michell,* matrícula Coruña, 14. Como a botica do meu pai estaba nos baixos do palacio episcopal, o chófer deixábanos xogar no coche do bispo. Era un coche que tiña separada a parte dianteira da traseira por medio dun cristal. Para darlle ordes ao chófer había un teléfono. Eu sentábame na parte de atrás e o meu irmán Pepe, na de diante. Entón eu preguntáballe: "¿Aonde imos?" E el contestaba sempre: "A Becerreá", non sei por qué. Aqueles viaxes polo garaxe, naquel coche novo, cun tapizado precioso, eran unha verdadeira maravilla.

—*Coa botica nos baixos do Palacio, realmente vós erades como da casa.*

—Un irmán meu, Xoaquín, que morreu, criouse prácticamente en Palacio, co bispo e unha sobriña. O bispo comía moito e por Pascua, polas Navidades, é decir, polas festas, ao día seguinte ou

dous días despóis, meu pai tíñalle que facer unha purga, que lle levaba eu. En Palacio vivían aínda con grande protocolo. Aquelo de ter que apartar as cortinas para que entraran as visitas era bárbaro para min. En fin, íbamos moito por alí. E logo tiñamos de veciño a don Francisco Fanego.

—*Un gran latinista.*

—Un gran latinista e íntimo amigo meu e dos meus irmáns. Tíñanos un gran cariño. Quería que estudiase latín con el. A sua cátedra estaba nos baixos do Seminario, xusto onde nos días de mercado collían os feixes de palla e as aguilladas. Pasabamos por alí e pronto se ouvía a voz de don Francisco recitando uns versos en latín. Todo esto, moi clásico e virxiliano, misturado coa fala en galego. Don Francisco era colosal.

—*¿Non sentiches a tentación do Seminario?*

—Non, nunca. O meu irman pequeno, sí, pero nós, non. Eu sentía unha grande seducción pola farmacia, que aínda me dura. Quizáis puiden estudiar Ciencias Naturales. Foi unha pena. Houbera dado un bo boticario dos de antes.

—*E a liturxia, ¿non te fascinou a liturxia?*

—Si. Moito. Nós andabamos pola catedral como perico por su casa. O órgano chiflábame. Había un organista, don Mariano Casares, que era fantástico. O día de Corpus, cando a procesión entraba de volta na catedral, tiña sempre preparada unha peza da sua invención. Eran unhas pezas cheas de alegría e de entusiasmo. E por riba, a catedral cheiraba moi ben porque estaba toda estrada de espadana de fioncho. Hai dous arrecendos que teño moi grabados na memoria desde neno. Un é éste e o outro é o da erba. Antes das San Lucas, o 17 ou o 18 de outono, empezaba a chegar o gando de terras de Miranda, da Terra Chá, da Mariña, as greas de potros bravos da Pastoriza. Entón a xente que tiña prados arredor de Mondoñedo organizaba un mercado de erba para os do gando. Era alí mesmo xunto da farmacia do meu pai, na Fonte Vella, que leva agora o meu nome. É un cheiro, o da erba, con aquel outro dos fionchos do Corpus, que non podo esquecer.

—*Supoño que naquel Mondoñedo da tua nenez aínda se tocaría a parto...*

—Eu debín ser dos últimos por quen se tocou. Penso que no ano doce xa non se tocaba, que se proibíu ou algo así. Aínda se toca a agonía, con diferentes sinais según sexa home, muller, crego, neno... Tamén se toca por Pardo de Cela. Unha vez levei a uns amigos á catedral. Estaba alí Blas, o campaneiro, que é cego, e leveinos aonde el, para que o viran tocar. Estaba calado, agarrou as cordas e empezou: plam, plam, plam, logo volveuse para eles e dixo: "Pola alma do Mariscal". Foi fantástico.

—*¿Acórdaste de cando aprendiches a ler?*

—De moi pequeno, co meu pai, na farmacia. Tería catro ou cinco anos. Despóis xa foi a miña obsesión. Lía na colección da revista "La Esfera", que tiñamos na casa. De sete ou oito anos sabía de memoria os poemas que viñan alí de Villaespesa, de Ramírez Ángel, de todos os que alí se publicaban. Sabía de memoria media guerra europea gracias a "La Esfera": aquelas cargas dos lanceiros e dos cabaleiros contra a artillería... Era a miña enciclopedia.

—*Despóis virían xa outras lecturas.*

—Por exemplo Dickens. Eu tiña unha tía, irmá da miña nai, un pouco rara, que se fixo célebre en Mondoñedo polo seu carácter e o seu xenio. Por exemplo, entraba na Catedral, vía que os panos dos altares estaban cochos, que non estaban limpos dabondo, entón arramplaba con todos e levábaos á casa para lavar. Cndo xa os tiña ben lavados e planchados púñaos de novo no seu sitio. Eran cousas de doña Pilar e non lle parecían mal a ninguén. Era unha muller alta, forte, de noventa kilos, e xa digo, de moito carácter e moi independente. De pronto iba á Exposición de Paris do ano 1900. Pois a miña tía Pilar era unha grande lectora. Lera moi ben a Dickens. A min examinábame dos *Papeles do Club Pickwick*. Preguntábame, por exemplo: ¿"En qué día saíu Mister Pickwick para tomar a dilixencia e tal". Eu tiña que responder: "Pois o 17 de xunio de 1827", poño por caso. Entón dábame unha peseta.

—*Ouvinche decir algunha vez que leras a Frei Antonio de Guevara.*

—Por eso de que fora bispo de Mondoñedo e porque había unha edición, por certo moi mala, dun deán amigo do meu pai, do Gervasio Rodrigo Osorio, un home imponente, sempre moi rodeado e saludado, coas suas fibelas de plata nos zapatos...

—*Resulta curioso que unha infancia tan rica e feliz non se traducira nunha obra literaria con ese tema.*

—Como tema non, pero a infancia está presente na miña obra. Por exemplo, algúns dos personaxes de *Escola de menciñeiros* conocinos na farmacia do meu pai. Home, ás veces de tres fixen un, ou de un tirei dous, pero a moitos conocinos alí. Cousas da miña infancia afloran con frecuencia na miña obra polos canles máis imprevistos. Ás veces, xa despóis de escribir e publicar un libro, ao relelo, decátome: esto ven de alí, esto outro de acolá, aquelo escoiteino en tal sitio... Por exemplo, había en Mondoñedo unha muller gorda a quen lle chamaban a Farrucona. Era faladora e adoitaba decir "que los sueños, sueños son, como dijo Calderón". Unha especie de letanía que non sei de ónde lle viña. A Farrucona viña moito pola nosa casa porque era mandadeira e os sábados iba ao mercado de As Rodrigas, en Riotorto. De víspera viña preguntar se queríamos algo para a familia de alá e a tomar de paso unha copa ou auga con vinagre, se era vran. Pois ben, cando publiquei o *Fanto Fantini de la Gerardesca,* xa ao final puxen en boca da flamenca: "A vida do home é como unha mañán de paxaros". Esta frase non é miña, escoiteilla de neno á Farrucona.

—*No ano 1922 empezaches os estudios de bachelerato.*

—Sí, en Lugo. Tiña once anos.

—*¿Era a primeira vez que saías das terras de Mondoñedo?*

—Xa fora unha vez coa miña nai a Guitiriz, cando ela tomaba as augas para o fígado no balneario. Fora un viaxe inesquecible, pois daquela vin o tren por primeira vez na miña vida. Era o tren que iba da Coruña para Madrid. Con todas as luces acesas, á caída dunha tarde do mes de setembre, producíume unha impresión tremenda.

—*¿Vivías de familia ou nunha pousada?*

—Primeiro nunha pousada, en San Marcos, 11. Home, na porta

había unha cousa graciosa: grabado cunha navalliña puña "Álvaro Gil Varela". Despóis, cando conocín a Álvaro Gil, díxenlle esto, pero el non sabía nada, non sabía quén escribira o seu nome alí, na madeira. Despóis entrei interno nos Maristas.

—*Supoño que o traspaso de Mondoñedo a Lugo debeu ser doloroso.*

—Si, si, claro. Polas noites entrábame unha sensación de soedade que me facía mal incluso físicamente. Quedábame calado e non era capaz de falar, e eso que tiña bos amigos, como Antonio Rosón. Outras veces lía en voz alta. Parece que era como se me axudara. Deixábanme levar libros para a casa.

—*¿Quén che deixaba levar os libros?*

—Na biblioteca pública. Eu faltaba a bastantes clases para ir á biblioteca, que estaba xusto por riba do Instituto. Entón estaba alí de encargado un home alto, osudo, de nariz afiado, que levaba capa española con esclavina e calzaba unhas zocas ás que lle metía palla para que non se lle enfriaran os pés. Estaba sempre pegado á estufa. Como a min me mandaban de Mondoñedo empanada, chourizos, xamón e queixos, convidábao. En pago, deixoume ler todo. De modo que aos catorce anos eu lera xa *A cartuxa de Parma,* a Balzac... Por recomendación de aquel home tiven que ler todo Palacio Valdés, Pereda e moitas cousas máis. El era moi cervantista, lera moi ben a Cervantes, e por el fixen unha lectura completa do *Quijote.*

—*¿Cándo empezaches a ler en galego?*

—Pois pola mesma época lin a Rosalía. Houbo, non obstante, un feito de grande importancia para min. Había no Instituto da rúa San Marcos o mapa de Galicia de Fontán, que estaba en láminas, que é como se publicóu. Eu buscaba a que lle correspondía a Mondoñedo e púñame a mirar. "Por aquí —decía para min— é por onde vou a Riotorto, subo por aquí, éste é o monte Carracedo...". Entón entroume unha paixón física por Galicia, a través do mapa de Fontán. Tiña un compañeiro ao que lle esplicaba: "Mira, o Miño vai por aquí e agora baixa e pasa por Ourense". Quedou mirando para min e dixo: "¡Coño, qué bárbaro, pasa por Ourense!".

—*Aínda non che entrara a afición pola Edade Media.*

—Si, si. Entón lin a Berceo.

—*¿No tomo da Biblioteca de Autores Españoles?*

—Exacto.

—*Ou sexa, que foi unha lectura a pelo.*

—A pelo. Don Ánxel Revilla, catedrático de literatura, un día deume unha palmada e dixo: "Aquí está el berceano". Debín escribir algo nun exame. Berceo é colosal, moi superior a Alfonso X. Cousas que neste son un milagre banal en Berceo teñen moita máis gracia. Por exemplo, o do clérigo que non sabe decir máis que a misa de Santa María, entón baixa a Virxe "con saña", de mala uva (é curioso esto de María con saña) e dille ao bispo: "Don bispo lozano, por qué me tolliste el mi capellano". Berceo para min era como un libro de aventuras.

—*Xa che tiraba a fantasía.*

—Moito. Calquera cousa me disparaba. Pensa que Mondoñedo

é unha terra especial, chea de tesouros, na plenitude da expresión: a diadema de Ribadeo, os torques de Burela... Tamén as covas do Rei Cintolo. Por outra parte, naquela zona estaban moi vivos os romances. É un conxunto do que quizáis eu non poda separarme moito.

—*Supoño que farías versos de amor.*

—¡Home! Eran para unha rapaza loira, uns versos precozmente amatorios. Estaban escritos en castelán. Pero deseguida empecei a escribir en galego uns poemas que a Ánxel Fole, compañeiro meu no Instituto, non lle importaban nada. El acababa de descubrir a Antonio Machado e andaba decindo de memoria *La tierra de Alvargonzález* e esas cousas. Eu ensináballe os meus poemas con moita ilusión, pero non lle daba importancia. Fole é fantástico. Quen me prestaba moita atención, en cambio, era Luis Pimentel, que tiña moza en Mondoñedo. Faloulle dos meus versos a Correa Calderón, que me abriu as portas da sua casa. Entón, naquela biblioteca extraordinaria farteime de ler. Por certo que os Correa Calderón tiñan unha irmá guapísima, unha rapaza preciosa, unha verdadeira preciosidade de muller. O día que me enterei de que tiña un mozo futbolista, leveime un disgusto tremendo. Era unha cría encantadora, das de perder a cabeza por ela. Eu quedábame parado na rua coa boca aberta. Foi ela quen me deu a ler a Francis Jammes. ¡Fíxate que extraordinario! A vida é así. Emociónome ao recordar estas cousas.

CARLOS CASARES
Cangas de Morrazo



CUNQUEIRO, ENTÓN

Penso que foi no trinta e catro, pero tamén pode ter sido no trinta e cinco. O que teña a man a edición de Góngora dos irmáns Millé (si eran irmáns) poderao datar moito máis precisamente, porque ese libro viña de saír dos prelos e xugou o seu aquela noite. De noite, pois, cicais no inverno, ou, polo menos, en tempos de moita chuva. Mais, ¿cándo non chove en Compostela? Eu fuxía do meu pobo, co pretexto de andar a informarme do que pasaba na Universidade, do que alí se ensinaba e do que un, estudante "por libre" (ninguén diría entón "por ceibe", ¿verdade?), podía ou non podía deixar de lado ou pasar por alto. Mais o que eu buscaba era a conversa dos amigos, era cambear os aires e as caras, era achegar ao xogo das ideas, inda que fora pra queimalo nelas, o meu espírito. Poido tamén decir que, aos domingos, hora da misa maior, saían ás ruas rapaces que voceaban "¡Resol! ¡Ha salido Resol!". E agasallaban a quen tendese a man cunha daquelas folliñas verdes, azules, amarelas, onde Rilke facía cunha bailarina española a metáfora dun mixto que se queima (traducción, Moralejo), ou tamén cun mixto que se queima a metáfora, etc. E Castelao, si non me esquenzo, contaba o caso das duas mortes, a da vaca aldeán e a da cadeliña fidalga. Un dos seus contos. ¿Foi tamén alí onde sacou aquil dos mariñeiros e o taberneiro que verten bágoas no viño (lugar do suceso, un porto calisquer) e cantan "Lanchiña que vas en vela —levas faixas e refaixos— prás mociñas de Estribela". Ao millor, sí: alguén conservará a colección de "Resol".

Pois foi entón cando o Cunqueiro saíu non sei de onde i entrou na miña amistade, que foi coma entrar pra sempre na miña vida (e non é outra cousa a amistade, senón vidas que por algún lugar se comunican). Pois entrou berrando, e chamo berrar ao seu xeito alto de falar, coas vocais tan abertas de rapás mindoniense. Boeno. El era xa o Cunqueiro, i eu non era nadie, nin sequer un aspirante ao Torrente: pouco máis que un rapás do Ferrol, estudante tardío e "por libre" da Facultade de Historias, e que aquela

noite convertiuse, pra o Cunqueiro, no afortunado, no ditoso poseedor dunhas "Obras Completas" de Góngora.

—A ver. Déixame que o mire...

E as suas mans áxiles, afeitas a pasalas follas, saltaron dos sonetos ás décimas, do "Polifemo" ás "Soledades", do chusco ao serio, e iba decindo de memoria anacos, e algún que outro comentario: "Este cabrón fixo bos versos hasta no panexírico do duque de Lerma, que é un dos poemas máis viles que se escribiron nunca". (Penso que foi el quen dixo esto, pero, ao millor, fun eu). "Decátate senón, sin buscar moito:

...ya centellas de sangre con la espuela
solicitaba al trueno generoso,
al caballo veloz, que envuelto vuela
en polvo ardiente, en fuego polvoroso...

¿Non dabas algo por escribir así?".

Eu non sei o que dixen. Seguramente que sí.

Álvaro era longo e grande, xa. Levaba posto un abriguiño azul e unha boina pequena. Pero o máis grande, repito, a sua voz:

Las flores del romero,
niña Isabel,
hoy son flores azules,
mañana, miel.

¡Ai, cómo me quedaron grabados na memoria estes versiños declamados no medio da Quintana, parede de pedra polos catro ventos, resoadoras paredes que multiplicaban os ecos e erguían hastra o mesmo trono (de atronar) aquela voz xa de seu imponente. ¿Quén iba entón con nós? Porque de varias sombras lembrome, mais non dos nomes que lles correspondesen. Non é imposíbel que un deles fose o Cuadrado, o Arturo, editor do "Resol". Ríase moito, e gustáballe escoitar dos beizos de Cunqueiro aquelas letrillas gongorinas, unha tras outra:

En los pinares del Xúcar
vi bailar unas serranas...

O Cuadrado era de terras do Xúcar, el.

Eu non sei canto tempo nos pasamos, dende baixo un farol hasta baixo doutro farol, o libro ben protexido da chuva miudiña, buscando esto ou o outro, berrando a coro ou un a un endecasílabos e octosílabos, fábulas e soidades, bulras e veras. Aquelo do canciño Flor, ou aquelo outro que se mete con Lope. Nun intre deses, o Cunqueiro acometeu o xogo de traducir ao galego algún daqueles poemas. Pero non chegou a facelo hasta o fin. A conversa encol da poesía deixou cedo o tema de Góngora e pasou a materias similares. Non sei quén falou dos cancioneiros e dos reis trovadores, ou quezais soio dos trovadores cónegos. Álvaro recitou, máis bai-

xiño (tiñamos entrado xa nunha taberna) o de Xoán Zorro e tamén o do Meendiño. E mentras nós bebiamos un pouco, e a charla xiraba xa e orientábase á política, Cunqueiro, nunha mesiña aparte, escomenzou a escribir, e dalí saíu, en moi poucas sentadas, a "Cantiga nova que se chama ribeira".

GONZALO TORRENTE BALLESTER
Salamanca

A MORADA DO SER É A PALABRA (Heidegger)

Querido Álvaro:

Esta é a primeira vez que che escribimos. E dinnos que ti xa non estás pra recibir palabras. Pero ti existes sempre nalgures —sabémolo nós—, anque agora fales mais a miúdo coas estrelas. Contigo conversamos, xaora, aínda ben veces: unhas na proveitosa consulta do sabio Merlín, as mais na zugosa escola de menciñeiros, moitas nas viaxadas do Sochantre ou do Sinbad e tamén, claro, dacabalo do mouro Cheval, que nos foi amostrando con tino xente daquí e dacolá, estes e os outros feirantes.

E non che fomos ó enterro porque non cremos na túa morte. Porque a ti non é quen de te enterrar ningún home verdadeiramente vivo. A ningún nos gusta a tristeza fría dos enterros, ¿non si? Has saber excusarnos se non demos creto, pois ben sabes que aquel día —mañá e tarde—, acórdate, conversamos os tres da mar de cousas e ensináchesnos ti que a noite vai coma un río. E vai, Álvaro, porque é certo que corre —dona do corpo delgado—, que escorrega a noite a baullón por todos nós. Pero ti non morriches. Dixeron que morreras os papeis que non saben do milagro e potencia da palabra. Tamén os homes que esquecen con frecuencia a palabra como casa do ser, cando a casa do ser é a palabra, e cando ti a fixeches tan ben feita, espaciosa e afirmada de pra sempre. Qué ben se acouga nela, e ti vives alí, agasalleiro, limpo e traxeado. Nós imos moitas veces á túa casa, pois visitarte é volver pensar Galicia; como sentir mais fondo o que xa somos; como inventar de novo o que xa existe.

Aquel día todo tarde —din que foi triste e fría— nós falamos arreo co teu ser na inmensa Cha luguesa, cabo do picadeiro das zocas do mañoso zoqueiro de Loboso, mentres el —cachazudo— liaba o seu xaruto; mentres ti —retranqueiro— lle amostrabas o golpe debaixo das virutas... ¿Acórdaste, poeta? E cadróuselle de pasar por alí a Bertoldo de Reades, o mozo de ollos claros, cos aros de metal prendendo o pantalón polos noelos, e ti pedícheslle outra vez a historia dos tres coxos e a pouco mais saímos todos coxeando. Seguimos logo os tres co *parapluie* en percura de Louro de Salceda e dos tesouros nas terras de Trasparga, pra virar de contado a Guitiriz e San Simón dos queixos. Batiramos tamén aquela tarde con Seixo Parderrubias, co cativiño do paraugas aberto, tornando o sol desde Meira a Cospeito, paticando lizgairo ou voando por riba

dos lameiros, e visitamos outra vez Viloalle e Mondoñedo. Despois o pai contounos a de noites que tiña pasado con Fole tras do lume e á luz do candil, vendo e contando meigas nos tellados de Forcas, ánimas en pena no camiño da Igrexa e ó tío Antón pedindo no Cruceiro da Grelo catro misas e un responso cantado pra redimirse de tódolos pecados... E ti estabas alí, querido Álvaro, no camiño de Castro de Rei, ó pé da Terra Cha, recollendo as historias e salgando os relatos, contos verdadeiros, coa moita ciencia que sempre che foi dada, pra que logo che apoñan fantasía os que non cren nos mortos nin nos vivos, porque non cren na terra, na forza atávica da terra, que só se maifesta nos puros e nos limpos, nos que cren no misterio da palabra, na palabra encantada feita misterio e soño, desveladora de verdades fondas só prós ollos non cegos.

Hoxe volvemos novamente á Chaira, e estivemos na Serra de Meira, e laiaban os cas aló pra Mondoñedo... Pero non che pedimos que respondas, porque agora, ben sabemos, non tes vagar pra todo: que o tempo sin reló che conserve a sabencia e que a ingratitude de onte che ceda libre a terra, o teu único amor. Xograr de pobo e corte, ¿a que non sabes?, aínda din que morriches, na boca do anti-Valle, os piollos sarnosos do dogma da incultura e os que cheiran a esterco nos seus versos. ¡Saúde, amigo noso, así se escribe! Que non che entren a saco na casa do teu ser pra roubarche a palabra; que non che emporquen o vizoso verbo certos pedestres poetas imperfeitos, cando ti restauraches a pureza das cousas bebendo sempre na pureza da terra. Na pureza de ti: porque ti es puro coma a fonte popular do teu relato; coma a lingua que coñecen os que exercen a fala; coma a fala que só falan os que con forza aman as raíces e se senten raíz.

E non te fomos enterrar, porque ti non morriches, que aínda onte te escoitamos nos paxaros. Nos paxaros e na casa do teu ser —a túa palabra—, a belida palabra que nos conduce á infancia, ó estado natural dos mundos perseguidos por aqueles que afirman que as estrelas non falan, que a lúa non acena ou que os mortos non xantan cada día cabo dos mortos-vivos. Irmao noso pra sempre, aprendemos da xente a contar contos que ela aprendeu de ti. A xente e ti tedes redondamente apresa a arte de contar. Soubemos do segredo de Sancobade, xunto da libertade natural das cousas, alí, onde a verdade negra e a mentira fermosa son posibles, onde todo se cruza e se confunde pra deixar testemuño de que somos. Ti es, Álvaro amigo, e non morriches.

XESÚS e HELENA RABADE-VILLAR
Santiago de Compostela

CUNQUEIRO, UNHA VELLA E QUERIDA AMISTADE

HISTORIA DO PRIMEIRO DÍA



O poeta explicábame deste xeito, fai moitos anos —"Outono - vento - chuvia, 1955"— na adicatoria das suas "Elegías y canciones" (Barcelona, 1940) cáles eran as novedades do seu corazón, novo daquela, pero ferido xa de amor. De un amor que viña de lonxe, según se sabe polos versos:

"Vuelve conmigo a aquel amor [antiguo
y veremos pasar el Sur camino [de los naranjos..."

Palabras, soños, saudades. Pasou o vento do sul, o que mete carros e carros de chuvia polos camiños do fermoso país adiante; pasou o vento do norde, pai do frío e da neve, o que pon o lobo na porta da casa; pasaron os ventos travesíos, os ventos tolos, os ventos ventoleiros; cruzou polos teatros adiante o vento en prosa que percorre as quiringostas do Castelo de Elsinor; pasou unha ferida de néboa sobre as augas de Bolanda, onde aboian as Illas Cotovías, unha néboa que tivo que ser pintada, pois non existen Bolandas, nin Cotovías en parte algunha, nin tan xiquer nos índices extranxeiros dos mapas pra soñar; pasou, como un besbello perfumado, a lixeira bris, musical e xentil, a que despruma o peito das labercas que voan pola contra, i ergue un instantiño o delgado corpo do centeo vencido; pasou unha poeira de chuvia embazando o cristal dos días, pero aquel amor antigo e primeirizo, aquela teima constante e fidel, non volveu, Álvaro amigo, morto pouco antes da primavera pasada, cando a vida xa non tiña remedio.

No adro da sua solemne soedade o poeta agardou sempre a chegada dos amigos peleriños e levantou as palmas das mans pra dar a paz e as aleluias a quen se chegase á sua porta, tanto baixo as bóvedas do seu Mondoñedo amado, como na aberta claridade de

Vigo, cidade que escolleu pra casa dos seus versos e traballos e pra deixarlle, dende o día final de un febreiriño con sol, a última brisa do seu peito apaixoado, un ventiño do sul, agora sí, camiño xa pra sempre dos laranxos eternos da mocedade namorada.

Ter sido amigo de Cunqueiro é un dos grandes aduvíos da miña vida. Lembrar a hora en que o coñecín, vale tanto e pesa tanto como esa emoción de toparnos de súpeto con aquel soño que tiñamos perdido dende a nenez, tantas veces requerido nas esmorecidas horas de tempo presente: un frescor de herba no vento, un canto de labregos na ribeira portuguesa, unha longa e vagante curva do río e o quentor queridiño daquela man pequerrecha da primeira rapaza que bicamos en Tui. ¡Soños que son como versos, versos que son como soños, quén pode medir a longura que vai de un soño a un verso, quén pode contar as volvoretas que se apousan no fío...!

Foi en Compostela, no que ten de cidade soñada Compostela, donde coñecín a Cunqueiro, hai xa tantos anos, que parece cousa non vivida, sinón lida nun libro que non sabemos quen nos emprestou ou contada por calquera voz amante, cicais pola voz do irmán que se nos morreu fai un tempiño.

Chegaba Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo e don Ramón Otero Pedrayo de Ourense, pra visitar e parrafear na exposición que Carlos Maside tiña aberta nun salón da rua do Vilar. Na porta do local, Paco del Riego anuncioume: "Éste que tes diante é Álvaro Cunqueiro", sin outra fórmula, como quen avisa da chegada dun pasaxeiro retrasado. Alto, pálido, delgado entón, tiña eu diante de min a Álvaro ("Don Albre, chameille dempois moitas veces), un albre lírico, un cordial, xeneroso amigo xa pra sempre. Ao seu rente estaba don Ramón Otero Pedrayo, un carballo sonoro, unha gracia, unha riqueza, un regalo da vida. Traspasada a porta, agardábanos Carlos Maside, inesquencible Maside, un home enteiro, un pintor verdadeiro, unha estatua no recordo pra quenes fumos seus acompañantes, longas horas, no seu estudo de arte, que tiña balcón aberto sobre unha praza silandeira da cidade de Vigo. En torno a todos nós estaba a pintura de Maside: cacharros de barro, obradores de costureiriñas, tenderetes de romerías, roldas de muiñeira, unha nena triste, o solpor sobre o monte, un cabaliño sin amo, Galicia de corpo presente, nón morta, sinón viva de luz, de autenticidade, de transparencia, Galicia pintada dende dentro do home, dende dentro da paisaxe... ¡Carlos Maside que, forte e rexo, serio e valente, sentía diante da sua nai velliña unha tenrura de neno atoutiñado, e con tenrura e amor pintou o retrato da miña nai, pouco antes de que ela morrera, así lle deixou prendido nos ollos grises un espello de tristura, no que me miro cada día, cando lle escribo un verso, que nunca remata...!

Don Ramón estaba encarregado de facer a presentación de Cunqueiro e Cunqueiro de pronunciar unha charla ou conferencia. Todo esto ocurría nunha sala chea de amigos novos e vellos, decorada con pintura de Maside, mentras —chovese ou non en Santiago, meu doce amor— a vida tiña, ao menos pra min, que era mozo e andaba moi atento ás amistades e aos soños, unha pinga de pasmo e solpresa, como quen baixa da aldea e se topa co mar diante, sin mediar palabra.

Don Ramón comenzou falando do "Castromil", nin máis nin menos. Ti que te pensas. Fixo, coa su voz endexamáis imitada, un eloxio do "coche de liña", do que dixo que era a sua casa andante e moi querida. Dende o posto privilexiado de "berlina especial", tiña enxergado Galicia toda, con voltas e viravoltas, con probezas e farturas; tiña falado con seminaristas, con estudantes, con labregos, con emigrantes, con enfermos, con autoridades competentes, con xentes nunca vistas e nunca máis vistas; tiña lido libros, escrito versos, prosas, discursos, tiña dormido soños paralelos á paisaxe... O "coche de liña" era o berce querendoso das suas sonecadas intermitentes; era tamén unha pequena eirexa, románica e baixota, con vidros que reflexaban o claustro dos bosques, con unha pequena campaniña que soaba de cando en cando, como si as paradas do viaxe foran estacións de viacrucis, e os pasaxeiros que baixaban á porta das suas casas, na linde do camiño —donde agardaba un coro de neniños preguntóns— figuras vivas de Semana Santa, dito todo esto co respeto que se pide, entre cristianos, pra calquera comparanza. Un día, anunciou don Ramón, no cedo da mañán, na hora do serán, no cerne da noite pecha, ao tomar man da piola pra pedir parada, non soaría a campaniña. Notaríamos, con pavura, que ninguén nos atendía e que o autobús seguía pra adiante, sempre pra adiante, meténdose por terras que non eran nosas, baixo unha néboa mesta i empardecida, co motor xa sin bruido, costa abaixo, costa abaixo, sin condutor, sin revisor, sin ninguén compañeiro a quen pedir palabra, e ficaríamos somentes nós sentados naquela berlina especial que fora gloria, contento e comodidade da nosa vida viaxeira, que agora, deste xeito, se nos finaba. Así sería a morte, a morte en autobús, berce, casa e cadaleito, no que cada ún de nós temos billete reservado, dende a primeira luzada da vida.

"Pero non veño a falar da morte, engadíu don Ramón, sinón dos camiños da vida. Hoxe, na primeira hora, cando facía camiño a Santiago, ollei na dourada coroa de chorimas que decora a monarquía alteirosa da serra do Paradanta, unha luz nunca vista, que puña ondas de ouro baixo a quilla das nubens navegantes. É un anuncio, pensei, da poesía de Cunqueiro. Un pouquiño máis adiante, cruzou pola miña vista, moi composto, moi pintureiro e principal, un paxariño novo, fermoso e delicado, propio pra lle regalar a unha doncela enferma, con un verso no bico. É o anuncio, pensei, da poesía de Maside..."

Dixo así, don Ramón. Dixo moito máis e mellor do que me ven á memoria emocionada, agora que estou escribindo xa sin el, sin Maside, sin Cunqueiro pra pedirlles unha man no relato. Logo falou Cunqueiro, e xa non me acordo de nada, aínda que conservo moi prósimo, como si fose hoxe mesmo, un recendo de cantigas novas, de herbas de aquí e acolá recén apañadas no primeiro día daquela amistade, que acababa de nacer pra min, e que tan devotamente gardei, sin que, ao mellor, el se decatara. Pero algo tería de saber, cando me adicou, de por vida, a cantiga vintecinco, das chamadas de ribeira, aquela que dice: "Por oir a unha rula decir de amor, / amiga, namorado vou... Porque non me queres por teu namorado, / amiga, namorado vou...". E, por si a galanura fose escasa, deixoume tamén en herdo a historia do seu vello Simbad,

adicada na páxina de respeto de tódalas edicións postas na rua, como froles desembarcadas do seu navío sen amor.

Rematada a festa literaria fumos a cear. Aquel tribunal de venturas que formaban Maside, Cunqueiro e don Ramón, montou, deseguida, na hora dos brindis, baixo a dirección profesoral de García Sabell, unha lección, unha tesis, unha controversia, unha cantata, noi sei como chamarlle, sobre os anxos: a vida, a clase, os nomes, as variedades, os misterios, os miragres, os pasmos e gracias dos anxos. De seguro que aquela conversa, estivo manexada polos propios anxos —que denantes andarían visitando a exposición de Maside e gardando entre prumas as palabras de Cunqueiro e don Ramón— pois de outro xeito non se podería explicar tanta sabencia e galanura en cousas que, no mellor dos casos, son puro aire no aire, ou todo o máis, un retallo de seda navegante.

Con tales testigos naceu en Santiago de Compostela, a miña amistade con Álvaro Cunqueiro, aduvío, como dixen, da miña vida, fonte de horas de inesquencible conversa, camiñatas á beira do mar, praia das barcas de Coruxo, albariños do Salnés, fusco e lusco da calle Real, noites da Ribeira do Berbés, outonos de melanconía, mociñas no paseo baixo os camelios da tarde; tempos aqueles...

Do seu corazón delorido, por non mancar aos amigos, non saía delor, sinón versos, noticias, historias, pensamentos, palabras, un tesouro novo e vello de palabras, pois el era dono da fala e da escritura como ninguén o foi nin o será, nin hoxe nin dentro de mil primaveras máis, digo eu.

Antonte, como quen di, na triste hora da morte de Darío, as palabras que me fixo chegar parecíanlle poucas, e non topaba maneira de poñer na sua memoria a perda de un amigo, que viña ser un pouco a nosa propia perda. "Xa están segando mesmo a carón de nós, na xente da nosa xeneración, decía, e esto é unha orfandade. ¡Si o é para mín, qué non será para vós! Para mín, el ben o sabía, era unha vella e querida amistade... Foise un home, esa cousa que é tan nobre cando verdadeiramente o é, e eu dóome convosco como dunha perda familiar, a máis dunha perda verdadeiramente humán. E agora sinto non telo visto máis veces, non ter falado máis con el...".

Compre devolverlle a Cunqueiro as mesmas palabras, neste tempo de orfandande no que nos deixou dende que foi segado: el era unha vella e querida amistade, un home nobre e verdadeiro, e todos, todos, sentimos non telo visto máis veces, non ter falado máis con el.

Deixounos un montón de libros, unha morea de versos. Pero precisábamos a sua voz, o seu acento, a sua palmadiña na espalda, e tamén o xeito que tiña de quedar calado, coa cabeza vencida sobre un hombreiro, como se estivera sempre agardando a chegada do vento que o tiña que levar ao encontro de aquel amor antigo...

O seu nome queda pra sempre gardado no noso corazón.

EMILIO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ
V i g o

O FRANCISCANO DE MONDOÑEDO

Era maio do ano pasado, derradeiro mes florido pró noso benquerido Álvaro. El recibía o Pedrón de Ouro á sombra da Casa da Matanza de Rosalía. O Patronato que agasallaba e facía xusticia a Cunqueiro convidárame pra oficiar a misa —en relidade eran os funerais de primeira ós que el se refería tralas últimas homenaxes—, séndome imposible aceptar, por motivos diversos, a pesares do meu fondo anceio, definitivamente non satisfeito, de me atopar con ese home co que, desde a miña neneza, tiña fame de falar vagariño, que o teléfono non abonda.

Ó domingo seguinte do Pedrón fun cuns amigos casteláns a lles ensinar as mindonienses covas do rei Cintolo, tan metidas na alma e na literatura do Álvaro. Antes subíramos ó mítico monte Padornelo. Desde o seu cume, Mondoñedo, coas súas rúas e casas que levan a marca da nobreza de tempos idos, antoxóuseme coma unha cunca ben feitiña, desas traballadas nos abondosos alfares hoxe todos eles xa reliquia.

Paréceme que foi o mito do paraíso perdido contrapunteado polo do eterno retorno quen me levaron a matinar, alí mesmo, un escrito pra "La Voz de Galicia" aparecido o 17 de xuño de 1980 e que titulei —con esa teima que me domina de xogar coas palabras— como "A cunca de Cunqueiro". En realidade, o artigo estaba feito desde a rabia e a nostalxia, por culpa do esquencemento a que tivemos sometido a Cunqueiro durante moitos anos. Veleiquí un anaco expresivo dos meus sentimentos:

> Sobre o corpo ferido do noso trovador caen agora en fervenza as homenaxes despois da aldraxe do silencio e marxinación. E non nos privamos de facermos crónicas un pouco serodias, direi aínda que póstumas con relación a ese longo martirio de esquencemento que Álvaro —¡a forza do sino!— padeceu.

O escrito xurdía das entrañas e das raigañas da miña paixón polo paisano e pola súa paisaxe: vivín a miña adolescencia, dos 10 ós 15 anos, no Seminario de Mondoñedo e retornei no 1956 permanecendo astra o 1959 como profesor e aínda dando algunha clase particular de iniciación á lingua alemana a algún dos fillos do Álvaro. Pero había algo mais fondo: Cunqueiro, aínda vivindo en Mondoñedo daquela, quedábame algo lonxe pola miña admiración e porque pertencía, con don Xosé María Castroviejo, ós mitos galeguistas da miña infancia, xa que se hospedaban a miúdo no hotel que meus pais tiñan en Villalba, cos que mantiñan relación de cordial amistade.

O mesmo Álvaro mo recorda en carta que me escribíu tralo meu artigo:

> Tes que saber, tamén tí, que nunca esquezo a compañía que teu pai me facía na feira dos capóns, ensiñándome a regatear, e o máis importante, a coñecer. Lémbrome daquelas mañáns frías, do desaxún que me daban na tua casa, das grandes xeadas da tua fermosa Terrachá, e algunhas veces, cando a feira era na plaza, das folerpas da neve caíndo sobre os dourados capóns.

Nos anos da segunda estadía miña en Mondoñedo Álvaro era moi benquerido, coma sempre, por tódolos mindonienses, pero oficialmente padecía un ostracismo incomprensible. Foi cando, xunto con algún compañeiro, nos dispuxemos a transgredir o tabú dun Cunqueiro pretendidamente reducido á súa intelixente soedade convidándoo pra que tivese unha conferencia no Seminario, cousa entón mais complicada do que agora poida semellar:

> Tamén me lembro daquela conferencia no Seminario de Mondoñedo, e sempre queda ún algo doorido de non ter conversado máis veces convosco naqueles anos meus de Mondoñedo. Pro, de todos xeitos, foron conversas dabondo pra que nacera unha amistade, pola que dou gracias a Deus. E outra volta gracias a ti por ese fermoso artigo. Gostaríame que nos víramos algunha vez e faláramos. Quixera, tamén, facerche chegar algún libro de meu, adicado.

Non puido ser. Así, o lector pode comprender o sentimento de saudade que vai nestas liñas humedecidas pola nostalxia. Eu mesmo me sorprendo de que, nun tempo no que un anda a fuxir dos persoaxes e do noxento culto á persoa, fosen medrando en mín as arelas de peregrinar a Vigo pra "toca-lo santo" e comulgar con el nese xantar ó que Álvaro, de palabra ou por teléfono, tantas veces me tiña convidado. Unha semana antes do seu pasamento, o meu irmán Ramón tivo ocasión de satisfacer ese tamén seu desexo, pro xa atopou a Álvaro sen vitalidade. Nin tan siquer sei se chegou a recibir un meu libro que lle adiquei pregándolle que non o lera, senón que o aloumiñase coma un neto.

Claro que o lector se ha preguntar, se é que chegou astra aquí, o por qué deste escrito suxeitivo que debería quedar prá intimidade. A culpa correspóndelle ó benquerido e venerado Ramón Piñeiro a quen, como el non adeprendeu na escola os adverbios negativos, non se lle pode tampouco decir que non. Eu que non son conservador, nin tan siquer das cartas, conservo unha del que data do 18 de xuño. Coa súa característica xenerosidade, amósase emocionado pola evocación que eu facía de Álvaro na que disque recibe unha imaxe moi humanizada de Mondoñedo:

> Tan humanizada que lle parecerá un Mondoñedo do que el mesmo é o pericardio. Un Mondoñedo que el terá soñado moitas veces. O Mondoñedo que é o marco máis verdadeiro para a verdadeira imaxe do Álvaro.

Que é o Mondoñedo de Pascual Veiga e da súa alborada, de Leiras Pulpeiro coa xenreira ó ambiente clerical, ou de Noriega Varela cunha relixiosidade que cada día medraba coa natureza co-

ma retábulo. Un Mondoñedo que tiña nos nosos tempos, eruditos coma don Eduardo Lence Santar y Guitián, cronista oficial da cidade, o home de barbas mais longas que vin na miña vida e que mataba a fame do estómago coa enchente da ilustración, rata de bibliotecas disque comestas pola súa pescuda e pola avareza conque gardaba documentos.

Pero tamén aínda o Mondoñedo da sabiduría popular e aínda da gramática parda, coma a do barbeiro chamado de mal nome o Pallarego, fachendoso de ter a clientela mais ilustrada do pobo —"eu sonlle unha pequena enciclopedia"— e que tiña na mesma barbería unha pequena escola musical de guitarras e laúdes, pasando das tesouras de rapar ás cordas dos instrumentos ininterrumpidamente, ou transcribíndome nun intre que lle deixaba o traballo "un adeus a Mariquiña" ó pentagrama, mentres o cantaruxaba criticando as versións heterodoxas. Era no ano 1957 cando se falaba de que o home podería ir á lúa, e o Pallarego decía que era imposible, pra sospeitar, trala discusión, unha solución viable: "a non ser que o leven adormecido", razonamento ó que aínda non lle atopei hoxe o fondo sentido que debía ter pra el. Ben seguro que no trasmundo, no alén, Cunqueiro e mailo Pallarego, que tanto pola figura coma polo demais poderían evocar a parella de don Miguel de Cervantes cando camiñaban polas estreitas rúas mindonienses, bos amigos e falangueiros ámbolos dous, andarán a facer medrar a enciclopedia coa fabulación do un e as sabencias pragmáticas do outro.

Nos tres anos que estiven de profesor, aprendín a apreciar a Mondoñedo e terlles lei ós seus habitantes. Agora conozo tres Mondoñedos dos que bebeu o noso personaxe, ben seguro nesa artística Fonte Vella a carón da que naceu e que, polo gusto e bo acerto de quen o discurrira, a pequena praza que lle serve de pequeno adro leva o nome de Fonte Vella de Álvaro Cunqueiro.

Hai un primeiro Mondoñedo que se descobre nos abondosos escudos nobiliarios desa poboación axustadamente armónica: unha pequena Compostela, non tan fermosa, pro tampouco tan destragada polo salvaxe crecemento urbano que a distorsione. Unha cidade circular na que sempre te atopas e na que tódalas rúas semellan claustros pra te achegaren, mentres escoitas os teus propios pasos —silandeira vila— á catedra antes axionllada e que un axeitado amaño arquitectónico puxo de pé.

Foi alí onde executaron ó mariscal Pardo de Cela, ese nobre a quen a lenda mitificou acríticamente e do que de neno escoitei que morrera tan convertido que a súa cabeza tronzada pegou tres brincos decindo "creo" por cada un deles, mentres os coengos entretiñan á súa doña na aínda hoxe existente Fonte do Pasatempo, que disque chegaba polo barrio de San Lázaro co indulto dos Reis Católicos.

Falamos dese Mondoñedo tan asentado na historia e na lenda

que del se nos afirmaba que tiña o segundo seminario conciliar (trala reforma de Trento) da península e a terceira imprensa de España, ou viceversa, que tampouco sei decir se é certo, xa que un home tan documentado como Xosé María Álvarez Blázquez ten dúbidas sobre o segundo punto, aínda que os mindonienses falan da súa anterga actividade editorial astra o punto de que teñen unha rúa da Imprenta.

Posear Mondoñedo —escoitar coma un narciso os teus propios pasos afirmándote nunha soedade vixiada tralas fiestras valdeiras só en apariencia— é un pracer do que non se privaba o noso Álvaro sempre que podía facelo e, cando vivía fóra, "escapaba" pra Mondoñedo, como afirma o seu irmán Pepe, aínda que fose só por unhas horas.

Pasear un segundo Mondoñedo, xa é outra cousa. Ahí non se atopa a historia senón a natureza que convida ó panteísmo. Esas néboas que a cobren coma unha tona de leite á cunca, os recantos mais insospeitados das aldeas que rodean o casco urbano, a paisaxe coa que bates de súpeto mais aló do barrio dos Muiños, que semella unha Venecia caseña, todo ese conxunto paisaxístico ricaz en matices que convidan a admiración onde calquera que non sexa un Cunqueiro pode atopar meigas e trasnos, porque diso o Álvaro non era descubridor, senón sementador.

Por moito que fale desta dimensión, o lector fai ben en no mo creer astra se convertir en esculca e se poñer el mesmo a descubrir o zume dunha paisaxe que foi conformando a alma frasciscana de quen levaba no peito semente de mitos.

Corenta cregos aproximadamente nos anos 50 pra unha cidade que non chega ós tres mil habitantes, son cregos de abondo pra levar ó ex-seminarista Leiras Pulpeiro a se revirar contra "a clergaxe" e son cregos suficientes como pra asulagar a Noriega Varela nun clericalismo que o vaia afastando da militancia agrarista.

E este é o terceiro Mondoñedo, do que o principal personaxe non é o bispo, sempre interino nunha diócese de transición, senón unha señora venerada desde hai séculos, a Paula, campá á que se hai que achegar respetuosamente e da que se dí que lle tiveron que poñer o badal de madeira por culpa de que as ventás das casas non termaban dos cristais cando batía co ferro.

> "Mi fe es como la de una de esas viejas que están acurrucadas junto al altar rezando. Soy un hombre esencialmente religioso... Yo soy un rezador",

confesa Cunqueiro á periodista M.ª Luisa Brey nunha recente entrevista aparecida (13-XII-80) na revista católica "Vida Nueva".

Certamente, non era a fe do carboeiro, senón a dun lector de teoloxía e biblia. Nun viaxe que fixemos xuntos en 1958 de Mondoñedo a Villalba e ó que el me convidara, fomos falando, ida e volta, de teoloxía, e daquela andaba a ler precisamente un libro do teólogo Karl Barth sobre a oración. El mesmo tamén o confesa cando segue a decir na entrevista:

> Con mi gran amigo, el obispo don Jacinto Argaya Goicoechea... salía a dar largos paseos y teníamos frecuentes conversaciones teológicas. Se quedó sorprendido al saber que yo leía a Barth, a Teillard, a Küng, a Guardini..."

Porque Cunqueiro, antes ca clerical ou anticlerical era mindoniense:

> Piense además que yo me he criado en una pequeña ciudad episcopal en donde las oposiciones a canongías, en la época de mi niñez, eran todo un acontecimiento. De niño me gustaba asistir a estas oposiciones en la Catedral, aunque no entendía nada de aquellos argumentos y latinajos. He vivido entre libros litúrgicos, sacerdotes y latines desde que era muy niño.

Así é como se pode explicar que el tivese saudade da liturxia en latín e cecais tamén daquela pequena sinfonía de campás que espertaban da siesta ós coengos pra asistiren á catedral e cantaren —é un decir— o oficio divino.

Contan os mindonienses coma un dos seus mais característicos detalles que un día convidou a xantar a uns amigos de Betanzos e ten sona na cidade bañada polo Masma o feito de que os betanceiros houberon de agardar astra a unha da madrugada pra escoitáren o cantar dos Maitines das monxas concepcionistas.

Don Xoaquín Cunqueiro era un boticario que tiña alugados os baixos do pazo do bispo prá súa farmacia, rexentada astra hai pouco polo seu fillo Pepe, o terceiro dos Cunqueiros (os irmáns mais novos, Carlos e Xoaquín morreron mozos). Pero o importante non era a botica, a pesares de ser don Xoaquín un excelente químico, senón a rebotica, onde se axuntaban co seu dono, pra xogaren ó tresillo, algún crego vindo de México (tales coma o Brea e mailo Carreiras), o beneficiado don Fermín e o coengo, temible rector do Seminario, Blanco Agras, do que se dí que era especialmente perigoso despois da partida se a sorte non lle sorrira.

Pero aínda hai mais: a familia Cunqueiro era a miúdo hóspede da mesa ben fornecida do bispo Xoán Xosé Solís, asturiano que fora coengo en Compostela, do que din que era moi esmoleiro cos pobres, e por demais, moi amigo de don Xoaquín e dos seus nenos, especialmente do benxamín Joaquinito.

Este terceiro Mondoñedo clerical paréceme moi determinante prá vida do Álvaro e el mesmo foi un entusiasta confesor da súa pertencia á cidade. Así, no índice onomástico de "Merlín e familia" comenta a palabra Mondoñedo:

> Cidade de Galicia, sonada polos Bispos, e polo cabalar das San Lucas, i onde nacéu o señor Cunqueiro, que puxo en formado istas historias. É rica en pan, en augas; i en latín".

Por eso non me sorprende que na mesma persoa caiban paradóxicamente —Cunqueiro é irreducible a esquemas— un franciscano e un medio abade cuase mitrado, saudoso e fervoroso da boa mesa. A catedral e o seu circundo, o que Leiras chamou a clergaxe, formaban parte do berce de Cunqueiro, da cunca onde naceu.

Sí, franciscano. Incluso en exceso, como corresponde ás orixes do santo de Asís. Un auténtico xograr con tódalas consecuencias de todo tipo, un mendicante no sentido mais histórico daquelas ordes, un anduriñante da palabra e da fantasía. Eu ousei decir no meu artigo algo coma isto:

> Hai unha dimensión no noso autor que o convirte en alguén incapaz de xenreira: a súa humanidade. O seu espírito de frade franciscano dos mellores tempos, cáseque infantil, manteno limpo de corazón, como o mantivo en tempos anteriores libre de contaminación a pesares de certas apariencias. Quen non comprenda esta dimensión do home tampouco entenderá ó autor nin a súa biografía e aínda cecais deixará de gustar moitas páxinas dunha obra feita de tenra ironía.
>
> Tampouco comprenderá por qué pra Cunqueiro o momento presente pecha dentro de sí tódalas posibilidades coma pra un neno o xogo. E este aspecto lúdico é o que —me parece e ouso opinar así— leva ó noso home ó goce e á relativización máis agarimosa ca fatal.

Uns meus parentes de Mondoñedo cóntanme da súa paixón, que disque chegaba a tolemia, polos nenos. Cando os picariños argallaban as súas "veladas" que representaban inxenuamente nos mesmos portais das casas, íanlle vender as entradas a Álvaro e ó seu amigo o xuez Xoán Mon. Eles mercaban as entradas feitas polos nenos e, por mor de non defraudar ós pequenos actores, sempre facían acto de presencia.

Quen intente descubrir tempos escuros na vida de Álvaro, presencias ou ausencias políticas, poderá atopalos, pero non captará endexamais ó personaxe na súa básica sinxeleza incapaz de cálculos nin arribismo. Todas elas son "cousas do Cunqueiro", ese increíble personaxe que se presentou en Lugo ó Ramón decíndolle que "o mar ten vinteoito anos" e co que me crucei un día en Mondoñedo cando en peripatético discurso comentáballe ós seus amigos a morte dun cocho que "berraba con voz de tenor".

Ese personaxe que na súa mocedade practicaba un galeguismo militante co finado Raimundo Aguiar, xuez que foi de Arzúa e co dibuxante autodidacta Bernardino Vidarte, recén falecido ou, posteriormente, co aínda *testemuño* e poeta Díaz Jácome, que compuxo un poema o día do seu pasamento repartido entre os asistentes ó enterro. Un galeguismo que tronzou a guerra civil e que rexurdíu no único xénero literario que Cunqueiro —poesía ou prosa— podía escribir: o que rebordaba na súa imaxinación creadora, non conxuntural coma se dun mimetismo se tratase, senón coma un acto de verdadeira creación da nada ou do pouco.

Tampouco comprenderá moito a súa vida quen non saiba dos seus calados sufrimentos e da súa afectividade ferida que reflexa nos "Poemas do sí e non" —¿autobiográfico?— e do que a adicatoria "a ela e a min mesmo" afirma: "En canto á tristeza, os dous éramos alegres". Paradóxico Álvaro que na devandita entrevista segue a nos ilustrar:

> La alegría es siempre moza y fugitiva, y al final, permanece la muerte. Vivimos el mito de doña Inés de Castro: 'Tanto amor, tan breve, para una muerte tan súbita'.

"Alto, delgado, dondo, doce, lizgairamente tímido, inocentemente risoño, tímidamente serio" nos días da mocedade

Cunqueiro escribindo na "Smith Premier" núm. 10, doble teclado

Nesta máquina foron escritos os libros: *Merlín, Crónicas do Sochantre, Don Hamlet, Ulises* e *Sinbad*

No ano 1963 co Prof. Rodrigues Lapa e Sebastián Martínez-Risco



Na terraza do bar do Paredón, co seu fillo Álvaro e os seus dous netos americanos. Mondoñedo ao fondo



En Riotorto, terra dos seus devanceiros maternos, co seu curmán Moirón e dous amigos

Quero expremer ó máximo a entrevista ben seguro coñecida por poucos, nos que a periodista lle pregunta:

> —¿Somos los hombres 'un desconsolado aullido interminable', como dice usted en un verso de su 'última elegía a Manoel Antonio'?

Ó que Álvaro responde:

> De niño, para ir a casa de mis abuelos, en Riotorto, tenía que pasar por una fraga antigua llamada Rioseco, donde a primeros de siglo todavía había zonas que no habían sido pisadas por el hombre. Aquella enorme soledad a mí me imponía siempre. Yo he oído el aullido del lobo en algún atardecer de otoño, en lo alto del monte Carracedo. Su aullido no me daba miedo, sino que me producía una enorme sensación de soledad. Sensación que después, siempre, he pasado al hombre y a la condición humana, que para mí significa incomunicación, lamento, una soledad interminable.

Non lle tiña medo ó irmán lobo e tampouco ó "homo homini lupus" de Hobbes, pero el era un home da intimidade e do coloquio, non dos grandes espacios. Por iso era tan comunicativo e gustaba dos espacios que lle podían ser familia, como a mesa do xantar ou "a miña cidade natal e os seus vales, que dan a medida do ollo humano".

Atópome tamén na entrevista con algo que eu afirmaba naquel artigo baixo o epígrafe de "un aire franciscano". O admirado Álvaro amosa o seu entusiasmo polo xograr de Deus que abandonou o seu Asís por culpa dun formigueo que lle entrou no corpo:

> Siempre fuí muy franciscanista, y he escrito muchas cosas sobre el Poverello. Por temperamento, le tengo una enorme simpatía. Me gusta la humildad y la fraternidad con las cosas. No sólo con la gente, sino con los objetos más insignificantes. Propendo a tener amistad incluso con unas tijeras. Teniendo como tuve —y tengo— una gran simpatía por la Compañía de Jesús, me quedo con el Poverello por temperamento, por condición, por afinidades intelectuales.

Un franciscano que viviu a pobreza de tal xeito que moitas veces tivo que se acoller á súa irmá maior, Carmiña, que cuidou das súas derradeiras horas e á que se aconchegaba coma un paxariño piando ó seu niño, coma un neno á súa nai.

A súa prodigalidade case primitiva estaba feita a medida do seu corazón que rebordaba, o que non lle impidiu atender á formación moi coidada dos seus dous fillos, o mesmo que lle deu a capacidade de sementar "mil primaveras pra Galicia" e vivir entre os seus paisanos cunha sinxeleza humanizada e unha preferencia polos humildes, porque o pensamento do evanxelio que mais lle impresionaba era

> ...la frase de Cristo: 'Siempre habrá pobres entre vosotros'. Me refiero a pobres en el sentido total. En el de la pobreza material también, pero sobre todo en el sentido del dolor, de la carencia de inteligencia, de la pobreza de alma. Y también en el sentido de los pobres de espíritu, ricos en paciencia y humildad.

Ese era Álvaro: un neno pródigo, un fillo que sempre retornaba á súa casa, que era Mondoñedo, a Galicia, a súa nai e que pra el

non había o día de mañá, vivindo coma os paxaros do ceo e as flores do campo, vivindo cada día ó día.

A carón do epitafio das "mil primaveras" que lle vai poñer a Real Academia Galega, o seu fillo César dime que Álvaro encargou á familia estoutro: "Loubado sexa Deus que me permitiu facerme neste grande reino que chamamos Galicia".

XOSÉ CHAO REGO
Villalba



LEMBRANZA DUNHA "ROMERÍA NORMANDA"

DE VIGO A HASTINGS

Saímos de Vigo Cunqueiro e máis eu nunha mañán chuviosa. A partir das Cíes andivemos a sulcar un mar alporizado, que se encrespaba máis a medida que nos achegabamos a Cabo Vilán. A navegación decorría baixo un ceo grisallo, seguindo a roita que nos levaba á Gran Bretaña desde os confíns da costa galega. Ao anoitecer do segundo día de viaxe albiscamos traspasando a brétema, as guiñadas dun faro no litoral francés. Nas primeiras horas da mañán do 5 de outubro do 1966 presentimos a prosimidade da arribada. A medida que o barco se achegaba ao porto, a costa, alumada con milleiros de luces, estendíase diante da nosa ollada. Ún non sabía onde poñer os ollos, e a mirada ía sucesivamente dun extremo a outro do caserío e das edificacións, que xurdían acesos baixo da néboa.

Un ancho brazo de mar, que dende a ponte non podía medírese, penetraba na terra, que o abrazaba en forma semicircular. Era o porto de Southampton. Cando o barco o enfilou, por pouco sensible que ún fora, sentía una certa solenidade. O vello continente quedara atrás. As vellísimas illas británicas descobríanse diante de nós. Atracada a nao, tripamos terra inglesa por vez primeira.

Sin apenas facer pousada en Southampton enfrontamos a etapa inicial da "romería normanda", soñada por Cunqueiro. Un taxi contratado no mesmo porto de desembarco levaríanos a Hastings. Despóis de cruzar unha paisaxe poboada de pequenas vilas, detivémonos pra xantar nun restaurán do camiño que tiña o expresivo nome de "A Camelia". A paisaxe que a seguido percorrimos era unha paisaxe fermosa. As estradas que cruzaban a campía en tódolos sentidos, facíano con suma discreción, entre franxas verdes, setos vivos e fileiras de albres.

Fixemos unha breve estada en Chichester pra contemplar a bela catedral, reproducida en tódalas Historias do Arte. Reiniciamos despóis o camiño cara a meta do noso viaxe. A tarde era unha tarde serea, asollada, outonal. De cara ao sur, ao fondo do horizonte, unha lixeira brétema esbrancuzada celaba a visión. Estabamos xa nas ribeiras do Canal, entrando pola cidade de Hastings. O primeiro que descobrimos, ao pé da longa baranda desde a que se contemplaban as acougadas augas do Mar da Mancha, foi a sonada "Pedra do Normando", onde figura inscrita a data na que Guillermo o Bastardo puxo pé en terras británicas. Alén do Canal, lonxe da nosa ollada, estaban os portos menores, os peiraos fluviais que vencellan aos pobos dunha e doutra banda.

Aquí, a este mesmo lugar, arribara á cabeza dunha podente flota, habia novecentos anos, o rapaz e impetuoso Duque de Nor-



A bordo do trasatlántico "Monserrat", camiño de Inglaterra

mandía. A uns sete kilómetros, no alto dun cómaro con encosta pronunciada de descanso, agardábao, disposto á batalla, Harold Godwinson, o rei saxón. Como era de obriga, rubimos á "hill" onde tivo lugar o sonado combate medieval. Desde o auto botamos unha ollada ao panorama. O verde das costeiras e o dos prados era un verde fresco e mesto. Os vellos albres estaban chantados con tal malicia ornamental, que daquela, no outono, cando todo emprincipiaba a se cobrir de ouro e vinagre, chegaban ao punto doce da sua melancónica e grave beleza.

Chegamos á altura, a Battle Abbey, a cidade que recibe o seu nome do memorable acontecimento histórico. Constituía, sin dúbida, o lugar unha posición ideal defensiva, pois declinaba fortemente cara o val. Contra deste dispositivo tiña que atacar a cabaleiría daquel descendente de wikingos, que se acretaría pola sua extraordinaria enerxía e insólito talento político. Duas bandeiras ondeaban no campo inglés, á beira da tenda de Harold: a persoal do rei e o tradicional Dragón de Wessex. No campo normando lucía o estandarte de Guillermo. Montaba éste un espléndido cabalo de guerra traguido por Gifford desde Santiago de Compostela, e que había perecer na batalla. O encarnizado combate resolveuse coa morte de Harold e da meirande parte dos seus guerreiros. Coa vitoria de Guillermo, Inglaterra ía quedar baixo o dominio dos príncipes normandos. Despóis deles ningún pobo estranxeiro voltou a poñer pé nas illas británicas.

En conmemoranza do trunfo, Guillermo o Conquistador mandou construir a grande abadía, da que se conservan expresivas ruinas. Resultábame curiosa a familiaridade de Cunqueiro con estes lugares, obtida, sin dúbida, a traveso de copiosas leituras. Namentras o fotógrafo tiraba placas dos aspectos máis representativos, andive-

mos a percorrer de vagariño o terreo axardinado pra ademirar os prestixiosos restos monumentais. Diante deles, o miragre das evocanzas e das presencias era extraordinario. Alí estaban, coa sua enorme cárrega de historia, a fachada da vella abadía, as suas torres, o antigo claustro sobre todo, constituindo un espectáculo impresionante. As colunas e os arcos, de belísimo feitío, que se conservan, representaban unha ilustrativa lección de arte medieval.

Abandonamos a pequena cidade do outeiro, coas ruinas da sua abadía e o xogo dos seus tellados destacándose sobre da ispidez herbosa das ondeacións como unha pintura chea de poesía. Descimos outravolta cara Hastings, case aburados pola impresión dun lonxano pasado que rematábamos de avivecer. Aló ía quedando o poboado perdido nas frondas arrodeado do verde glauco dos prados. As nubes eran baixas e esbrancuzadas, o día era dunha opacidade mate, e a cada momento semellaba que ía emprincipiar a caír unha chuvia doce e fina...

Ás poucas horas do noso regreso a Hastings sentímonos alagados dun aborrecimento algodonoso e morno. Era como estar no baño-maría dunha cidade balnearia despóis do vran. Era unha cousa extraña: unha mestura de preguiza e de desexo de marchar canto antes —mesmamente de marchar canto antes— a Londres.

IMPRESIÓN DE LONDRES

O Condado de Sussex era, por aquí, un país de longas e soaves ondeacións. Dende a fiestriña do limpo pero modesto tren que nos levaba cara Londres, podiamos contemplalo a pracer. Sobre dos prados xurdían, asimétricamente, os grandes carballos. Estes vellos, nobres albres, sobre da herba, dábanlle a ún a sensación de ter entrado nun parque. Aparecían as primeiras casas de campo, que adoitaban seren grandes, isoladas e antigas. Despóis, riba dun arrampadoiro, entre masas arbóreas, asomábase un pobiño como unha calcomanía.

No departamento do tren, que ocupaban connosco dous silandeiros habitantes da bisbarra, apenas trocamos palabra. Seguimos ademirando a paisaxe que desfiaba dediante da nosa ollada. Unhas vacas, uns cabalos, os indefeitibles años andaban a vagar paseniñamente polos balados de herba. Os prados eran tan verdes, dun verde tan mollado e mesto, que ún sentía físicamente o alagamento no esprito, no corpo, do acougo. A herba, eternamente nova, miuda e mesta, tocada de pingas de agulla, dominaba o chan a catro ventos.

Levabamos xa un par de horas de viaxe. De súpeto todo empezou a cambear. Emprincipiaba a se descobrir no horizonte o perfil da imensa cidade. A primeira impresión que recibimos ao nos atopar xa dentro do escenario londinense, foi a de ter entrado nunha cidade enorme, equilibrada, sin aparatosidades inuteis. Antoxábasenos, así de primeiras, que se trataba dunha cidade pra vivir apracidamente, que poseía o feitizo, o sabor, o carácter que soio produz o paso dos anos.

Aló pola serán, unha serán longa e crara do outono nórdico, saímos do hotel pra nos pór en contacto con Londres. A impresión inimaxinable de acougo que sentimos á nosa chegada, con-



Un aspecto das ruinas da vella abadía de Battle Abbey

firmouse e acentuouse. Estabamos no centro, un dos centros da enorme aglomeración humana...

Da man de dous amigos recén descobertos, rubimos á alta Torre das plantas, que remataba de se erguer pra albiscar posibles perigos do exterior. Desde o singular miradoiro puidemos fixar na retina o gran espectáculo que ofrecía a imensa masa urbana baseada no ladrillo, pra dez millóns de seres. Eran infindas, e axeitadamente dispostas, as antigas construcións; suxería as mans dun batefolla o dédalo de ruas que broslaban a parte inferior dos moimentos; destacaban o arboredo e os verdes dos grandes parques; adequiría prestixio o Támesis, decorrendo, maino e lustroso, entre as vellas pedras da cidade. Londres, desde alí, somellaba unha enorme composición arquitectural, na que nada descompoñía o ritmo do maravilloso conxunto.

Aproveitando deica o límite os breves días de que dispoñíamos, andivemos a percorrer a cidade, soios unhas veces, na compaña de amigos outras. Paseamos polo Londres sabido de todos: o de Westminster, a City..., naturalmente inconfundible. O bairro de gran calidade —de pazos e moimentos— é, como ninguén descoñece, o da City. Nel está inxerida a historia da Gran Bretaña; é o núcleo de concentración histórica, de importante sedimentación, que produciu toneladas de retórica. Sentiamos no seu ambente un particular feitizo, pois que se trataba dunha intersección da historia e da vida moderna no que ten de máis comercial, activo e abalado.

A nosa andadura, rápida unhas veces e máis demorada outras, pola cidade de bairros solenes, de fermosos edificios, de ruas soberbias, amosounos o enorme carácter, a persoalidade acusadísima da grande urbe. Non atopamos nela un soio recanto que non tivese un selo inconfundible...

Por outra banda, Londres é —xa se sabe— a cidade dos parques. Saint James Park, Hyde Park, Kensington Park, Regents Park parecéronnos unha das grandes maravillas que se lle ofrecen ao visitante. En plena poboación, arrodeados de casas, os parques reveláronsenos como imensas lagoas verdes, pulmóns anchísimos da cidade. Nalgúns puntos, baixo dos albres xigantescos, esquecíamonos de que estabamos nunha das meirandes cidades do mundo.

Londres amostróusenos deliciosamente igual á imaxe que dela tiñamos. E soio engadimos a ela breves notacións de coor ou de sonido. E de dimensión, porque á sospeitada dimensión de imensidade que xa presentiamos, engadíase unha prodixiosa sensación de sinxeleza, de naturalidade.

WALTHAM E O REGRESO

Cunqueiro estimaba que pra completar o circuito da nosa "romería normanda", compría ir á cidade de Waltham, onde está soterrado Harold, o derradeiro rei saxón derrotado e morto na batalla de Hastings. Saímos de mañán do centro de Londres. A longa experiencia do condutor do modernísimo auto que nos transportaba, induciuno a nos levar polas vías de menor tránsito pra saír ás aforas da poboación. A dirección dos vehículos pola esquerda sorprendíanos, por moito que souperamos dela.

Pasamos polas boscosas chairas que hai que atravesar pra chegar a Waltham. No Epping Forest, un letreiro que miraba á es-

trada falábanos algo da agallopada do "cervo real". A néboa mesta, fulixinosa, que deixáramos en Londres, era aquí un choviscar levián que humedecía e daba meirande brillo ao verde da paisaxe.

Parecíanos que a paisaxe inglesa era algo máis do que decía Taine: unha factoría pra producir verde. Era o verde e a lembranza, un chan verde poboado de lembranzas ensombrizadas por unha botánica insigne. Pensabamos sin querer, dediante desta paisaxe, no pintor outonal por excelencia: en Sisley. O seu forte foran os castiñeiros de Indias da Illa de Francia, tan pomposos e grandilocuentes, que o artista colocaba sobre un ceo bretemoso, nos recóbados dos ríos manseliños. Aquí, o ceo e a luz eran indudablemente outros. Pero había aquí, como naquelas belas telas, a sensación de silencio, de acougo, de paz envolveita nos outonais fumes preguizosos da natureza.

Atopabámonos xa na pequena cidade onde se conxugan en rara armonía o seu pasado histórico con certa modernidade industrial e o verdor da campía que a envolve. A nosa primeira visita foi á eirexa da Santa Cruz, fundada e dotada polo rei Harold. Nela impetrou axuda aquel ano 1066, denantes de se dirixir ao outeiro de Hastings onde atopou a morte. A soedade da sua campa era un melancónico comento sobre do seu pasado. Tras da eirexa, sobre un campo amurado, un pouco alonxada das demáis campas, unha sinxela táboa indicaba o seu enterramento. Eso e unha pequena estatua colocada na sua hornacina na fachada exterior, en días máis recentes, lembrábano tristeiramente.

Despóis de xantar nun acolledor restaurán de Waltham, emprendimos o regreso a Londres. Riba dunha lomba víase caír unha poalla baixo dun ceo de coor de mermelada de laranxa, ateigado o ár de vapores grisallos, morados, lila. Pola outra banda do horizonte, o sol rachaba a muselina da néboa e xurdían de súpeto unhas raiolas como unha aparición.

De novo na enorme cidade, sentiamos como as sombras do pasado andaban a xurdir por cen recantos. Queriamos dar remate á nosa pelerinaxe normanda visitando a Torre de Londres. Como ninguén descoñece, o edificio central desta grande construción grisalla —a chamada Torre Branca— é a fortificación primitiva, mandada construir no século XI polo vencedor de Hastings. Darredor da fortaleza foi medrándo o Londres de chouzas primitivas e límites definidos con chantas. Un frade normando —Gandolfo— andivo a traballar anos e anos como arquitecto na construción.

Cando entramos na fortaleza, un público nutrido decorría polo recinto. A tarde era verdadeiramente evocadora do sombrizo lugar. Non nos costaba moito esforzo reconstruir coa imaxinación o ambente das grandes traxedias alí ocurridas. Os soldados da garda co seu uniforme da época dos Tudor; e o vóo dos corvos que habitan as troneiras da Torre Branca, contribuían a arredondear aquel ambente...

Remataba xa a nosa breve estada en Inglaterra. Collimos o tren pra Southtampton na estación de Watterloo. O tren, desde a sua saída, foi pasando revista á paisaxe. As nubes andaban de vagariño, deixaban ollar un craro de azul e despóis amoreábanse nunha escuridade cárdena e plumbiza. A terra seguía o gosto ver-

sátil do ceo, e trasformábase arreo, cambeando como abalada por unha música incerta, esgarecida, un algo atristurada. Os campos de golf que, de tanto en tanto, se distinguían, estaban case desertos. O céspede brillaba moi verde. Ao longo da vía, a banda e banda, xurdían tódalas formas do acougo e da paz.

Cando chegamos a Southtampton, o tren detívose a carón do peirao de embarque. Rubimos ao "ferry-boat", e a pouco púxose en marcha coa sua trepidación soave. Tardamos un algo en saír da badía. A tardiña abríase como un gran abano de prata. O mar non nos tomaba en serio: era mol e tranquío. A nao era limpa, polida, luxosa...

Descobrimos as Cíes no amencer do segundo día de viaxe. Ao nos achegar a Vigo faciamos memoria do experimentado neses poucos días —poucos demáis— que pasámos en Inglaterra. País fondamente outonal, fondamente silandeiro, pareceunos aos dous un bó país, consolidado, estable, ricaz: un país pra vivir.

SALVADOR LORENZANA
V i g o



LEMBRANZA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E UNHA BIBLIOGRAFÍA MÁIS DA SUA OBRA

LEMBRANZA

A morte de Álvaro Cunqueiro afectou fondamente aos seus numerosos amigos, que nos sentimos agora, además de apenados, eu diría que desamparados ao pensar que perdimos a un home de gran talento como escritor e con extraordinarias coalidades humanas. Dêsde os lonxanos anos —xa decorreron trinta e tantos— en que o coñecín en Madrid a traveso de Mourlane Michelena, como precisei nesta mesma revista [1], sentín unha intensa ademiración pola sua obra e un fondo afecto cara a sua persoa que a ninguén extrañará, pois Álvaro prodigaba xenerosamente o gran don da sua amistade.

Escritor de indubidable facilidade no manexo do galego natal e o castellano, en ambos idiomas deixounos grandes obras maestras. Si a Real Academia Galega chamouno hai anos ás suas filas, coido que a Española foi abondo descoidada en non ter valorado suficintemente o seu labor.

Algunha vez contei unha pequena anécdota en relación co libro *Xente de aquí e de acolá,* en cuia preparación do material que lle serviría a Álvaro pra escribilo na lingua na que foi pensado, tiven unha miuda participación, en colaboración con Paco F. del Riego, que se víu amplamente recompensada coa adicatoria a ambos da edición. Ao téla nas mans, expreseille a Paco a miña ademiración polo texto, que me parecía unha das suas mellores obras, á par que o receio de que o galego empregado por Álvaro fose de escasa calidade literaria, mesmamente porque eu o entendía sin esforzo. A resposta de Paco del Riego foi tan tallante como crarexadora: non se trataba dun galego de baixa calidade, sinón todo o contrario; precisamente o seu valor literario e o seu gran poder expresivo facían posible a sua doada comprensión, pois era un idioma perfeitamente cinguido ao que quería expresar.

Cunqueiro foi un gran humanista de amplísima e variada cultura, cun gran don de creación imaxinativa e unha considerable dosis de comprensiva ironía, e son bastantes os escritores que suliñaron esas coalidades ás que se une en moitas ocasión un delicioso surrealismo, que non lembro ter visto destacado polos seus críticos.

Os seus derradeiros anos víronse amargurados por sucesivas doenzas, pero sempre lle aseguraba ao visitante, mesmo nos últimos tempos, que ía mellorando, penso que por pura delicadeza cara o amigo e pra non atristuralo cos altibaixos da sua saúde.

No día do seu enterro fixen, pouco antes, unha visita a San Martiño de Mondoñedo, tal e como fixéramos, había catro anos,

[1] "El primer libro en lengua vasca y la bibliografía de Cela y Cunqueiro". *Grial,* tomo 7 (1969): 234-241.

Álvaro, o seu chofer Leopoldo, o bibliógrafo inglés F. J. Norton i eu mesmo, en grata e deliciosa excursión. Ao regresar a Mondoñedo naquel domingo de Antroido, púxose en marcha o cortexo fúnebre e levei algún momento sobre os meus hombreiros o peso do cadaleito, mentras a miña man esquerda acariñaba no peto un papeliño con un poema que me propuña lér no camposanto, inda que ao cabo non me atrevín, por arreciar a chuvia e pensar que quezáis se considerase pouco oportuno. Era un Epitafio escrito no pasamento do gran prosista irlandés Lord Dunsany, por quen ambos sentíamos viva ademiración e que me parecía aplicable á sua propia morte, e que agora estampo aquí:

LORD DUNSANY. EPITAFIO

—¡Bos días!, decíanlle as fadas
que durmen da outra banda da mar.
—¡Boas noites!, decíanlle os fantasmas
que despertan cando canta a curuxa.
E no camiño de Carcasona saudábano
os que endexamáis chegarían acolá.
Soñou todas as cousas invisibles
e no que toca ao home, viu indiferente
pasar aos que non se lle asemellaban...
E cando lle chegou a hora, soñando estaba
un país onde chovían volvoretas
pra que se fixese a luz. E a luz foi feita.
Agora el mesmo, na sombra perdido
fada é, e *fantasma* e *vagabundo*
por quen adeprenden a guiarse as estrelas.

A SEXTA BIBLIOGRAFÍA

Con divertida e amable benevolencia acolleu Álvaro a broma do meu nomeamento como "Bibliógrafo Mayor de su Reino", pero en realidade e como un pequeno tributo á sua gran valía, procurei en varias ocasións trazar a sua bibliografía e agardo proseguila no futuro, pois aínda non conto con datos abondo pra facer unha ao meu gosto. Ésta fai a sexta das que se divulgaron, i é a máis completa referida aos seus libros, sendo as anteriores as seguintes:

1.ª En 1969 no tomo indicado da revista *Grial*, n.º 23.

2.ª En 1975, realizada pra Álvaro e que éste lle facilitou (supoño que hai xa tempo, pois sigue "ancorada" no 1975) a Diego Martínez Torrón, e que éste inclúe nas páxinas 173-175 do seu libro *La fantasía lúdica de Álvaro Cunqueiro* (La Coruña, 1980).

3.ª Publicada no "Faro de Vigo" o 27 de xaneiro do 1980 e reproducida no mesmo xornal o 1 de marzo deste ano, con motivo do seu pasamento.

4.ª En marzo do 1981 publicada nas páxinas finais do folleto *Laude da Camelia*, n.º 52 desta Bibliografía.

5.ª En abril do 1981 pra a revista de Santiago *Coordenadas*.

Con estas bibliografías tencionei remediar a total ausencia de datos sobre os seus libros i edicións en obras tan importantes como o *Manual del Librero* de Palau (2.ª edición), a parte bibliográfica

de Campos na *Historia de la Literatura Española Contemporánea* de Torrente Ballester, e a 1.ª edición do *Manual de Bibliografía de la Literatura Española* de Simón Díaz; e quero anotar con alegría que a 2.ª edición desta importante obra, recén publicada (Madrid, 1980) inclue a Cunqueiro e cita 14 edicións, inda que a primeira, penso, é "fantasma". En bibliografías lóxicamente moi pobres, dada a sua data de publicación, poden atoparse algunhas referencias; así 10 no *Diccionario biobibliográfico* de Couceiro, e 5 na *Bibliografía General Española e Hispanoamericana.*

Mellor parada resultou a bibliografía en galego; así no catálogo *Cen anos de Literatura Galega* de Alonso Montero e Ramos de Castro, i especialmente na minuciosa i excelente *Historia da Literatura Galega Contemporánea* de R. Carballo Calero. Tamén recollen o fundamental da bibliografía as Antoloxías de Poesía Galega Contemporánea de F. Fernández del Riego, Basilio Losada e outras.

Considero que unha bibliografía total de Cunqueiro debe abranguer, polo menos, os seguintes apartados:

I. Libros.
II. Traducións dos seus libros.
III. Colaboracións noutros libros.
IV. Artigos en publicacións periódicas:
   a) Colaboracións illadas.
   b) Colaboracións habituais.
   c) Series consistentes.
V. Entrevistas con Cunqueiro.
VI. Traducións feitas por Cunqueiro.
VII. Varia (follas soltas, folletos, separatas, pes pra calendarios, etc.).
VIII. Traballos sobre Cunqueiro:
   a) Libros.
   b) Tesis doutorais.
   c) Artigos.

Nesta sexta bibliografía limiteime vontariamente ao Capítulo I e un breve e parcial exame dos capítulos III e apartados b) e c) do IV. Doulle as gracias ao amigo Paco Fernández del Riego, que coa sua habitual amabilidade asumiu a tarea de trasladar ao galego o meu breve castellano de Álava cos seus matices rioxanos.

A seguido, unhas poucas observacións sobre o Capítulo I que se inxire a continuación:

Precurei presentar este Capítulo I o máis completo posible, e o que non inclúa deberase ás miñas propias ignorancias e limitacións. Establecín dentro del os 8 apartados que se verán, clasificación de materias que, como todas elas, é suscetible de críticas. Dentro de cada apartado seguín un orde cronolóxico, desde a primeira aparición de cada obra (calquera que seña o seu idioma) e a continuación as versións noutra lingua, si as hai.

Case todas as edicións que levan número foron vistas por min, agás unhas poucas que son simples repeticións exactas de edicións anteriores. E, inda que nono fixera nas miñas anteriores bibliografías, incluín, pero sin lles asignar número, aquelas edicións que se citan pero sobre cuia existencia teño serias dúbidas. ¡Ogallá algunha persoa me ensine un exemplar e remedie a miña ignorancia!

Tiven empeño en recoller de cada edición os seguintes datos, que non sempre figuran nas bibliografías, pero que me parecen de indubidable interés:

1. Título do libro e outros datos, si constan na portada.
2. Lugar de edición e ano, nome da editorial e da imprenta e data do colofón (si o hai). No seu caso, título da Biblioteca ou Colección á que pertenece e número de orde nela.
3. Tamaño e número de páxinas ou follas, proseguindo a numeración, inda que ésta non estea impresa, ate chegar ao colofón.
4. Nome do ilustrador e número de ilustracións e as suas características, cando as hai.
5. Anotación de traballos doutros autores que poida conter o libro, inda que non consten na portada.
6. Adicatoria do libro, si a leva.
7. Contido, detallando sumariamente partes e capítulos, e tamén as variacións do texto verbo doutras edicións.

Dubidei si incluir outros dous datos que adoitan ter interés: o precio e a localización dalgún exemplar en cada caso, e decidinme pola negativa polas flutuacións do primeiro e por ser afortunadamente asequible nas librerías a adquisición do máis importante da obra de Cunqueiro, gracias especialmente a catro editoriais e a quenes están ou estiveron ao frente delas, e que quero nomar aquí expresamente: Editorial Galaxia, de Vigo; Ediciones Destino, de Barcelona; Editorial Taber, da mesma poboación; e Editorial Everest, de León. Contrasta a ausencia de editoriais importantes de Madrid, agás nalgúns libros imposibles de atopar hoxe.

Por suposto que as máis importantes bibliotecas poseen boas coleccións cunqueiranas: así, a Biblioteca Penzol de Vigo, a do Museo de Pontevedra, a xeneral da Universidade de Santiago, as do Instituto "Padre Sarmiento" e Instituto da Lingua Galega, e a da Real Academia Galega da Coruña. Penso que somos tamén bastantes os particulares que as percuramos e gardamos co interés do que son merecentes.

Emprego con frecuencia algunhas abreviacións cuia clave dou aquí:

Páx. ou páxs.	= páxinas.
Bibl.	= Biblioteca.
Col.	= Colección.
En bl.	= en branco.
F.	= folla.
V.	= volta (da páxina).
s. a.	= sin ano
s. l.	= sin lugar

I. OS LIBROS DE CUNQUEIRO E AS SUAS EDICIÓNS

A) POESÍA

1. *Mar ao Norde.*

Santiago 1932. Ed. Nós. Imprenta Nós (Rúa das Hortas 20, baixo). 13 xunio 1932. (Col. Nós, volume LI).
Con 5 dibuxos de Luís Seoane en tapa e páx. 7, 15, 35, 51.
En 16.º 56 páxinas + 1 f. de colofón + tapas cartulina.
Tanto o texto como os dibuxos somente en páx. impares; as pares en branco.
Non ten adicatoria xeral ao comezo, mais sí algunhas espalladas, a Aquilino Iglesia Alvariño, Ánxel Fole, Bernar-

dino Vidarte, Francisco Lamas, Ricardo Carballo [Calero] e Ramón Martínez [López].
Cont.: Porto (3 poemas); Mar outa (9 poemas); Illa (7 poemas); Terra adrento (2 poemas).

2. *Somas de craridades* e unha carta a Luís Seoane por S. Montero Díaz.

A Coruña, 1977. Ediciós Cuco-Rei. Imp. Moret. 30 maio 1977.
En folio, 18 follas sen paxinar + 4 dibuxos de Seoane, tres deles plegados + tapas de cartulina con dibuxo de Seoane.
Edición fora do comercio de 150 exemprares, numerados e firmados por Luís Seoane na folla de xustificación da tirada.
Tanto na tapa como na portada o título é "Soma", mais nos facsímiles de man do poeta figura craramente "Somas" por duas veces.
Non ten adicatoria. Cont.: Xustificación da tirada; 7 poemas de Cunqueiro do ano 1932; Carta de S. Montero Díaz a Luís Seoane na data 15 decembro 1932; 4 grabados de L. Seoane (de data posterior); 4 grabados de L. Seoane (nas guardas) coa firma autógrafa do dibuxante.

3. *Cantiga nova que se chama riveira.*

Santiago 1933. Ed. Resol. Nós, Pubricacións Galegas e Imprenta. Non ten colofón.
En folio. Portada + 19 follas + tapas cartulina.
O texto somente en follas impares; as pares en branco.
Non ten adicatoria xeral, mais os poemas 2.º a 19.º están adicados respectivamente a Manuel Álvarez, Raimundo Aguiar, Luís Manteiga, Xosé Eiroa, Honorato Estella, Manuel Colmeiro, Carlos Maside, Constantino Díaz, Francisco F. del Riego, Augusto M.ª Casas, Luís Seoane, Domingo García-Sabell, Ramón Suárez Picallo, Alfonso R. Castelao, Luís Pimentel, Fermín Bouza-Brey, Xosé M.ª Domínguez e Xohán Luís Ramos Colemán.
A Cantiga 20 adicada ao editor do libro, Arturo Cuadrado, non fora pubricada entón. A tapa ten un dibuxo en folio de L. Seoane.
Cont.: folla 1.ª Amor de agoa lixeira (non ten adicatoria); follas 2.ª a 19.ª outras 18 cantigas coas adicatorias sinaladas.

4. *Id.* 2.ª edición.

Vigo 1957. Edicións Monterrey. Talleres Peón de Pontevedra. 24 agosto 1957. (Col. Leixado do Vento).
En 16.º 62 páx. + 1 f. de colofón.
Tirada de 438 exemprares numerados en papel de fío Guarro.
Dibuxo de Seoane que figuraba na tapa da 1.ª ed.
O autor engadíu pra a 2.ª edición 5 cantigas (numeradas 21 a 25) adicadas a Alberto Casal, Xesús Suevos, Miguel González Garcés, Francisco Leal Insua e Emilio Álvarez Blázquez e introducíu certas variantes en varias cantigas.
Cont.: Cantigas 1 a 25.

5. *Poemas do sí e non.* Con 7 dibuxos de L. Seoane.

Lugo 1933. Edicións Un. Imprenta de A. Suárez Gomes, sucesor de Villamarín. 15 de San Xoán de 1933.
En 4.º 40 follas sin paxinación en papel de fío + tapas papel.
Adic.: A Ela i-a min mesmo. En canto á tristeza os dous éramos alegres.
Cont.: Limiar; Ela (6 poemas); Ela y Ele (8 poemas, Poemas 1 a 4 e Noivado 1 a 4), Parque-Final-Elexía (3 poemas).

s.n. *Poemas. Antología de inéditos.*

Lisboa 1934. Edición Descobrimento.
No teño máis datos. A cita procede da Lista de obras do autor ao remate do N.º 7.

6. *Elegías y Canciones.*

Barcelona 1940. Editorial Apolo. Talleres de Juan Sallent, Sabadell. 25 octubre 1940. (Col. Azor dirigida por Félix Ros, 4).
En 16.º 60 páxs. + 1 f. de Obras del autor + 1 f. de colofón + 1 f. en bl.
Adic.: A doña Elvira. Cont.: La poesía de Álvaro Cunqueiro por Eugenio Montes; Canción inicial; Elegías (7 poemas); Canciones (4 poemas); Favorable prisión del sueño (7 poemas); En un Álbum (1 poema).

7. *Dona do corpo delgado.*

Pontevedra 1950. Editor Sabino Torres Ferrer. Gráficas Torres. Non ten colofón. (Col. Benito Soto, 5).
En 8.º 30 páx. + 1 f. en bl.
Adic.: A E. (¿será Doña Elvira?). Cont.: Recomendazón da ialma e do corpo; Dona do corpo delgado (3 poemas); Duas elexías; Cantigas do amor cortés (8 elexías).

s.n. *Herba aquí e acolá.*

Libro preparado por Miguel González Garcés, que non se publicou. O texto figura por vez primeira no N.º 99.

B) TEATRO

8. *O incerto señor Don Hamlet, Príncipe de Dinamarca.* Peza dramática en tres xornadas, na que se representan as suas dúbidas e morte, e se dá varia noticia de outras xentes.
Vigo 1958. Ed. Galaxia. Talleres Peón de Pontevedra. 16 febreiro 1959.
En 8.º 91 páx. + v. en bl. + 2 f. de colofón + tapas cartulina.
Fixéronse duas tiradas; unha de 250 exemplares sobre papel rexistro (14 x 21 cms.) e outra de 750 exemplares en papel corrente (12 x 19 cms.).
Con 3 dibuxos en negro (no texto) e 1 en color (na tapa) sin firma, pero seguramente de Xohán Ledo.
Adic.: A Fernando Alonso Amat. Cont.: As tres xornadas da obra.

O autor do *Sinbad*, mineiro en Fontao, marzo do 1959: "Parezo El-Rei dos Belgas, que sempre se retrataba así"

En conversa con Emilio Álvarez Blázquez, Ramón Piñeiro, del Riego e Pedro Díaz

No seu cuarto de traballo vigués, xa nos últimos tempos da sua vida

O enterro do escritor en Mondoñedo, baixo da chuvia

9. *Don Hamlet e tres pezas máis.*

Vigo 1974. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. 16 de xaneiro de 1974.
En 8.º 215 páx. + v. en bl. + 1 f. de colofón + 1 f. en bl. + tapas cartulina.
Dibuxo na tapa de Xohán Ledo.
Adic. de Hamlet como N.º 8. Cont.: O incerto señor Don Hamlet; A noite vai coma un río; Palabras de víspera; Función de Romeo e Xulieta.
Á 1.ª e ao N.º 8 engadidas unhas notas; a 2.ª publicárase na revista *Grial* en 1969 i en castellano no N.º 31; a 3.ª era inédita; a 4.ª figuraba no N.º 19; Nas editadas, engadíu o autor algúns textos e correccións.

C) NARRACIÓNS IMAXINADAS

10. *Merlín e familia e outras historias.*

Con 14 ilustracións de Prego de Oliver a 2 cores e 1 en negro e outras 15 letras capitais grabadas.
Vigo 1955. Editorial Galaxia. Talleres Faro de Vigo. 25 de agosto 1955.
En 8.º 150 páx. + 1 f. de colofón + tapas cartulina.
Adic.: A Alberto Casal. Cont.: Nota do autor; 13 caps.; Final; Índice onomástico.

11. *Id.* 2.ª edición.

Vigo 1968. Editorial Galaxia. Talleres Gráfico de Faro de Vigo. 19 de San Xoán de 1968.
Con 15 ilustracións de Prego de Oliver en negro.
En 8.º 166 páx. + 1 f. de colofón + tapas cartulina.
Adic. como N.º 10. Cont. como N.º 10, engadido un capítulo: Aquel camiño era un vello mendiño, ou seña como N.º 14.

12. *Id.* 3.ª edición.

Vigo 1976. Ed. Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. Non ten colofón.
En 8.º 181 páx. + v. en bl. + tapas cartulina.
Adic. e Cont.: como N.º 11, e tamén os dibuxos en negro.

13. *Id.* 4.ª edición.

Vigo 1981. Ed. Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. Non ten colofón.
Diseño da tapa por M. Janeiro e F. Mantecón.
En 8.º 191 páx. + v. en bl. + tapas cartulina.
Adic. e Cont. como N.º 11 e tamén os dibuxos en negro.

14. *Merlín y familia.*

Barcelona 1957. Editorial AHR. Gráficas Ampurias. Octubre 1957. (Col. Pigmalión)..
Dibuxo anónimo na tapa. Na solapa da tapa, texto escrito por Vicente Risco.

En 8.º 234 páxs. + 1 f. de colofón + tapas cartulina.
Adic. como N.º 10; Cont.: Nota preliminar.
Primera parte: Miranda (12 caps.) son os 12 primeiros da ed. en galego.
Segunda parte: Aquel camino era un viejo mendigo (nota preliminar e 4 caps.).
Apéndices: La novela de Mosiú Tabarie y Pablo y Virginia.
Noticias varias de la vida de Don Merlín (nota prel. e 5 caps.).
Índice onomástico.
Texto como N.º 10 (pero en castellano) esgadida a segunda parte, ou seña como N.º 11.

15. *Id.* 2.ª edición.
Barcelona 1969. Ediciones Destino. Talleres Ariel, Esplugas de Llobregat. Noviembre 1969. (Col. Áncora y Delfín, 332).
En 8.º 216 páx. + 1 f. de colofón + 1 f. en bl. + tapas cartón e camisa.
Adic. e Cont. como N.º 14.

16. *Id.* 3.ª edición.
Barcelona 1973. Ediciones Destino. SAI Gráfica, Hospitalet (Julio 1973). Non ten colofón.
En 8.º 216 páx. + 1 f. en bl. + tapas cartón e camisa.
Adic. e Cont. como N.º 14.

17. *As Crónicas do Sochantre.*
Portada de Suárez Llanos. 7 ilustracións en negro de Xohán Ledo.
Vigo 1956. Editorial Galaxia. Talleres Faro de Vigo. 22 agosto 1956.
En 8.º 146 páx. + 1 f. de colofón + 1 f. de anuncio editorial + 1 f. en bl. + tapas cartulina.
Adic.: A Francisco Fernández del Riego.
Cont.: Textos iniciais: Bretaña é unha terra...; Charles Anna Guenole...
Parte primeira: A carroza (4 caps.).
Parte segunda: As historias (7 caps.).
Parte terceira: Os viaxes (introd. e 4 caps. un deles o entremés de Romeo e Xulieta, famosos namorados).
Final.
Apéndices: Dramatis personae e Noticia de Ismael Flórito.

18. *Id.* 2.ª edición.
Vigo 1980. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. 20 xunio 1980.
En 8.º 165 páx. + 1 f. de colofón + tapas cartulina.
Dibuxo da tapa de ?
Adic. e Cont. como n.º 17.

19. *Las Crónicas del Sochantre.*
Barcelona 1959. Editorial AHR. Talleres de la Imprenta Socitra. Non ten colofón. (Col. Pigmalión).

En 8.º 234 páxs. + 1 f. de colofón + tapas cartón + camisa con dibuxo en color.
Adic. e Cont. como N.º 17 (en castellano) coas seguintes variantes:
Texto inicial: Bretaña es una tierra...
Parte 1.ª: La hueste viene por el Sochantre (int. e 4 caps.).
A introdución e o 2.º texto inicial "Charles Anna..." da edición en galego.
Ao final dos 2 apéndices, un Epílogo para bretones, que non figura nas edicións en galego.

20. *Id.* 2.ª edición.

Barcelona 1966. Ediciones Destino. (Col. Áncora y Delfín, 277).
En 8.º.
Sin dúbida idéntica (ou análoga) á N.º 19.

21. *Id.* 3.ª edición.

Barcelona 1969. Ediciones Destino. Sept. 1969.
Col. como N.º 20.
En 8.º 190 páx. + 1 f. de colofón + tapas cartón + camisa con dibuxo en color.
Adic. e Cont. como núms. 19 e 20.

22. *Id.* Con Prólogo de Néstor Luján.

Barcelona 1970. Salvat Editores, S. A. con la colaboración de Alianza Editorial, S. A. Gráficas Estella, Estella (Navarra). Non ten colofón. (Biblioteca Básica Salvat de Libros RTV, 90).
En 8.º 160 páxs. + 3 f. de Relación de títulos da Bibl. Salvat + Tapas cartulina. Texto como en 19 e seguintes coa adición do Prólogo de Luján.

23. *Id.* 4.ª edición.

Barcelona 1973. Ediciones Destino. (Col. Áncora y Delfín, 277).
Texto sin dúbida como nos núms. 20 e 21.

24. *Id.* 1.ª edición en Destinolibro.

Barcelona 1977. Ediciones Destino. Gráficas Instar, S. A. Marzo 1977. Non ten colofón. (Col. Destinolibro, 34).
En 8.º 190 páxs. + 1 f. en bl. + tapas cartulina.
Adic. e cont. como nos núms. 20 e 21.

25. *Las mocedades de Ulises.*

Barcelona 1960. Librería Editorial Argos. Comercial y Artes Gráficas, S. A. (Talleres Raiclán). Non ten colofón.
En 4.º 259 páxs. + v. en bl. + tapas cartón.
Con 5 litografías en color de José María Prim.
Adic.: A Ignacio Agustí. Cont.: Advertencia (firmada A. C.); Pórtico; Parte 1.ª (5 caps.); Parte 2.ª (Pórtico, 6 caps. i epílogo); Parte 3.ª (Pórtico(, 8 caps. i epílogo); Parte 4.ª (5 caps. i epílogo); Final; Índice onomástico.

26. *Id.* 2.ª edición.

Barcelona 1970. Ediciones Destino. Talleres Gráficos A. Núñez. Agosto 1970. Non ten colofón. (Col. Áncora y Delfín, 340).
En 8.º 308 páxs. + tapas cartón + camisa color.
Adic. e texto como N.º 25, pero non ten as litografías en color.

27. *Si o vello Sinbad volvese ás illas...*

Ilustrouno e fixo a portada Xohán Ledo.
Vigo 1961. Editorial Galaxia. Talleres Gráficos Faro de Vigo. 15 do mes de Nadal de 1961.
En 8.º 175 páxs. + v. en bl. + tapas cartulina en color.
Tapas en color e dez dibuxos en negro de Xohán Ledo.
Adic.: A Emilio Álvarez Blázquez.
Cont.: 4 partes e 2 apéndices, sin división de capítulos. Os dous apéndices conteñen: Plática de mares arábigos e Esceas 2.ª e 25.ª da peza de Teatro Chinés "A dama que engañaba...".
Ao comezo, unha cita de Shelley, e antes da 4.ª parte outra de Yeats.

28. *Id.* 2.ª edición.

Vigo 1980. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. 15 de xulio do 1980.
En 8.º 166 páxs. + 1 f. de colofón + tapas cartulina.
As mesmas ilustracións de Xohán Ledo agás a da tapa. Diseño dela por M. Xaneiro e F. Mantecón.
Adic. e Cont. como N.º 27.

29. *Cuando el viejo Sinbad vuelva a las islas*

Barcelona 1962. Librería Editorial Argos, S. A. Impreso en Talleres Raiclán de CAGSA. Non ten colofón.
En 4.º 171 páxs. + v. en bl. + tapas cartón.
Con 13 grabados en negro e 4 litografías en color, especialmente creadas por José María Prim.
Adic. e texto como N.º 27 (en castellano).

30. *Id.* 2.ª edición.

Barcelona 1971. Ediciones Destino. Talleres Gráficos Ariel, S. A. Esplugas de Llobregat (Barcelona). Noviembre 1971. Non ten colofón. (Col. Áncora y Delfín, 374).
En 8.º 166 páxs. + 1 f. en bl. + tapas cartón + camisa color.
Texto como N.º 29, agás os dibuxos e litografías de J. M. Prim.

31. *Un hombre que se parecía a Orestes.* Premio Eugenio Nadal 1968.

Barcelona 1969. Ediciones Destino. Talleres Gráficos de Agustín Núñez. Enero 1969. Non ten colofón. (Col. Áncora y Delfín, 325).
En 8.º 247 páxs. + v. en bl. + tapas cartón + camisa color.
Non ten adicatoria. Cont.: (Prefacio); 1.ª parte (9 caps.); 2.ª parte (int. e 10 caps.); 3.ª parte (int. e 3 caps.); 4.ª parte

(int., Paso del Galán de Florencia e 4 caps.) nos caps. 2.º e 4.º outros dous Pasos; Seis retratos; Índice onomástico.

32, 33, 34, 35, 36. *Id.* 2.ª, 3.ª, 4.ª, 5.ª, 6.ª edición.

Barcelona, febrero 1969, marzo 1969, marzo 1969, abril 1969, junio 1969.
En 8.º, sen súbida análogas características que N.º 31.
Texto, etc. como N.º 31.

37. *Id.* (con otras obras). Colección Premio Nadal. Tomo IX.

Álvaro Cunqueiro, Un hombre etc.; Francisco García Pavón, Las hermanas coloradas; Jesús Fernández Santos, Libro de las memorias de las cosas.
Barcelona 1974. Ediciones Destino. Imprenta Clarasó, S. A. Octubre 1974. Non ten colofón. (Col. Premio Nadal, 9).
En 8.º 697 páxs. + v. en bl. + tapas pel.

38. *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca*

Barcelona 1972. Ediciones Destino. Talleres Gráficos A. Núñez. Diciembre 1972. Non ten colofón. (Col. Áncora y Delfín, 408).
En 8.º 189 páxs. + v. en bl. + 1 f. en bl. + tapas cartón + camisa color.
Adic. A Domingo García Sabell. Cont.: Introducción; 1.ª parte. Nacimiento, infancia, etc. (4 caps. e máis epílogo); (2.ª parte) Algunas fugas y compañeros de Fanto (int. e 6 caps.); (3.ª parte) Retratos y vidas (5 caps.); Apéndice: Sobre el Discurso de "Lionfante" en el Senado de Venecia: Índice onomástico.

39. *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes.*

Barcelona 1974. Ediciones Destino. Talleres Gráfico A. Núñez. Mayo 1974. Non ten colofón. (Col. Áncora y Delfín, 444).
En 8.º 239 páxs. + v. en bl. + tapas cartón + camisa color.
Non ten adicatoria. Cont.: Cita del Génesis 37, 18-20; Dos prólogos; La ciudad y los viajes (6 caps.); Anuncio del cometa (int. e 6 caps.); Los Reyes en presencia (int. e 4 caps.); Audiencia con Julio César. Final (int. e 3 caps.).

D) PEQUENAS HISTORIAS

s.n. *Historia del Caballero Rafael.*

Publicouse na revista *Vértice* no 1939 e no N.º 7 (Elegías y Canciones) aparez citada na forma seguinte:
Historia del Caballero Rafael. Novela. Barcelona 1940. La rosa de piedra. Teño grandes dúbidas de que chegase a publicarse esta ed. independente.

40. *Balada de las damas del tiempo pasado.*

Madrid, s. a. (1945). Editorial Alhambra. Talleres Gráficos "Marsiega". Non ten colofón. (Col. La vida en la mano).

Na portada Biblioteca del Adolescente.
En 16.º 155 páxs. + v. en bl. + 1 f. de Obras do autor + tapas cartulina en color. Con 1 dibuxo en color (na portada) e 1 en negro (no texto) de Arribas.
Non ten adicatoria. Cont.: Prólogo; Breve noticia de François Villon y de su balada, Balada de las damas del tiempo pasado (11 caps.); Envío.
Os 11 caps. son: Flora, la bella romana; Archipas; Blanca de Castilla, Berta del gran pié; Eco (Novela griega de la hermosa doncella Hylas); Beatriz, el *Bel Cavalier*; Eloisa y Abelardo (Fabliau en varios capítulos); Alix, la rubia; Aremburga del Maine; Juana de Arco; Thais de Alejandría.

41. *Id.* Nada máis na portada. Ademáis da obra anterior contén, Otras nieves de antaño.

Madrid 1976. Círculo de Amigos de la Historia. Impreso y Encuadernado por Amigos do Libro-Editores Lda. Lisboa (Portugal). Non ten colofón. (Col. Grandes Clásicos Contemporáneos).
En 8.º 1 f. con retrato do autor + 239 páxs. + v. en bl. + 1 f. en bl. + tapas cartón estampadas en ouro. Esta obra foi confeccionada polo Círculo de Amigos de la Historia según maquetas orixinais. Foi composta en tipo Garamond do corpo 12. A presente tirada está exclusivamente reservada aos suscriptores.
Non ten adicatoria. Cont.: Introducción por R. de S. Texto do N.º 40 con capítulo engadido "La Reina que arrojó Buridán al Sena" entre Eloísa y Abelardo e Alix la rubia, e unha parte final, Otras nieves de antaño con 10 caps. cos títulos: Acaso por el suave aroma; La hija de Don Artus; Melusina, matasellos; Lona Lana Dac; Las dos cautivas; Las princesas lejanas; Ilaria del Carreto y otras sombras; La leyenda de Santa Bárbara; Adeus, Mariana; El amor Udri y otras nuevas.

42. (Co seudónimo Álvaro Labrada), *San Gonzalo.*

Madrid 1945. Editora Nacional. Gráficas Uguina. Non ten colofón. (Col. Breviarios de la vida española).
En 16.º 175 páxs. + v. con Lista de Breviarios, etc.
Non ten adic. Cont.: Prólogo e 7 partes; as 1.ª, 6.ª e 7.ª con 3 caps.; as restantes con soio un.

43. *El caballero, la muerte y el diablo y otras dos o tres historias.*

Madrid 1956. Ediciones El Grifón. Talleres Gráficos C I O. 5 enero 1956. (Col. Literaria El Grifón, 2.ª Serie N.º 21).
En 8.º 190 páxs. + 1 f. editorial + tapas cartulina en color.
Adic.: A mis señores tíos abuelos D. Benito Vicetto y D. Ramón María del Valle-Inclán. Cont.: El caballero, la muerte y el diablo (3 caps. e Final); 7 historias más (Los 7 cuentos de Otoño) realmente son 6 relatos; Historias de las chimeneas (9 caps.); La mesa del Rey de Francia (varias noticias); Los alegres bebedores (3 caps.).

44. *Flores del año mil y pico de ave.*

Barcelona 1968. Editorial Taber. Gráficas Diamante. Non ten colofón. (Col. Ciempiés, Pié 10). Col. dirixida por Juan Perucho.

En 8.º 357 páxs. + v. en bl. + tapas cartón + camisa en color con dibuxo (e un en negro no texto) de Juan Pedragosa.

Non ten adic. Cont.: I Parte, El caballero la muerte y el diablo (6 caps.); II Parte, Los 7 cuentos de Otoño (6 caps.); III Parte, Balada de las damas del tiempo pasado (Breve noticia... 11 caps. y Envío); IV Parte, San Gonzalo (prólogo e 7 caps.); V Parte, La historia del caballero Rafael (4 caps. e Final).

Como pode observarse, contén íntegramente os números 42, 43, a maior parte do 44 e La historia del caballero Rafael.

45. *La Cocina Cristiana de Occidente.*

Barcelona 1969. Editorial Taber. Gráficas Europeas. Non ten colofón. (Col. Estética del Gusto). Col. dirixida por Juan Perucho.

En 4.º 313 páxs. + v. en bl. + 3 f. en bl. + tapas de cartón con dibuxo de Ioan Costa. Con numerosos grabados en negro no texto e 16 láminas intercaladas, a maior parte en color.

Non ten adic. Cont.: Introducción e 58 caps., case todos aparecidos anteriormente na sección El Envés de *Faro de Vigo* ou en Laberinto y Cía de *Destino* (Barcelona).

46. *Id.* 2.ª edición.

Barcelona 1981. Tusquets Editores. En prensa.

47. (Non consta o nome de Álvaro Cunqueiro), *Daniela y la estrella.* Jordán y Paula Casal Ribas.

Vigo 1967. Edición privada costeada por el Notario Alberto Casal. Impresión Faro de Vigo. Enero 1967. (Col. Jordán).

En 4.º alongado 30 páxs. + tapas cartón e camisa color.

11 dibuxos en color de Fco. Xavier.

Escribíu o texto deste conto Álvaro Cunqueiro según me manifestou o propio Notario D. Alberto Casal, inda que non figure o seu nome nel.

48. *Historia del Ángel Adriel, guardián de la puerta sur del Paraíso.*

s. l. (pero Vigo) Enero 1970. Edición privada do Notario Alberto Casal. Impreso en *Faro de Vigo.* (Col. Jordán).

En 4.º alongado 24 páxs. + tapas cartón + camisa de color. Con 2 dibuxos en color de Molina Sánchez, un que se repite na tapa.

Non ten adic. Cont.: O mencionado conto.

49. *Laude de Vírgenes románicas.*

Barcelona 1979. Compañía Roca-Radiadores, S. A. Talleres Viking. 1 diciembre 1979.

En folio 22 páxs. + 1 f. de colofón + 2 láms. intercaladas con fotografías en color. Editado en plegos soltos en carpeta de cartón forte co título: Tallas populares. Tirada de 500 exemplares numerados. El texto en papel super alfa e as ilustracións en martelé Damier.

50. *Tertulia de boticas prodigiosas y Escuela de curanderos.*

Barcelona 1976. Ediciones Destino. Gráficas Diamante. Mayo 1976. Non ten colofón. (Col. Áncora y Delfín, 491).
En 8.º 214 páxs. + 1 f. en bl. + tapas cartón + camisa color con dibuxo anónimo.
Adic.: A la memoria de mi señor padre, boticario en la antigua y episcopal ciudad de Mondoñedo. Cont.: Tertulia de boticas prodigiosas (int. y 28 caps.); Escuela de curanderos (int. y 9 caps.). A segunda parte é a versión castellana do N.º 86, suprimindo a 10.ª semblanza.

51. *Tertulia de boticas prodigiosas.*

Barcelona 1976. Ediciones Destino. Impreso en Gráfica Internacional (Madrid), mayo 1976. Non ten colofón.
En folio alongado 166 páxs. + 1 f. de agradecimentos + tapas cartón + camisa color con ilustracións.
Toda a edición contén numerosísimas ilustracións a todo color.
Tirada de 3.000 exemplares numerados. Os 1 a 500 firmados polo autor levan además un augaforte orixinal de Celedonio Perellón, quen dirixíu e enmaquetou a edición.
Adic. como N.º 50. Cont. Como a primeira parte do N.º 50.

52. *Laude da Camelia.*

Pontevedra 1981. Diputación Provincial. Imprenta C. Peón.
En 8.º alongado 10 f. sin paxinación + tapas cartulina. Dibuxos e fotografías en color.
Non ten adic. Cont.: Presentación polo Presidente da Diputación; Dibuxo en negro de Conde Corbal; Laude da Camelia por A. Cunqueiro; Los libros de Álvaro Cunqueiro por A. Odriozola.

E) ANACOS NA PRENSA

s.n. *El mundo y otras vísperas. Paisajes y retratos.*

Lugo? 1936. Ediciós Un.
Edición que non conseguín ver e hasta teño dúbidas da sua existencia. As citas dela son:
Compostela 1936. Ediciós Un, co doble título reseñado, na Lista de Obras inxire ao final do N.º 6 (Elegías y Canciones), pero na lista equivalente do N.º 40 (Balada de las damas...) cítase co título de Paisajes y Retratos.
Couceiro Freijomil (1951) divídea en duas obras independentes, Paisajes y Retratos. Santiago 1933, e El mundo y otras vísperas. Santiago 1936.
O libro sin dúbida foi planeado pra conter os artículos (case todos en galego) publicados en *El Pueblo Gallego*

de Vigo entre 1934 e 1936, moitos deles co doble título sinalado enriba.

53. *El Envés.*

Barcelona 1969. Editorial Taber. Gráficas Diamante. Non ten colofón. (Col. Ciempiés, Pié 17). Col. dirixida por Juan Perucho.

En 8.º 358 páxs. + 1 f. en bl. + tapas cartón + camisa color con dibuxo de Juan Pedragosa.

Adic. a Juan Perucho e Néstor Luján ao final da Nota preliminar.

Cont.: Nota preliminar de Álvaro Cunqueiro; 109 artículos publicados en la sección "El Envés" de *Faro de Vigo.*

54. *Laberinto y Cía.*

Barcelona 1970. Editorial Taber. Gráficas Diamante. Non ten colofón. (Col. Ciempiés, Pié 20). Colección dirixida por Juan Perucho.

En 8.º 381 páxs. + v. en bl. + 1 f. en bl. + tapas cartón + camisa en color con dibuxo de Juan Pedragosa.

Non ten adic. Cont.: 83 artículos publicados en la sección "El Envés" de *Faro de Vigo* ou na sección "Laberinto y Compañía" de *Destino* de Barcelona.

55. *El descanso del camellero.*

Barcelona 1970. Editorial Taber. Gráficas Diamante. Non ten colofón. (Col. Ciempiés, Pié 22). Col. dirixida por Juan Perucho.

En 8.º 398 páxs. + 1 f. en bl. + tapas cartón + camisa en color con dibuxo de Juan Pedragosa.

Non ten adic. Cont.: 98 artículos publicados na sección "El Envés" de *Faro de Vigo* ou na sección "Laberinto y Cía" de *Destino* de Barcelona.

56. Non fixado título.

Madrid 1981. Ed. *Sábado Gráfico.*

No N.º de 11 marzo 1981 de *Sábado Gráfico* ao dar conta do pasamento de Cunqueiro anúnciase a edición dun libro contendo unha escolla das colaboracións semanais de Cunqueiro entre xulio de 1965 e marzo de 1981.

F) AS TERRAS GALEGAS

57. *Vigo, puerta del Atlántico.*

Madrid, s. a. (1957). Ayuntamiento de Vigo. Comisión de Fiestas. Talleres de Artes Gráficas Langa y Cía, Madrid. Fotograbados Losán (Madrid).

En 4.º 48 páxs. + (por erro dí 49) + tapas cartulina. Dibuxos de Antonio Bilbao e diversas fotografías, a maior parte en color. Texto en castellano, francés e inglés.

58. *Rutas de España. Ruta N.º 12. La Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra, Santiago de Compostela.*

Madrid 1962. Publicaciones Españolas (Dir. Gral. de Información. Ministerio de Información y Turismo). Gráficas Aragón, S. A. Non ten colofón.
Contratapa de Milla. Numerosas e diversas fotografías en negro e color.
En 4.º 202 páxs. + 1 f. en bl. + mapa en color plegado + Tapas cartulina en color.
Cont.: Entrando en Galicia, Lugo, La Coruña, Pontevedra, Orense.

59. *Id.* 2.ª edición.

Madrid 1967. Publicaciones Españolas. Imprenta del Servicio de Publicaciones del M I T. Non ten colofón.
En 4.º 204 páxs. + 1 mapa en color, plegado + tapas cartulina en color.
Diversas fotografías en negro y color.
Cont.: Como N.º 58.

60. *El camino de Santiago.* Fotografías en color de Javier Vázquez.

Vigo 1965. (Edición del autor?). Fotomecánica y Reprocolor Llovet y Faro de Vigo. Offset Faro de Vigo y Gráficas Ruán. Encuadernación Albano Posada. 19 abril 1965.
En 4.º alongado 108 páxs. + tapas cartón + camisa color.
Non ten adic. Cont.: Desde el Pirineo a Compostela (sin división de caps.). Existen edicións con texto en francés e en inglés.

61. *Lugo.* Prólogo de Manuel Fraga Iribarne. Fotografías de diversos autores.

León 1968. Editorial Everest. Huecograbado Fournier, S. A. (Vitoria). Litografía Everest (León). Non ten colofón. (Col. Guías Turísticas Everest).
En 8.º 144 páxs. de texto con numerosas fotografías en negro e color + 12 páxs. (erróneamente paxinadas como 161-172) de información práctica + 1 f. de índice + 1 f. en bl. + tapas cartón en color. Nas guardas, plano e mapa en color. Existen edicións con texto en francés e en inglés.

62, 63, 64, 65. *Id.* 2.ª, 3.ª, 4.ª e 5.ª edición.

León, , , 1977 e 1979. Editorial Everest.
Cont. como N.º 61.

66. *Pontevedra. Rías Bajas.*

León 1969. Editorial Everest. Huecograbado Fournier S. A. (Vitoria). Litografía Everest (León). Non ten colofón. (Col. Guías Turísticas Everest).
En 8.º 160 páxs. de texto e diversas fotografías en negro e color + páxs. 161-176 de Información Práctica + tapas cartón en color. Nas guardas, plano e mapa en color.

67, 68, 69, 70. *Id.* 2.ª, 3.ª, 4.ª e 5.ª edición.

León , , 1978 e 1979. Editorial Everest.
Cont. como N.º 66.

71. *Vigo y su Ría.*

León 1971. Editorial Everest. Litografía Everest (León), Non ten colofón. (Col. Guías Turísticas Everest).
En 8.º 160 páxs. de texto e numerosas fotografías en negro e color + páxs. 161-176 de Información Práctica + tapas cartón en color. Nas guardas, plano e mapa en color.

72, 73. *Id.* 2.ª e 3.ª edición.

León 1977 e 1980. Editorial Everest.
Cont.: Como N.º 71.

74. *Rías Bajas Gallegas.*

León 1975. Editorial Everest. Fotografías F. Díez González e M. Luz Gutiérrez de Díez. Cartografía Everest. Evergráficas (León). (Col. Ibérica).
En 4.º 64 páxs. con texto e fotografías totalmente en color + tapas cartulina tamén en color. Texto en español, francés e inglés.

75. *Id.* 2.ª edición.

León 1979. Editorial Everest.
Semellantes características ao N.º 74.

76. Título non fixado. *Itinerarios por Galicia?*

Barcelona 1981? Ediciones Destino.
Libro en preparación con texto xeneral de Álvaro Cunqueiro e magníficas fotografías en color de toda Galicia.

G) COCIÑA DO PAÍS

77. (En colaboración con J. M. Castroviejo) *Teatro venatorio y coquinario gallego.*

Vigo 1958. Ediciones Monterrey. Talleres Faro de Vigo. Día de San Martín de 1958.
En 4.º maior 104 páxs. (texto de Castroviejo) + 60 páxs. (texto de Cunqueiro) + 11 páxs. (texto de E. Álvarez Blázquez) + v. en bl. + 2 f. de colofón + tapas cartulina.
Tirada de 540 exemplares numerados; 40 especiais (20 x 28,5 cms.) coloreados a man e 500 correntes (17,5 x 25 cms.) en papel rexistro ahosado Torras.
Non ten adic. Cont.: Arte de la caza contraída a las varias especies venatorias así de pelo como de pluma que se crían o avecindan en el antiguo Reino de Galicia, por J. M. Castroviejo; Arte de cocina, referida a las susodichas especies, según los usos habidos en el expresado Reino como más deleitables al buen gusto del paladar, por Álvaro Cunqueiro y Mora Montenegro, Graduado en Ars cisoria

civil y canónica por la Universidad Mindoniense, individuo de varias cocinas extranjeras; Epílogo galeato por Emilio Álvarez Blázquez; Obra enriquecida con 11 hermosas xilografías abiertas en boj expresamente para ella por E. C. Ricart.

78. Id. co título de *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia. Caza y Cocina Gallegas.*

Madrid 1962. Editorial Espasa Calpe, S. A. Tall. Tip. de la Ed. Espasa Calpe. 17 setiembre 1962. (Col. Austral, 1318).
En 8.º 158 páxs. + 9 f. de índice de autores da la Col. Austral.
Igual texto que N.º 77.

79. *Id.* 2.ª edición.

Madrid 1969. Ed. Espasa Calpe, S. A. 18 noviembre 1969.
En 8.º.
Idéntica ao N.º 78.

80. *Id.* 3.ª edición revisada e ampliada.

Madrid 1978. Ed. Espasa Calpe, S. A. Talleres de la Ed. Espasa Calpe. 26 enero 1978. (Col. Austral 1318).
En 8.º 237 páxs. + v. en bl. + 1 f. en bl. + tapas cartulina.
A ampliación refírese ao texto de Castroviejo que ten 6 caps. máis.

81. (Con Gaspar Massó, *Pesca y Conservas*) *Itinerarios turístico-gastronómicos de la provincia de Pontevedra.*

Vigo 1964. ¿Diputación de Pontevedra? Talleres de Artes Gráficas de Faro de Vigo. 1 de abril de 1964.
En 8.º 16 f. sin paxinar (texto de Massó) + 9 f. sin paxinar (texto de Cunqueiro) + 1 f. de colofón = 56 páxs. + tapas cartulina.

82. *A Cociña Galega.*

Vigo 1973. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. 10 de xulio 1973.
En 8.º 165 páxs. + v. en bl. + 1 f. de colofón + 16 láms. interc. con fotogr. en negro e color.
Adic.: Á miña irmá Carmen, por todo o que adeprendín na sua cociña. Cont.: Presentación e 26 caps., inda que no índice soio figuran 25.

83. *Id.* 2.ª edición.

Vigo 1973. Editorial Galaxia. Ed. especial para la Caja de Ahorros y Monte de Piedad Municipad de Vigo.
Idéntico contido e características que N.º 82.

84. *Id.* 3.ª edición.

Vigo 1980. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. 24 de xaneiro de 1980.
En 8.º 165 páxs. + v. en bl. + 1 f. de colofón + 16 láms. in-

tercaladas con fotografías en negro e color + tapas cartulina diseñadas por F. Mantecón e M. Janeiro.
Idéntico contido e características que N.º 82.
O meu exemplar ten adicatoria autógrafa do autor que, despois do seu nome escribe: "Cocinero dimisionario del Obispo de Mondoñedo".

85. *La Cocina Gallega.*

León 1981. Editorial Everest. (En prensa).

H) ESTAMPAS E XENTES GALEGAS

s.n. Véxase tamén os núms. 42 e 50.

86. *Escola de menciñeiros e Fábula de varia xente.* Prólogo de Domingo García-Sabell. Ilustracións de Ribas.

Vigo 1960. Editorial Galaxia. Talleres de Faro de Vigo. 30 de San Xoán 1960.
En 8.º 157 páxs. + v. en bl. + 1 f. de colofón + tapas cartulina.
Con 5 dibuxos en negro de Ribas e 1 en color (na tapa).
Adic.: A Vicente Risco. Cont.: Prólogo de D. García-Sabell, A grande regueifa dos curandeiros (adicada á memoria de Emilio Mosteiro); Escola de menciñeiros (int. e 10 semblanzas); Novidades do mundo e fauna máxica (16 pequenas noticias); Fábula de varia xente (5 semblanzas).

87. *Id.* 2.ª edición.

Vigo 1969. Editorial Galaxia. Talleres Gráficos Faro de Vigo. 25 agosto 1969.
En 8.º 158 páxs. + 1 f. de colofón + tapas cartulina.
Os mesmos dibuxos e contido que N.º 86.

88. *Id.* 3.ª edición.

Vigo 1976. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia. Día das Letras Galegas do 1976.
En 8.º 155 páxs. + v. en bl. + 1 f. de colofón + 1 f. en bl. + tapas cartulina.
Os mesmos dibuxos e contido que N.º 86.

89. *Id.* 4.ª edición.

Vigo 1981. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia. 25 febrero 1981.
En 8.º 155 páxs. + v. bl. + 1 f. de colofón + 1 f. en bl. + tapas cartulina en color diseñadas por M. Janeiro e F. Mantecón.
Os mesmos dibuxos e contido que N.º 86.

Véxase o N.º 50 con texto castellano de Escola de menciñeiros.

90. *Tesouros novos e vellos.* Prólogo de J. Rof Carballo. Remate de F. Fernández del Riego.

Vigo 1964. Editorial Galaxia. Talleres Gráficos de Faro de Vigo. 27 de abril do 1964.

En 8.º 119 páxs. + 1 f. de colofón + 1 f. en bl. + tapas cartulina.

Un dibuxo en color (na tapa) e 11 dibuxos en negro (no texto), seguramente de Xohán Ledo.

Non ten adicatoria. Cont.: Prólogo de J. Rof Carballo; Tesouros novos e vellos (é o texto do Discurso de ingreso na Real Academia Galega en Mondoñedo o 21 de abril de 1964); Remate de F. F. del Riego (é o texto da resposta ao discurso anterior polo académico mencionado).

91. *Id.* 2.ª edición.

Vigo 1980. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia. 20 de xunio 1980.

En 8.º 113 páxs. + 1 f. de colofón + tapas cartulina diseñadas por F. Mantecón e M. Janeiro.

Os mesmos dibuxos e contido que N.º 90.

92. *Xente de aquí e de acolá.*

Vigo 1971. Editorial Galaxia. No obradoiro do Faro de Vigo. 31 agosto 1971.

En 8.º 180 páxs. + 1 f. en bl. + 1 f. de colofón + tapas cartulina con fotografía en color.

Adic.: Aos meus amigos Antonio Odriozola e Francisco F. dtl Riego. Cont.: Carta que o autor mandou ao Dr. Domingo García-Sabell cando ordeaba este libro; 49 semblanzas.

93. *Id.* 2.ª edición.

Vigo 1979. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. 20 de marzal de 1979.

En 8.º 180 páxs. + 1 f. en bl. + 1 f. de colofón + tapas cartulina diseñadas por F. Mantecón e M. Janeiro.

Mesma adic. e contido que N.º 92.

94. *Id.* 3.ª edición.

Vlgo 1981. Editorial Galaxia. Artes Grá!ficas Galicia, S. A. 7 mayo 1981.

Edición especial patrocinada pola Caixa de Aforros de Galicia.

En 8.º 180 páxs. + 1 f. en bl. + 1 f. de colofón + tapas con diseño portada de M. Janeiro e F. Manttcón.

Misma adic. e contido que N.º 92.

95. *La otra gente.*

Barcelona 1975. Ediciones Destino. Impreso por Gráficas Europeas, S. A., Hospitalet de Llobregat (Barcelona). Mayo 1975. (Col. Áncora y Delfín, 470).

En 8.º 202 páxs. + 1 f. en bl. + tapas cartón + camisa de color.

Mesma adic. e texto que N.º 92 en versión castellana e con duas adicións: unha breve introdución de Ricardo Carba-

llo Calero e un retrato máis, Licho de Vilamor, polo que as semblanzas pasan de 49 a 50.

96. *Os outros feirantes.*

Vigo 1979. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. 26 de marzal de 1979.
En 8.º 166 páxs. + 1 f. de colofón + tapas cartulina con dibuxo de Xohán Ledo.
Adic.: A meus fillos César e Mercedes. Cont. Brevísima introdución e 49 semblanzas ou retratos.

97. *Id.* 2.ª edición.

Vigo 1981. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. 25 marzal 1981.
En 8.º 166 páxs. + 1 f. de colofón + tapas cartulina dibuxo de Xohán Ledo.
Mesma adic. e contido que N.º 96.

98. *Las historias gallegas de D. Álvaro Cunqueiro.*

Madrid 1981. Banco de Crédito e Inversiones. Gráficas Moscat (Madrid). Non ten colofón.
En 8.º 142 páxs. + 1 f. en bl. + tapas cartulina con fotografía do autor. Existe unha tirada especial con tapas de cartón imitación piel.
Edición especialmente autorizada polo autor para o Banco de Crédito e Inversiones.
Non ten adic. Cont.: Nota do Banco, Relación de Historias; Introdución do autor; 67 historias. É a versión castellana da case totalidade do N.º 96 engadidas outras de diversas procedencias.

I) OBRA EN GALEGO COMPLETA

99. *Obra en Galego Completa. Vol. I. Poesía. Teatro.*

Vigo 1980. Editorial Galaxia. Artes Gráficas Galicia, S. A. 15 abril 1980.
En 8.º 341 páxs. + v. en bl. + 1 f. de colofón + tapas cartón + camisa con foto en color de Álvaro Cunqueiro.
Dèsta edición fixéronse duas tiradas: unha especial de 1.000 exemplares (de eles, douscentos numerados) impresa sobre papel offset branco de 125 grs. e encadernada en cartón, e outra ordinaria, de 3.000 exemplares sin numerar, impresa sobre offset editorial crema de 80 grs. i encadernada con tapas de cartulina.
Cont.: Os libros núms. 1, 3, 5, 7, 9 e máis o libro inédito Herba aquí e acolá.

100. *Obra en Galego Completa. Vol. II. Narrativa.*

Vigo 1981? Editorial Galaxia. (En preparación).
Seguramente comprenderá os libros núms. 10, 17 e 27.

Están previstos os Vols. III e IV con *Semblanzas* e *Textos de ensaio.*

III. COLABORACIÓNS NOUTROS LIBROS

Este apartado ten menos interés que o I e limiteime a sinalar os libros que coñezo, sin a menor pretensión de ser completo.

101. J. Díaz Jácome, *Primeiras Cantigas do Amor*. Mondoñedo na Galiza, Primaveira 1936. Editorial Un. Na guarda posterior texto de C. titulado Poesía.

102. *Laureados*. San Sebastián 1940. Ediciones Cigüeña. 2 tomos. Dirección Fermina de Bonilla e Domingo Viladomat. Textos de Fermina Bonilla, José Varela, Antonio de Obregón e Álvaro Cunqueiro. Ilustracións de José Picó, Eduardo Santonja e Domingo Viladomat. Prólogo do General Varela. As 39 semblanzas de persoas, cidades ou unidades militares ás que se lle concedeu a Cruz Laureada da Orden Militar de San Fernando non están firmadas. É posibel que Cunqueiro redactase a parte histórica sobre as Órdenes de Santiago, Calatrava, Alcántara, Montesa, Malta e San Fernando.

103. *Corona de Sonetos a José Antonio*.

104. R. García Suárez, *Maside*. Vigo 1954. Ed. Galaxia. Noticia dunha pintura por C.

105. *Paisaxe e Cultura. Ensaios*. Vigo 1955. Ed. Galaxia. Nas páxs. 141-148. El paisaje en la concepción poética por C.

106. *Baladro del Sabio Merlín* (Burgos 1499). Madrid 1956. Joyas bibliográficas. Epílogo de C.

107. Fernando Mon, *Gente conocida*. La Coruña 1956. Prólogo de C.

108. E. Moreiras, *Paisaxe en rocha viva*. Vigo 1958. Ed. Galaxia. Limiar de C.

109. José Fernández Méndez, *Estampas gallegas*. Dibuxos de José Ramón Villar. La Coruña 1961. Nas páxs. 177-179, Parcelas del rostro y del alma de Galicia por C.

110. *Contos* (Castelao, Otero Pedrayo, Dieste, Blanco Amor, Fole, Cunqueiro). Vigo 1965. Ed. Galaxia. Nas páxs. 39-44, O reló de area por C.

111. Gaspar Massó, *Comentarios gastronómicos*. Vigo 1967. Prólogo de C.

112. *Fiesta de la trucha*. Puentecaldelas 14 mayo 1967. Inc. Laude de la trucha por C.

113. *Banco de la Coruña. Bodas de Oro 1918-1968*. Barcelona 1968. Nas páxs. 120-125, El mundo mágico gallego por C.

114. J. Ramón y Ballesteros, *Sinfonía en Mar Mayor: Finisterre*. Santiago 1971. Prólogo de C.

115. Antonio Odriozola, *La camelia y sus exposiciones en las Rías Bajas*. Pontevedra 1971. Nas páxs. 6-8, Elogio, viaje y memoria de la camelia por C.

116. J. M. Castroviejo, *La burla negra*. 2.ª ed. Madrid 1973. Ed. Novelas y Cuentos. Prólogo de C. A primeira ed. non o leva.

117. *Camelias en Pontevedra*. Pontevedra 1974. Nas páxs. 43-44.

As dez virtudes da camelia. Trad. de C. dun texto do poeta xaponés Anrakuan Sakuden.

118. *Galaxia Almanaque 1950-1975.* Vigo 1974. Nas páxs. 11-28, Horóscopo universal, sortes e resortes do ano 1975 co xuicio perpetuo das estrelas por C. Fíxose unha limitada separata.

119. Gaspar Massó, *Pedro Madruga.* Santiago 1975. Colofón de C.

120. V. Paz Andrade, *A galeguicidade de Guimarães Rosa.* Coruña 1976. Ediciós do Castro. Epílogo de C.

121. Ulises Sarray, *Tarot Sarry. Cartas pra botar.* A Coruña 1977. Ediciós do Castro. Nas páxs. 5-10, Limiar de C. co título "O Tarot coa sua feira de arcanos maiores e menores".

122. R. Otero Pedrayo, *Ciudades y paisajes de Galicia en la obra de Julio Prieto Nespereira.* Orense 1977. Instituto de Estudios Orensanos. Prólogo de C.

123. S. García Bodaño, *Tempo de Compostela.* Barcelona 1978. Limiar de C.

124. Diego Martínez Torrón, *La fantasía lúdica de Álvaro Cunqueiro.* La Coruña 1980. Ediciós do Castro. Prólogo de C.

125. *Vigo en su Historia.* Por varios autores. Vigo 1980. Caja de Ahorros de Vigo. Coordinación da obra e Prólogo de C.

126. *Cantigas de Santa María do rei don Alfonso. Escolma, prólogo e versión moderna de Álvaro Cunqueiro.* Vigo 1980. Ed. Galaxia. Corresponde á Sección VI (Traducións) que non recollín e por eso engádoo aquí.

127. *La Universidad de Santiago.* Santiago 1980. Univ. Nas páxs. 165-167, Un otoño en Compostela por C. Fíxose unha limitada separata.

128. *Discursos leídos el 28 de enero de 1980 en el solemne acto académico de investidura de los Doctores "Honoris causa" D. Camilo José Cela, D. Álvaro Cunqueiro y D. Joseph M. Piel.* Santiago 1981. Univ. Santiago (máis Vigo, Artes Gráficas Galicia). Nas follas 9.ª a 14.ª os textos de C. e sobre el.

129. Jorge Víctor Sueiro, *Comer en Galicia.* Madrid 1981. Ediciones Penthalon. Prólogo de C.

130. J. M. Castroviejo, *Memorias de una tierra.* Madrid 1981. Prólogo de C.

Incluen textos de Cunqueiro as *Antoloxías poéticas* de B. Varela Jácome (Santiago 1953, 4 poemas), Francisco Fernández del Riego (Vigo 1955, 14 poemas) e (Vigo 1980, 10 poemas), Basilio Losada (Barcelona 1974, 12 poemas, ed. bilingüe), G. Díaz Plaja (Madrid 1974, 3 poemas, versión castellana), M. González Garcés (Barcelona 1974, 16 poemas, texto bilingüe) e (Coruña 1976, 7 poemas, texto bilingüe).

IV. ARTIGOS NAS PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

É errónea a lénda de que Cunqueiro foi home de amplos vagares; a maior parte da sua vida traballou moi duramente, especialmente neste apartado das colaboracións periodísticas, necesárias pa-

ra a subsistencia. Nunha entrevista publicada en "Faro de Vigo" (24 febreiro 1960) á pregunta do periodista de ¿Qué vas a hacer ahora en Mondoñedo? respondía: "Escribir el artículo nuestro de cada día, revisar el Ulises, repasar el Sinbad...".

Nesa selva de miles e miles de artigos en periódicos e traballos algo maiores en revistas, ambos da máis variada índole, creín oportuno establecer tres apartados: un pra os artigos máis ben esporádicos, outro pra as colaboracións frecuentes e un terceiro, que ven ser unha variante do anterior, caracterizado pola maior regularidade de publicación e case sempre baixo unha rúbrica ou título común, ademáis do específico do artigo. Nesta ocasión ocupeime case exclusivamente dos dous últimos, sin dúbida os de maior interés.

É moi difícil establecer a nómina completa de todos eses artigos, pero procurei sinalar as datas aproximadas de enceto e final das colaboracións ou series. Quero expresar a miña gratitude a José Francisco Armesto, que me axudou amablemente a completar os meus datos en relación co "Faro de Vigo" e outros periódicos.

A) ARTIGOS ILLADOS

Entre outras publicacións hainos en *Vértice* (Madrid) 1939, *Finisterre* (Pontevedra) 1946, *Misión* (Ourense) 1943, *Atlántida* (A Coruña) 1954, *Aturuxo* (O Ferrol) 1954-1960 e outros.

B) COLABORACIÓNS FRECUENTES

El Pueblo Gallego (Vigo). Desde 1934 a 1936 desenvólvese unha colaboración de ritmo entre semanal e quincenal, interesantísima, frecuentemente en galego. No 1938 volve a reanudarse, moito máis esporádicamente.

La Voz de España (San Sebastián). Diario. 1938.

A B C (Madrid). Diario. De abril a xunio do 1939 desenrólase unha intensa colaboración, en xeneral de carácter literario e ás veces tendo que improvisar un artigo cando a censura tiña chatado íntegramente outro.

Arriba (Madrid). Diario. Tamén no 1939 encétase unha intensa colaboración que durará varios anos.

Si. Suplemento semanal de *Arriba*. Iníciase a colaboración no 1942.

Informaciones (Madrid). Diario. Colabora nunha etapa cara 1953? deica 1954?

Vida Gallega (Lugo e Vigo). Mensual. Entre 1954 e 1958 publicou artigos e quezais tivo algunha intervención como director.

El Alcázar (Madrid). Diario. Colabora cara 1959-1960.

Grial (Vigo). Trimestral. Colabora con frecuencia como quedará reflexado no apartado D).

Chan (Madrid). Quincenal? Desde 1969 a 1971, datas da vida da revista, colaborou algunha vez.

Hoja de los Lunes (Vigo). Semanal. A partir de 1970 colabora con frecuencia.

Jano (Barcelona). Semanal. Nesta revista de tipo cultural pra os médicos e moi ben editada, adoita ter algunha colaboración mensual de tipo gastronómico.

Hoja del Mar (Vigo). Colabora de 1975 a 1978, con regularidade.

Bazaar (Madrid). Mensual. De xaneiro 1977 a outubro 1978 aparece algún artigo nesta revista erótica.

C) AS SERIES

Este apartado recolle unha moi valiosa e abondosa aportación de Cunqueiro encadrada case sempre nun título xeneral que sinalo.

Faro de Vigo (Vigo). Diario. Quezáis haxa algún artigo illado anterior, pero as series son as seguintes:
El Pasajero en Galicia. Octubre 1950 - Abril 1954.
Las Crónicas. Maio 1954 - Marzo 1955.
Retratos y Paisajes. Marzo 1955 - Decembre 1959.
Una ventana. Xaneiro 1960 - Maio 1961.
El Envés. Xunio 1961 - Marzo 1981.

La Voz de Galicia (La Coruña). Diario. As series son:
De mi país. Marzo 1952 - Marzo 1953.
Retratos imaginarios. Marzo 1953 - Decembre 1954?
Tiempo presente. Xaneiro 1955 -
El mundo y su sombra. Abril 1956 -
Una ventana. 1958.

La Noche (Santiago). Diario. Sin serie de 1953 a 1955 e Los días 1959-1961.

El Progreso (Lugo). Diario. Estos tiempos 1956-1961.

Destino (Barcelona). Semanal. Sección Laberinto y Cía. Decembre 1965 - Outubro 1969.
Sin serie. Novembre 1969 - Febreiro 1972.
Laberinto y Cía. Agosto 1972 - Abril 1976.

Sábado Gráfico (Madrid). Semanal. Sin serie cara 1954.
Los otros rostros. Xulio 1965 - Marzo 1981.

Arriba dominical (Madrid). Semanal. Inda que os artigos forman evidentemente unha serie e a maior parte levan ilustración en color non teñen título de serie. Marzo 1976 a Maio 1979.

Primera Plana (Madrid). Semanal. Sal y Pimienta. Marzo 1977 - Abril 1978? Revista moi ben presentada, de carácter erótico con moi curiosos artigos.

D) ARTIGOS NA REVISTA "GRIAL"

Colaborou con frecuencia nesta revista, e a lista que se dá é moito máis completa que as dos propios índices, pois incluín os artigos aparecidos con seudónimo (Álvaro Labrada, Patricio Mor, M. María Seoane, S. Seoane, S. S.) ou coas iniciais A. C. Si non advirto outra cousa, os artigos apareceron a nome de Álvaro Cunqueiro ou Cunqueiro. Cítoos co número do volume, o ano e as páxinas.

Imaxinación e creación. Notas para unha conferencia. 1 (1963): 179-184.

As mil caras de Shakespeare. 2 (1964): 419-436.

A noite vai coma un río. Peza dramática. 3 (1965): 413-438. Fíxose separata.

Parentes de Don Ramón por parte das estrelas. 4 (1966): 347-351.

Dous poemas de Nelly Sachs. Nota e tradución de M. M. Seoane. 4 (1966): 490-1.

S. S., A autobiografía de John Cowpper Powys. 4 (1966): 494-5.

Esopo en galego. 5 (1967): 71-2.

Marcel Proust por G. D. Painter. Reseña por Patricio Mor. 6 (1968): 246-7.

La Coruña por M. González Garcés. Reseña por S. S. 6 (1968): 373-4.
S. S., Renacemento das letras occitanas. 6 (1968): 380-1.
Dous contos de Yasunari Kawabata. Nota e trad. de S. Seoane. 6 (1968): 464-468.
Álvaro Labrada, O Graal. 6 (1968): 486-7.
Un gaiteiro. 8 (1970): 232-234.
Patricio Mor, No centenario de Dickens. 8 (1970): 375.
O viaxe a Galicia. 9 (1971): 109-110.
Álvaro Labrada, A historia dos Vikingos. 9 (1971): 125-6.
(Sin nome), O primeiro centenario de Proust. (¿de Cunqueiro?). 9 (1971): 125-6.
Compostela. 9 (1971): 351-354.
S. S., O noso Villon de cada día. 10 (1972): 121-2.
S. S., A Occitania que desperta. 10 (1972): 380.
Álvaro Labrada, Sandor Petofi e Charles Peguy (e poemas de Michael Burn, A. Iglesia Alvariño e Charles Peguy). 11 (1973): 82-86.
Comezando por un morto. 11 (1973): 315-323.
A. C., Unha nota encol de Mailoc. 11 (1973): 384.
O "Nobiliario" do Conde Barcelos (Reseña). 13 (1975): 270-1.
S. Seoane, A poesía de Rosalía de Castro (Reseña). 13 (1975): 272-3.
C., Lugo bimilenario. 13 (1975): 277.
A xénesis da novela occidental (Reseña de Gallais, Genese du roman occidental. Essais sur Tristan e Iseut et son modele persan. Paris 1974). 13 (1975): 404-5.
As donas do Vilar. 13 (1975): 538-9.
Manuel Colmeiro. 14 (1976): 84-86.
Zacharias Werner. 14 (1976): 236-238.
A. C., A voz de Otero Pedrayo, unha voz eterna. 14 (1976): 270.
Álvaro Labrada, Ossian en Wetzler e Carlota en Weimar. 14 (1976): 379-381.
Ramón Cabanillas. 14 (1976): 524-527.
A. C., Unha historia escocesa contada por Plácido R. Castro. 15 (1977): 242.
S. S., O portugués de Valery-Larbaud. 15 (1977): 243-4.
S. S., Cómo hai que leer a Kafka. 15 (1977): 371-2.
M. María Seoane, A Santiago ven el Rei. 15 (1977): 373-4.
S. S., Sobre a sombra de Rosalía. 15 (1977): 493.
Xan, o bó conspirador. Invención nun prólogo e dous actos. 16 1978): 204-207. Somente o prólogo escrito cara 1933.
Luís Seoane, meu ilustrador. 17 (1979): 355-6.
Lord Dunsany "A sentencia dourada". 18 (1980): 80-87.
(Sin nome), Actualidade do Rei Alfonso X o Sabio. 18 (1980): 122.

ANTONIO ODRIOZOLA
Pontevedra

UN EXPRESIVO EPISTOLARIO CUNQUEIRANO

Álvaro Cunqueiro mantivo sempre unha asidua correspondencia con Francisco Fernández del Riego. Pero esta relación epistolar intensificouse notablemente ao longo da década 1947-1957, na que o gran escritor viviu retirado na sua cidade natal.

Foron varias ducias de cartas as que Cunqueiro lle escribíu ao seu amigo durante aquel tempo. A traveso delas pódese dexergar o que foi a sua vida literaria, e cales eran as suas angueiras e traballos en días tan decisivos.

Veleiquí algúns párrafos reveladores desas cartas —todas sin data— que ían encabezadas sempre coa frase "Querido Paco":

● Envieiche *Doná do corpo delgado* e non tiven noticias tuas. ¿Non che parece que estou aquí xa soio dabondo e que, de vez en vez, venme ben a carta dun amigo?

● Mándoche ese exemplar do Hölderlin. Falta o anaco da miña pintura, porque se trata dunha proba. Dentro de poucos días mandareiche un exemplar numerado, e outros sin numerar pra que agasalles aos amigos que che pareza.

● Estou nestes días póndoche en limpo o *Merlín*. Coido que che gostará. Recibiralo na prósima semana, si é que sigo copiando ao ritmo que o estou facendo. Mandareiche pra "Grial" o prólogo de *Os 7 contra Tebas*, uns poemas, unha nota sobre *Cristiandade e Europa* de Novalis, e unha tradución de dous anacos de Lawrence de Arabia.

● Estes días teño no prelo, aquí en Mondoñedo, un caderno semellante ao Hölderlin, co tídoo: "Idea dunha monarquía galega". Cando tire a tapa decidirei o tídoo definitivo. Penso que é unha boa "boutade".

● Estou a escribir en galego, e nunha prosa diferente da do *Merlín* —vista dende outra "sintaxis", máis severa de vocabulario— algo semellante ao *Gaspard de la Nuit*, de Aloyscus Bertrand. O tídoo —provisional— é *As Crónicas do Sochantre*. Xa che mandarei un par de anacos pra que vexas cómo vai.

● Ando limando e argallando *As Crónicas do Sochantre*. Vai estando ao meu gosto, e neste mes estará en Vigo. Coido —e sabes que non anda no meu corpo, aínda que moitos demos mo paseen, o trasgo da vaidade— que é unha boa novela, na liña da novela do XIX.

● A ratos perdidos boteime ao lombo o traducir íntegramente ao galego a *Antoloxía clásica china asegún definiu Confucio*, da versión ao inglés de Ezra Pound. É un traballo difícil, e además

crucigrámico, porque non soio usa inglés, que tamén "jazz idioms" e "hillbilly dialect"; é decir, a linguaxe dos montañeses do Norde e Noroeste... Terei que mandarche algunha vez algún verso solto no que, por culpa destes modismos, non poida meter o fuciño. ¿Haberá por Vigo un yanki algo letrado?

● 8 de febreiro. Estou canso. Teño que saír uns días de aquí. Véxome soio, aconchado nun buraco. E derriba de todo, toda a escura nugalla política, moral e intelectual desta hora. Escribo con acedía e sin xeito. E o vento seguido e a chuvia anóxanme. Estou, quizaves, nun mal momento moral. Vai ún na madureza da vida, e non fixen nada ou case nada, agás duas ou tres cancións ou duas ou tres páxinas.

● Matino facer unha colleita de textos sobre a formación dos grandes idiomas europeos, que servirá de guía pra unha "inquisición" sobre o estado actual da lingua galega. Ireichos mandando, asegún a copia, e coido que unha vegada axuntados, poden ser útiles.

● Axunto esa foto, pra que fique constancia da miña "Smith Premier" núm. 10 nos teus arquivos.

● Ando co final do *Sinbad*. Vai moi do meu gosto. E teño novos propósitos sobre cousas que coido de grande interés. Verbigratia: Lafcadio Hearn axuntou nun libro cuio tídoo é, literalmente, *Follas esparexidas de literaturas extrañas,* o que en galego tiduaría "Follas de todo arbre", cun subtídoo semellante ao do texto inglés, que dí: "Historias novamente escritas asegún os libros *Anvari-Soheili* e *Bailal-pachisi,* e tiradas do Mahabharata, Pantchatantra, Gulistán, Talmud e Kalewala", ou algo semellante. Aparte douche o índice. Eu teño traducidas unhas seis ou sete, pro faría todas. Non hai tradución castellana. A meirande parte dos textos é descoñecida en castelán, e además Hearn refixo coa sua grande prosa poética. É un libro único, precioso, cheo de beleza. Si se fai o das *Rubaiyat,* poderían ser, estes dous, o comezo dunha colección na que meter algún grego, os poemas chinos de Valley ou de Ezra Pound —versións moi fermosas; poderían ser como modelos de prosa e ampliar o horizonte da fala nosa, etc., etc. ¿Qué che vou decir a ti?

● Toda esta tempada estiven escribindo no *Ulises,* que vai de remate, e do que vos darei unha leitura en "petit comité" cando caia por Vigo. Teño case rematado o *Hamlet* e tamén o levarei. O que eu matino é un tomiño de tres pezas: "Dúbidas e morte do incerto señor don Hamlet", "A casa da noite" —pequena peza romántica—, e outra peza nun soio cadro, "O viaxe ou a cidade en vísperas". Esta derradeira xa está toda dialogada, i é cousa de días darlle fin. Tamén de "A casa da noite" teño case todo feito.

● Ahí che van eses derradeiros retratos de *Escola de Menciñeiros.* Poderei engadir catro ou cinco persoas máis, aparte de "Algunhas xentes". Coido que pode quedar unha cousa graciosa e viva, e co prólogo de García Sabell, moi ben.

O INCERTO SEÑOR DON HAMLET, PRÍNCIPE DE DINAMARCA [1]

O *Hamlet* non se inxire nun orde evolutivo do teatro galego, nin siquera aproveita algún dos intentos individuais que se realizaron. Sin dúbida Cunqueiro coñece, e quezáis estima, algunhas das tentativas dos autores que o precederon. Pero á hora de facer o seu *Hamlet,* compórtase como si se propuxera fundar o teatro galego: actitude que, polo máis, ten sido ate agora, falando en termos xerais, a de todos os que traballaron neste campo. Elo significa que ninguén creeu seriamente na existencia dunha tradición teatral galega, e todos os autores dramáticos, Cunqueiro entre eles, considerábanse no caso de edificar sobre alicerces novos. De xeito que o teatro galego consiste ate hoxe nunha serie de intentos de fundación. Este carácter xenético coloca o *Hamlet* dentro da tradición do teatro galego, tradición que consiste precisamente en carecer de tradición.

Pero como nada se fai da nada, unha vez que suliñamos o que a moitos lles parecerá obvio, pero que ten grande interés para a valoración das pezas coñecidas, teremos que inquirir que formas dramáticas non galegas foron beneficiadas por Cunqueiro no seu *Hamlet.* É decir, en qué tradición foi percurar o que non atopou na tradición do país.

¿Trátase do teatro europeo contemporáneo, que se sirve do mito no seu afán por botar un lóstrego de luz sobre a condición humana? O propio autor decrara crér nos mitos, e ao decir que lle fai falar a Hamlet pra lle facer falar ao home, e que hai pra o espectador, por decilo dalgún xeito, uns supostos hamletianos, está a definir a sua actitude, que semella a mesma de toda a serie de dramaturgos franceses contemporáneos que se serviron das vellas máscaras da tradición cultural pra formular os seus diálogos sobre o destino do home.

As traxedias míticas de hoxe non son dramas de acción. Opóñense fundamentalmente ao drama brillante de Lope, rico en acontecementos, rebordante de lances e sortes. Agora trátase de nos revelar situacións radicais do ser existente, partindo dun sucedo que se limita a desencadear as forzas interiores, e que moitas veces dáse por acontecido. De xeito que a obra comeza onde antes adoitaba rematar. É un epílogo. É un planto sobre un cadavre, ou un concertante sobre unha epifanía. Aínda naquelas pezas nas que a acción se representa, o carácter de puro andamio estrutural da mesma revélase no seu irónico esquematismo, na sua desdenosa impresión, na sua inverosimilitude insolente. Está craro que se trata dun medo auxiliar e convencional, bó tan só en canto nos permite chegar aos abisos nos que queremos mergullarnos. Así a traxedia achégase ao diálogo platónico. Pouco se fai; moito se discurre. O clima é o do *Fedón,* salvando as peculiaridades ideolóxicas.

A obra de Cunqueiro é toda ela un desenlace. O asesinato en Bohemia e a aparición na Torre xa ocurriron cando se ergue o telón. Ate o mesmo final en que todo se precipita, e as mortes sucédense cunha rapidez vertixinosa, apenas hai outra cousa que unha conversa moi espiritoal. Ésta, e non

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1958.

o amoreamento de cadavres, perfíanos a figura do mito. Hamlet crése fillo de Olaf e como tal está determinado. Noustante, é fillo de Halmar. Entérase delo. ¿Pode cambear o seu destino? Imos supor que hai unha lei moral superior á lei biolóxica. ¿Non se xustifica Halmar na escena IV do acto III? Por moi dubidosas que señan as suas explicacións pra un xuez ¿non serían abondo pra deter a man do parricida? En realidade, Hamlet non pode ouvir ao seu pai, está destinado a nono ouvir, e non parece que seña Gerda, senón máis ben Olaf, quen lle pón a espada na man. O que nada resolve. Hamlet é fillo de Olaf e fillo de Halmar. Gerda é a sua nai i é a Clitemnestra do seu pai, dos seus pais: dos dous irmáns Hadrada. Por outra banda non é a sua nai. Clitemnestra comeza a adoitar o semblante de Yocasta. Hamlet ¿será Edipo tamén? ¿Ou preferirá ser Orestes? Será Orestes, sí. Pero en resume, ¿quén é? Xa nono sabe. O orde moral e o orde natural contradícense. O home fracasou. Afórcase.

Seguindo este esquema interpretativo, sin dúbida discutíbel na dosificación das motivacións, o *Hamlet* de Cunqueiro estaría na liña do teatro europeo máis existencialista. A esencia de Hamlet revélase como unha mentira, como unha vaciedade. Xa non se sabe o que é un pai, nin unha nai, nin un fillo, nin a verdade, nin a xusticia. A vida é unha proliferación de xermes insanos que se destruen mutuamente. Si Hamlet é o home, si Elsinor é o mundo, a humanidade está condenada ao aniquilamento. O seu destino final é a desesperación.

Resultaría así, que pola sua estrutura e polo seu sentido, este *Hamlet* está dentro da tradición máis moderna do teatro occidental, pero coa particularidade de que o seu pesimismo é tan radical, a sua conceición da vida tan negra, que Cunqueiro tería dado un dos máis feroces testemuños que se coñecen da absurdidade da existencia. O *Orestes* de Sartre asume o seu acto, e na medida na que o seu fardel é pesado, nesa medida deléitase, pois el é a sua libertade. A *Antígona* de Anouilh afirma a sua autenticidade. Son seres trunfantes na tempestade da continxencia, pois a tensión ética que acomoran as da estatura heroica. O Hamlet de Cunqueiro considérase un "leirón", fillo dun "leirón". Pérdese na confusión e no abraio. Non pode afrontar a vida.

As obras anteriores de Cunqueiro non facían agardar este nihilismo. Cunqueiro cultivara ate entón un xénero que é por esencia optimismo xuvenil. A novela, no seu significado primitivo. O relato de historias entretidas cheo de sucedos maravillosos. A narración gratuita supón unha frescura infantil. O mundo de Cunqueiro é un paraíso, paraíso terreal, xa que logo, onde se desenrolan as actividades ordinarias da nutrición e a reprodución, pero onde non existen a gula e a luxuria, porque non se producíu o pecado orixinal. E agora, por fin, a serpe entra no paraíso. Neste drama sombrizo do pai, a nai e o fillo, todo é adulterio, incesto, parricidio. É que a ética sustituíu á estética.

Pero ¿ate qué punto?

No esquema argumental enriba indicado, se non mencionan todos os personaxes da obra. No que ésta ten de traxedia moderna, non se necesitan os demáis. Pero Cunqueiro conserva a Ofelia, a Polonio e a Laertes, así como aos cómicos. Estas figuras, que se atopan en Shakespeare concebidas doutro xeito, non eran en Cunqueiro indispensábeles pra o desenvolvemento da idea, por moi eficaces que señan artísticamente. Supor precisamente unha contaminación estética na pureza eticista da traxedia actual. Remítennos ao Cunqueiro máis coñecido. E non é eso só. Morren os tres personaxes esenciais, e de morte violenta. Pero observemos o que dín ao morrer. Halmar: "¡Istas espadas de Italia teñen follas mui longas!". Gerda: "¡E non che tiña medo, Hamlet, fillo...!". Hamlet: "¡Fan agora tan ásperos espartos!". ¿Cómo debemos entender, nunha anguriosa traxedia, tan elegantes epitafios? Os dous últimos son mesmamente perfeitos endecasílabos. Velan os cadavres coa sua gracia exquisita, e distráenos do horror da morte. A morte é dominada polas exequias, a vida polo rito, a dór polo epigrama, a violencia polo ritmo. Ao cabo, a ética pola estética. O arte recobra a sua autonomía. O autor sitúase

fora dos personaxes, e envolvéndoos, ao caír, no brocado das belas palabras, alíviannos da tensión vital, encorándoa nun despregue de arte puro.

Paréceme, pois, que a impresión final do espectador do drama, non será a de que se atopa ante unha traxedia radicamente ideolóxica, nuamente mítica. Os elementos histórico-culturais son moi abondosos, as escenas episódicas existen, os primores ornamentais teñen moita importancia. Nada desto é moi ortodoxo dentro da preocupación antropolóxica do teatro de hoxe. A personalidade de Cunqueiro é madura demáis e independente demáis pra aceitar o pago dun tributo oneroso a calquer fisco escolar. O seu *Hamlet* sería inaturablemente asolador si non estivera orquestado ao xeito dunha ópera barroca e aristocrática. Domínanos a sensación de que o autor manexa os seus bonecos como un mestre de baile, e que a sublimación estética da matanza de Elsinor é, en definitiva, máis importante que o horror humano da mesma.

Por elo, este *Hamlet* alónxase do teatro do seu tempo, e como según queda notado, non ten nada que ver co teatro galego histórico, temos de concluir que, pesie ás conexións recoñecidas, é unha obra orixinal. No seu conxunto, e na sua máis íntima raíz, só atopo un grupo de obras coas que ten un indudábel entronque: o grupo constituido polas restantes obras de Cunqueiro.

R. CARBALLO CALERO

SI O VELLO SINBAD VOLVESE ÁS ILLAS... [1]

¿Lembrades a Sindibad, aquel rico mercader, cando acolle no seu luxoso pazo ao mozo da Bagdad, un día de forte calima? Sindibad vai narrándolle despóis, ao mozo e aos seus hóspedes —durante sete días— as maravillas dos seus viaxes mariñeiros. Son as peripecias do naufraxio, e o arribo á deserta illa; a aventura co monstro dun soio ollo, ou a do xigantesco paxaro al-Rüh trasportándoo ao val dos diamantes. Son os fascinantes sucedos da illa dos espidos, e o do vello da mar... Case sempre, logo de cada aventura, o protagonista retorna rico —en cartos e pedras preciosas— ao seu país.

Pero o Sindibad da antiga narración trocouse noutro neste libro de Álvaro Cunqueiro. O autor mindoniense insufloulle nova vida ao piloto das fantásticas navegacións. En *Si o vello Sinbad volvese ás illas...*, recreouno, metamorfoseándoo, facéndoo renacido personaxe dunha fabulosa urdime. Sinbad, nas páxinas cunqueiranas, ten o andar grave, a sua barba é longa e mesta, tócase cun turbante de dril marrón e asómalle a alma polos grandes ollos mouros...

Ao vello Sinbad nono arrodean xa luxos pacegos. A sua casa, do País de Bolanda, pendurada sobre o peirao, é dunha soia planta. O País de Bolanda, tal unha lingua de terra, baixa cara o Golfo. Á vila— un grupo cabalgante de casas brancas, descendo deica o Iadid— cércao unha muralla de ladrillo bermello, na que se abren tres portas moi ben arqueadas. A casa de Sinbad, cun pequeno horto ao pé, ten un balcón enrellado mirando á barra. Cóbreno case, as flores que medran nas macetas, enredadeiras de Indias, gaiolas de bimbio pintado con paxaros enanos traguidos de Catei e de Kafirete.

Al-Faris ibn Iaquim al-Galizi puxo en galego as memorias, os viaxes e descansos deste novo Sinbad Mariñeiro. O Piloto concurre, nas tardiñas, á tertulia da fonda de Mansur, onde se contan os maravillosos relatos e as fascinantes aventuras. Sinbad escoita e cala. Só cando xurde o nome dun país, illa ou nación alén de Canbetun e Columbo, fala Sinbad. E dí entón dun viaxe seu, dunha descoberta sonada, dunha rara aventura, de costumes insólitos.

Unha madeixa de sucedos vaise desenvolvendo con movida fantasía, cris-

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1961.

talizando en rítmicos escorzos. O libro ven ser unha andadura de gozosa variedade, na que o leitor se perde por mundos e mares imaxinarios. Pérdese no xogo animado dos sucedos, pero atópase na poética gracia do arte. E sempre as palabras da fala nosa, bañadas na auga souril, recobran o seu precioso e nidio sentido. Van as palabras —perennemente infantís, polidas, escintilantes— xuntándose en armonioso friso de xeografías exóticas, como avivecidas tropas de refresco.

De primeiras, cando o libro se abre, o vello piloto explícalle ao pequeno Sari a sua real visión das illas das Cotovías: Só area amarela, fontes e figueiras, e aló enriba o cume verde, brillante como unha esmeralda. Ao cabo, Sinbad, co seu criado de mareas e o cego Abdalá, camiñan polos chaos veciños do deserto cara Basora. Pero, xa "Non hai Venadita, miña vixía!". O barco dos soños de Sinbad non existe, e os viaxeiros voltan a Bolanda. No vello país, o vello piloto esquécese das voces dos mariñeiros amigos; pra el todos son agora forasteiros que veñen a lle facer unha visita...

Parécenos que *Si o vello Sinbad volvese ás illas...* é, entre outras cousas, un libro escrito con donaire. Cunqueiro soupo reinventar con gracia a figura do seu héroe, e aquí atopamos a razón do seu donaire. Cinguirse xentilmente ao obxeto, pasearse con el ao longo de máis de cen páxinas sin perder alegría; ter sempre na man a fantasía, como un abano, pra situalo de frente ou de perfil, según conveña. Porque, en definitiva, donaire é un produto complicado: sensibilidade a traveso dunha peneira intelixente, vontade de coquetería, axilidade no ritmo da mente, vivacidade, xovialidade...

Aquí temos outravolta a Sinbad Mariñeiro, no País de Bolanda, contadas as suas aventuras nun galego donoso e expresivo. Álvaro Cunqueiro cruzou airosamente polas valgadas da antiga fábula, conservando o seu acento, e sin perder unha miga do seu estilo. O retrato do héroe está dibuxado cunha pluma chea de humor. O seu recreador chegou ao cerne do personaxe, arrostrando todos os seus pintorescos arredores, e incorporoulle unha esencia galega que non disinte da esencia orixinaria do Sindibad dos viaxes, que popularizou, entre nós, a nova versión dos contos das "Mil e unha noites".

S. LORENZANA

ESCOLA DE MENCIÑEIROS [1]

Hai escritores dos máis diversos estilos. Pero hai, sobre todo, unha louvable clase de escritores: Os que cumplen coa sua vocación. Un pulo baril e indiscutible dirixíu a Álvaro Cunqueiro por un camiño literario que resultou ser —afortunadamente pra el— o seu. O público aduviñou a calidade de primeira man que aflora sinxelamente nas obras de Cunqueiro, e emprestoulle en todo momento unha atención e unha cordialidade orientadoras.

E elo, inda que moitas xentes consideran ao escritor mindoniense como escritor ilóxico. Claro que a vida rise a gargalladas da lóxica. Si os que se adican a toda cras de creación artística se aplicaran a copiar con exactitude o que a realidade da vida nos ofrece, serían puramente lapidados e aborrecidos. A humanidade necesita pra poder dixerir o que xanta, ter os ollos cegados pra a realidade e abertos arreo á lóxica, que non deixa de ser un invento dos homes.

A lóxica é unha pura argallada. ¡E pensar que nos resistimos a creer nos miragres, porque non cadran coa lóxica! ¡Con esta respetable argallada que inventamos nós! Pero Cunqueiro, si rifado coa lóxica, non foi tampouco narrador que gostase de pasear o seu espello pola beira do camiño. Inventor de belos miragres e de curiosas fantasías, revelou na sua raizame unha aquecida devoción cara o que no noso país ten valor certo e inmutable: A paisaxe e as almas emanadas da paisaxe e vencelladas a ela.

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1960.

Na sua *Escola de Menciñeiros* o escritor mantén a liña singularizada que distingue ao seu arte. Pertenece este libro a un ruralismo poético natural e sano, sin deformación de ningunha cras, sin tremendismo e sin delicuescencia. ¿Por qué, unha vez rematada a sua leitura, víusenos ás mentes o nome de Joan Maragall? Posiblemente porque o gran poeta catalán defendía a prevalencia da saúde e a beleza do rural, sobre o torto e treboso que do rural se desprende; porque afirmaba a sana verdade da paisaxe e das almas que rachan e sementan a paisaxe.

Estas páxinas cunqueiranas conteñen unha serie de breves historias que o seu autor ouvíu, e fala nelas de xentes que coñeceu. Son, pois, feitos certos os que aquí se narran, e verdadeiros os protagonistas. Trátase de curandeiros populares do país, que se chaman Perrón de Braña, Borrallo de Lagoa, Pardo das Pontes, Silva da Posta, ou o señor Cordal. Pero tamén de novedades do mundo imaxinativo e da fauna máxica: Notas sobre o mal de ollo e sobre os trasnos, ou referencias do lobo, do raposo e de varios animais fantásticos.

Pero, denantes de se mergullar na atmósfera destes relatos, o leitor disfroitou xa do sustancioso estudo que os preludia. García-Sabell, como o propio Cunqueiro na literatura de creación, revélase no ensaio como un dos donos e mestres da nosa prosa actual. No que lle sirve de limiar ao libro cunqueirano, a interpretación do arte dos curadores vai desenvolvéndose en perfeito acorde, sin un desacerto, nin unha estridencia, nin un desaxuste; interpretación que, pesie ao seu acento científico, ven traspasada de sensibilidade e dunha emoción grave e contida. E por si esto fora pouco, a nidiez de estilo, puro, que flúe con retardada morosidade, que se creba nun esguince irónico ou se ergue en tono imprecatorio. Pero decorrendo sempre dacordo coas ideas, ate cando se embebe de sentimento e de beleza, pra matizar a emoción producida nel polo arte cunqueirano.

Referíndose a *Escola de Menciñeiros,* García-Sabell defínea como unha solución de compromiso entre o pulo da fantasía e o tirón da realidade. Mesmamente, a solución que —según el— caracteriza aos menciñeiros da nosa terra. Pero o que de realismo hai no arte de Cunqueiro, atinxe no conxunto —ao noso ver— o máis alto e difícil grado de artificiosismo. A paradoxa non nos parecerá violenta, si sabemos descobrir nese arte a fusión de dous xeitos diferentes de elaborar un estilo: Dunha banda as reaccións poéticas, doutra as reaccións intelectuais.

Cunqueiro, ao cabo, escribíu estes breves relatos co criterio que sempre sostivo, coa mesma fidelidade á terra e ao home, á lingua e á tradición. Atopámonos aquí ante o acorde da intelixencia creadora, da sensibilidade poética e o arte literarios dun gran escritor. Desde o comezo ao cabo, ofrécenos un constante centileo de agudeza e inxenio, de ironía e humor, que revelan unha insólita comprensión do ser do noso país, e unhas envexables dotes de observación.

COSME BARREIROS

TESOUROS NOVOS E VELLOS

¿A doenza pón ao home máis preto do seu ser? ¿Déixao afastado de sí mesmo nunha terra lonxana onde nin ollamos a nosa radical realidade existencial? Ben sabemos que moitas veces foi o acontecemento da enfermedade o vieiro polo cal foise chegando ao íntimo da persoalidade. A tisis foi a doenza cáseque necesaria pra chegar ao cume da existencia romántica. Chopin, Margarita Gautier, Bécquer... A postura ante a vida é, incruso, moitas veces diferente co gallo da enfermedade. Hachádego persoal nas leituras dunha Biblioteca foi a paixón dos enfermos de tuberculosis polos ensaios de Ortega y Gasset. Rosalía en troques, da que xa dixen noutra ocasión que é moito

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1964.

menos romántica do que quer a lenda, adouta unha posición de craro escepticismo. A ela xa non lle pode semellar "nada romántico el morir entre gargajos". Non embargantes Proust non sería el mesmo sinón fora polo asma, pola doenza que puxo en descoberto a sua recóndita intimidade. No intre da enfermedade é cando os istantes chegan a ter unha obxetividade cáseque sensual.

Non é somentes Proust quen sinte esto. Tódolos que sufrimos enfermedades polas que andiveron longas procesións de horas, de días, de meses, de anos, sabémolo ben. O tempo non é o mesmo no leito. Non falamos do tempo da loita con enfermedade perigrosa. Eu digo do tempo na enfermedade longa. A percepción dos istantes afíase. Unha chamada na porta, unhos pasos pola rua, poden adequerir as máis fondas significacións.

Falo de todo esto xa que o derradeiro libro de Cunqueiro[1] —o derradeiro libro que ten saído do prelo—, veu ás miñas mans nestes días nos que a febre poñía o seu roxo fondo aos escoitadores silencios. Nin era doenza na co perigro asoballa. Nin de longa espera. Ler non podía. Sí escoitar. ¿Chegarían as palabras do amigo máis perto de mín nas brétemas da febre ou un pano de desánimo murcharía a posibilidade do gusto da beleza? Escoitei a leitura que facía a miña filla.

A gracia, o ensoño, a vida, o gozo, o senso lírico, o verdadeiro humor —nestes días tan trabucado—, a fantasía, a fascinadora imaxinación, o ledizoso gusto pola palabra. Os enanos desconfiados e bulrentos "sempre mui vestidos de colorado, verde i amarelo". Algúns deles músicos, "mais nunca ouvín dun enano que toquese a gaita". As fadas teñen figuras de vellas de ollos pitañosos que se trocan en fermosas doncelas. Os tesouros —vivas prosopopeias en Cunqueiro— son de tal xeito que el mesmo di: "Porque eu ademito o poder antropomorficador do esprito ensoñante e porque saúdo sempre a verba reveladora". Neste mundo de ensoño e ledicia os peites de ouro das fadas ao pasar polo cabelo fan música. É un mundo de contos de nenos, mais que encerra nel o segredo non soio do noso pobo e as suas máis fondas ilusións, senón aínda é símbolo da máis arcana persoalidade humán. "Non son estes anos pra contos", sei que dirán algúns. Ano pra contos si que non o era o de 1348, cando a peste asolagaba a Europa nun loito único. E máis foi o ano do "Decamerón". Cando no mundo, no noso mundo, xa os gritos tórnanse berros anguriados soio é posible catear tesouros. Tesouros gardados por mouros, enanos, fadas, cobras. Non dragóns. Os dragóns —e un libro ben se sabe o que di tamén polo que cala— gardan outras cousas das que temos que falar noutra ocasión.

O libro naceu como discurso de ingreso na Academia Galega. Nin o tema nin a forma parece ter moito que ver cun discurso académico. Ca ideia que agora temos das academias. Platón houbera escoitado con gusto. Define ao anxo e mailo libro e fala da Atlántida. O mito é unha das fondas raíces do pensamento de Platón. Tamén a Academia de Florencia, co Poliziano, Marsilio Ficino e Pico da Mirándola, frorecía a carón dos ensoños da Mitoloxía. Mais dende a moi razonable Academia Francesa, a de Richelieu, o esprito ensoñante era el mesmo como un tesouro gardado por fadas vestidas de Razón e Bó Senso. O documento, a erudición, a teoría cáseque irrebatible, o longo estudio no ca vida, a paixón, e non digamos xa o imaxinativo o fantástico, eran soterrados no máis fondo dos esquecementos.

Certo é que, ás veces, un Presidente de Academia facíanos chiscar un ollo. Mesmamente podíase inventar un autor con miragre de imaxinación, mais sin gracia nin xustificación poética. De súpeto amosaba un pantasma pra soportar un esquelete de doutrina. Podíase chamar, como exempro, "O xograr de San Esteban de Gormaz". Non era o caso agora. Máis acorde coel era o ingreso nas Academias de Cocteau ou René Clair. Ou de Aleixandre. Na Galega non debeu extrañar que Cunqueiro entrase nela como o que é.

Íbanse pousando os persoaxes dos contos nas teas da febre. A filla tecía as palabras na expresiva leitura. E o meu esprito andaba de vagar polas his-

torias nas que a risa e o gozo craro de gustoso humor era un tesouro atopado en cada páxina.

Non, eu non amo a doenza nin o dolor. Non sei si a enfermedade deixará ao ser máis preto del mesmo. Eu penso, quero pensar, como Xurxo Guillén: "El intruso dolor —soy ya quien soy— partió". Mais ás veces a fada, o enano, a cobra, pode ter a máis extraña das apariencias. Hastra da propia enfermedade. E doar os seus tesouros. Poido ser agora da propia man do libro de Cunqueiro.

MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

AS CRÓNICAS DO SOCHANTRE [1]

Hai neste libro audaces e fermosas fantasías seudohistóricas, valentemente falsas, nas que o autor puxo a proba, unha vez máis, o seu peculiar estilo. Unha das características deste estilo é a sua orixinal e saborosa amenidade. En ningún momento saíse daquela amenidade que se lle debe ao leitor, pola mesma razón que a todo mundo se lle debe a cortesía. Emporeso o leitor abrirá e leerá este libro —despóis de tantas naderías pedantescas ou vaciedades envaradas e ríxidas como a cotío se lle ofrecen—, e pareceralle que se atopa noutra luz, noutro ambiente, nun mundo máis grato.

Sendo as cousas así, e en chea posesión do tema, Cunqueiro deunos nestas páxinas unha obra maestra, valéndose daquela divina facilidade que singulariza ao seu estilo; facilidade que non é máis que unha sucesión de dificultades resoltas divinamente. Home, ademáis de vastísima leitura e de gran imaxinación, o autor de *As Crónicas do Sochantre* foi un dos poucos escritores que tiñan algo que contar. As páxinas desta obra revélanno compridamente.

Trátase, en realidade, dunha poética narración embebida de singular feitizo. O Sochantre de Pontivy é conducido por Mamers o Coxo a unha carroza que o ha levar deica Quelven, pra asistir aos funerais dun fidalgo da localidade. No interior da carroza bate o Sochantre cun grupo de extraños viaxeiros: Coulancourt de Bayeux —voz cavernosa e aspra— vestido de casaco militar bermello e tricornio con plumas; madame Clarina de Saint-Vaas, fermosa muller de inesquecibles ollos verdes; monsieur de Nancy, verdugo de Lorena; o aforcado escribano de Dornes; o médico Sabat, enveliñador das fontes de Roma; a sombra de Guy Parbleu... Todos eles son parentes, finados, do señor de Quelven, a cuio enterro acuden.

Cunqueiro, grande dilapidador de inxenio, vai relatando as curiosas aventuras da non menos curiosa estadea. Transcribe as divertidas historias que refiren os protagonistas. Narra as incidencias do viaxe que éstes realizan polos vellos camiños do fisterre francés. E anima aínda a trama, inxerindo o belido acto do adro de Confront, onde a hoste dos difuntos, que andaba a vagar pola Bretaña, representa a función de Romeo e Xulieta.

Pasados tres anos de vagamundeo do Sochantre de Pontivy, na compaña da hoste, reintégrase ao solar natal no que non fora notada a sua ausencia. Un tío de Mamers o Coxo, encarnando a sua figura humana, sustituírao durante a ausencia... A obra remata cun gracioso esbozo das "Dramatis Personae", seguido dun apéndice coa noticia de Ismael Florito e un Epílogo pra bretóns. E en todo o conxunto, da primeira á derradeira páxina, o xogo e o humor, a poesía e a intuición, a pirueta e o achado verbal, fúndense cunha característica gracia.

Non saberíamos decir si hai ou non vestixios das "Danzas de la muerte" nesta invención cunqueirana, como alguén quixo ver. Entendemos, noustante, que as resonancias, si as houber, son máis adxetivas que sustanciais. Do que

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1956.

sí estamos certos, é da falsedade das inculpacións de anacronismo que —neste caso— se lle atribuiron á obra do escritor mindoniense.

Nós ollamos a Álvaro Cunqueiro coma un astro aberrante e de curva personalísima. Apareceu na nosa época, como poidera aparecer no século XVII, no XVI ou na Edade Media. Os seus temas, a literatura que producíu, son intemporais. Pouco ten que ver co seu tempo, si este tempo se define a traveso das creacións anguriadas e tremendistas que estaban daquela en boga. En tal sentido, a obra de Cunqueiro é dunha indiscretible singularidade, produce unha enorme sorpresa. É unha literatura que, cando xurdíu, camiñaba contra corrente do raudal inmenso da literatura daqueles días.

Pero compre ter en conta, tamén, que a tendencia ao desenfoque da realidade e ao vóo imaxinativo, é procedemento de sempre. A novela como "espello que marcha ao longo do camiño" —que dixo Saint Real, non Sthendal— fadigou demáis o cerebro de varias xeneracións de novelistas. Asimesmo, entre éstes hai temperamentos que non aturan a elaboración ao detalle. A trama tupida da vida cotiá require unha man fría, o pulso dos escritores do naturalismo ou do tremendismo.

Álvaro Cunqueiro non foi —non podería ser— nin un naturalista nin un tremendista. Era, no fondo, un poeta lírico dado ao imaxinativo. Neste aspecto tiña unha facilidade fascinadora. Poseía, ademáis, o xenio da lingua: Dominaba a retórica cunha gracia anxelical, e o seu vocabulario era vasto, dilatado, preciso.

En *As Crónicas do Sochantre,* como antes en *Merlín e familia,* a prosa ten un peculiar acento. Ten do moderno a escolla atinada da palabra e o movemento lizgairo. Do clásico, do castizo, a folgura do periodo. Veleiquí, pois, un estilo que lle vai ben a eso que chaman "narración".

Por elo, e por outras virtudes que son indiscutibles, Álvaro Cunqueiro foi un escritor cuia pegada, ao noso entender, acusará a sua presencia nos eidos da literatura galega.

C. B.



RECEPCIÓN COMO MEMBRO NUMERARIO DA ACADEMIA GALEGA



Cunqueiro mozo, nun dibuxo de Maside

O sillón 31 da Real Academia Galega, que estaba vacante desde o pasamento do poeta Ramón Cabanillas, foi ocupado por Álvaro Cunqueiro.

Ao se fundar, baixo a presidencia de Murguía, no 1905, aquela institución, figurou como titular do sillón 31 don Xosé Salgado Rodríguez. Natural de San Andrés de Cesar, en Caldas de Reis, era abogado, arqueólogo e poeta festivo, que finou no 1916 despois de ser Gobernador Civil de Lugo.

No derradeiro día de agosto do 1920, baixo as carballeiras do Balneario de Mondariz, celebrouse a receición de Ramón Cabanillas Enríquez. Constituíu o acto unha fermosa festa galega, na que o ilustre cambadés tratou de "A Saudade nos poetas galegos". A partir de entón, e ate a sua morte, ocupou o autor de *Vento mareiro* o sillón que deixara valeiro catro anos antes, o numerario fundador Salgado Rodríguez.

Foi Álvaro Cunqueiro Mora quen sucedeu no seo académico ao gran poeta de Cambados. E tamén, como no momento en que a Corporación literaria se desplazara a Mondariz, trasladouse a Mondoñedo pra recibir en sesión solemne ao novo membro de número.

Así, nun domingo 21 de abril do 1963, o autor de *Merlín e familia* leu a sua lección de ingreso na Academia, na sua cidade natal. Falou de "Algunhas imaxinaciós sobre tesouros", e a sua fermosa invención tivo, unha vez máis, o feitizo expresivo que peculiarizou a quen, como Cunqueiro, sentíase capaz de descobrir o aspecto poético das creencias populares.

Mondoñedo, escola de silencio e de sosego, como o escritor a denominara, foi escenario ese día dunha festa cultural que marcou un impacto na vida da cidade. Xentes de Galicia toda, intelectuais e artistas, amigos de Cunqueiro e ademiradores da sua obra, déronse cita na cidade mindoniense. Cunqueiro dexergou reflexada a sua imaxe naquela data, non o que escribira —que eso se lle dera xa sin se o propor—, sinón no ambiente que o arrodeou, no amigo chegado de diversa parte e no leitor anónimo gostador dos caudais preciosos da imaxinación, esa

tirana de soños que dictaba os de Cunqueiro.

Ao acobillo das sombras, lonxanas ou achegadas, do Xistral e do Cadramón, de Tronceda e de Pena da Roca, Mondoñedo celebrou a fermosa festa do esprito que lle debía a Álvaro Cunqueiro, o seu Cronista Oficial. E a Academia Galega recibíu no seu seo, coa solemnidade debida, a quen tantos merecementos contraíra, ao servicio das letras e a lingua do país.

UNHA CARTA CO EPÍGRAFE DE «PÁXINAS SOLTAS»

Desde Madrid. Ano 1938, escribíu Cunqueiro este texto epistolar:

Ávila e Santa Teresa. Ávila non explica a Santa Teresa, nin Castela aos místicos. Con todo, cecais explique un certo humor romántico.

Santa Teresa é unha muller *sin* paisaxe, así como Amiel é un home *en* paisaxe. Marañón escribíu un Amiel en bata, a listas, idiota. ¿Qué saberá Marañón de Amiel? Amiel, tímido, insolente, en paisaxe. O chan irregular e mucho de Castela, ao mencer, non dá místicos. Eu seino e non hai discusión.

Hai duas xeometrías —macho, femia—. Irregular e irregular. Que non é tal irregularidade. É, todo o máis, unha realidade. Máxica ou cósmica. Platón ou Descartes. Descartes, que é un home con paisaxe *pra despóis*.

Todo esto sobre Ávila e os místicos. Sobre da Porta do Sol non hai escribido ren. Dín que é unha praza. ¿Qué sabe a xente de aquí qué cousa é unha praza? Unha praza é unha técnica e unha caste. Esto é: unha cultura. Europa —non llo dixen aínda a ninguén— é unha técnica e unha caste. Cultura é un estilo de cousas. Esto, que a cultura é, simple e puramente un estilo de cousas, nono enxergou aínda a xente. Por eso hai un periódico voltar do regular ao regular. Vése *ben na poesía*. ¡Qué verdade!

¿E na política? A xente inventou a loita de partidos, a loita de crases, as dereitas, as esquerdas. Como si se tratase de entrar ou saír. Ou circular. Hala, traballa, loita, ponte a andar, desfaite, pra que logo catro periodistas inventen a "conquista do poder", a sua conciencia de vencedores! Revancha! Caia quen caia!, etc., etc. ¡Qué noxo!

E sempre a elo, de riba pra embaixo, de baixo pra enriba. Xa non leo periódicos. Leo RESOL.

HOLDERLIN TRADUCIDO AO GALEGO POR CUNQUEIRO

No nutrido epistolario do escritor mindoniense, figura unha carta co seguinte texto:

Querido Paco: Recibín a tua carta e o teu artigo que, coma sempre, é ben do meu gosto.

Mándoche ese exemplar da tradución de Hölderlin. Falta o anaco da miña pintura, porque se trata dunha proba. Dentro de poucos días mandareiche un exemplar numerado, e outros pra que agasalles aos amigos que che pareza. Non quero vendelos, como matinei, porque a impresión é mala. Os prósimos —un adicado ao centenario de Stevenson e outro aos nenos galegos—, irán ben e terán precio.

Quixera que falaras da tradución de Hölderlin en "La Noche", non por mín, senón por:

a) Actualidade de Hölderlin: Éste volta a ser considerado nun primeiro plano pola máis alta poesía do noso tempo. É unha fonte viva, e a sua experiencia poética, pola mesma traxedia da sua vida, esgotadora. Axúntoche un artigo de Aranguren en "Ínsula" que, en certo xeito, non se opón ás ideas que eu teño e que, en gran parte, leváronme á tradución de Hölderlin. Esta "actualidade", ou, millor, "perennidade" de Hölderlin, foi por mín vista xa polo 1933-34, cando o traducín pra "Nós".

b) Hölderlin é un clasicismo que é *posíbel* pra nós, galegos. Vainos Hölderlin millor que Virxilio, que era, no fondo, unha melanconía insondábel. El ollaba columnas nas mámoas turinxias e fixo compatible a bidueira e o orde dórico, a asamblea dos ventos nos castiñeiros e a craridade do discurso platónico. Nós, os celtas, podemos ser unha Grecia, outra eterna Grecia. Unha vida vagabunda ten tamén a sua arquitectura. Hölderlin amosouno.

c) Hai que traducir ao galego aquelo que é apremiante, urxente, que seña dito entre nós, e si todo se fai arqueoloxía e cacheo de castros e ar-

quivos, hai que botarse fora e decir, coa boca doutros, anosado, aquelo que os galegos deben saber. Quizaves todo sexa labrar e paredar no mar, pro non por eso deixarei de facelo.

Non deixes de mandarme o que escribas. Aquí apenas chega máis que o "ABC".

Unha aperta moi forte.

SOBRE A ORIXE MINDONIENSE DE VICENTE HUIDOBRO

Noutra carta escribíu:

Na páxina 167, do libro *Vicente Huidobro. Poesía Prosa. Antología,* Editorial Aguilar, 1957, di o crítico Undurraga: "Solamente ha atinado a decirnos (Huidobro) que revisando en Madrid una enciclopedia heráldica, se impuso de que su abuelo don Domingo Fernández Concha era uno de los últimos descendientes de Alfonso X el Sabio, tataranieto del Cid". Y he aquí lo que agrega Huidobro: "Me sentí nieto del Cid, me vi sentado en sus rodillas y acariciando esa noble barba tan crecida que nadie se atrevió a tocar jamás...".

"Escuchemos lo que a renglón seguido nos dice el poeta: "Si mi abuelo era o no descendiente de reyes no lo sé ni me importa. Lo que sí puedo afirmar es que nunca he encontrado un hombre con más porte y ademanes de rey que él. Era la quintaesencia de la vieja Europa. ¡Qué grandeza en la humildad de ese gallego de Mondoñedo que fue mi abuelo!".

Agora ben: ¿Cómo vai Huidobro a saber, sin máis investigacións xenealóxicas, que un tal don Domingos Fernández Concha, de Mondoñedo, viña d'El Rei Sabio? ¿E que maravillosa "enciclopedia heráldica" pode suministrar tales noticias? Quizaves, durante a sua estancia en Madrid, coma tantos sudamericanos, procurou devanceiros ilustres, e caíu nas mans de calquer ficticio Rei de Armas. ¡Vaia vostede a saber!

Di: "Me sentí nieto del Cid, etc.", e a pouco, regos máis abaixo, di: "Si mi abuelo era o no descendiente de reyes, no lo sé ni me importa".

Todo esto é unha parvada.

Fica en pé que don Domingo Fernández Concha era de Mondoñedo. Entón: aquí estaba un Sr. Huidobro, maxistrado ou fiscal na sala do Criminal.

O tal Fernández Concha casaría unha filla cun fillo dese Sr. Huidobro.

E emigrarían a Chile.

Eu vou buscar a familia Huidobro aquí, e veremos si sae o Fernández Concha citado. Tamén farei que busquen un Fernández Concha.

Por certo que o crítico Undurraga di que o tal Fernández Concha era "una rama chilena del Rey don Alfonso X el Sabio". Pro, ¿en qué quedamos? Si era don Domingo de Mondoñedo!

UNHA PROPOSTA DE EDICIÓN DE «FOLLAS DE TODO ARBRE»

Cunqueiro acariñou durante moito tempo, a idea de verquer ao galego, sobre o texto inglés, o libro ao que corresponde o sumario que agora se transcribe, e que el mesmo traducíu, baixo o título de "Todo un arbre".

O libro de Toth, asegún un papiro exipcio.

A virxe da fonte: unha lenda do Mar Pacífico.

A muller-paxaro: unha tradición esquimal.

Historias novamentes ditas tiradas de libros indios e budistas:

Do Mahabharata: a creación de Tilotama.

Do Pantchatantra: o brajmán e a sua brajmaní.

A rosa de Bakawali.

Natalika.

Do Vetalapantchavinçati: o vampiro-cadavre.

Do Pantchatantra: o león.

Do Fa-Yuen-Tchulin: a lenda do monstro Desgracia.

Do mesmo: unha parábola budista.

Pundari: unha historia do Buda.

Do Dhammapada: Yamarajá.

Das Jatakas de Buda: os lotos da fe.

Das runas do KALEWALA:

As verbas máxicas.

O primeiro músico.

A curación do Wainamoinen.

De LIBROS ÁRABES:

Do Anvari Sohoili: butimar a pomba.

Do Gulistán: o fillo dun ladrón.

Unha lenda de amor.

A xusticia d-El Rei.

Historias novamentes ditas, tiradas do Talmud:

Do Talmud de Babilonia: unha lenda de Rabba.

Do Talmud de Ierusalem: os bulrós.

Do mesmo: a elección de Esther.

O Rabi Zochanan ben Zachai e o discipro.

Do Talmud de Ierusalem: unha tradición de Titus.

O texto inglés ten 285 páxinas.

Eu poríalle notas ao texto; as indispensables, pro atendendo á sua novedade; aseguro que sería un libro precioso. Mandarei algunha proba da tradución.

«A FONTE VELLA» DE ÁLVARO CUNQUEIRO EN MONDOÑEDO

Na praza da Fonte Vella, que leva o seu nome, montado nunha mula, polas feiras de San Lucas do 1963

En Lugo rendíraselle un homenaxe popular ao autor de *As Crónicas do Sochantre*. E outro tamén en Vigo, onde se inaugurou unha rua co seu nome. Pero, sin dúbida, foi a honra que lle fixo a sua cidade natal, ao poñer na praza da "Fonte Vella" o nome do escritor, o que máis emoción lle produciu a Álvaro Cunqueiro.

Nacera éste nunha casa desta praza. A sua ollada curiosa detivérase moitas veces nos escudos da fonte. Con man rexa e aceno de asombro sinalara a marca ate onde chegaran un día as augas, con estrondo e moreas de lama desde as lombas de San Caetano. "A Fonte Vella" fixérase cantareira cos seus picheles verquendo auga, sobre o pilón construido no mármore manteigoso da Vilamor. E Cunqueiro, neno delgadiño e esperto, xogou no grande abrevadeiro do lado da fonte a facer navegar barcos de papel nas augas, que se facían espello.

Evocou todo esto, con emotividade de amigo, Trapero Pardo. "A Fonte Vella" é cruce de camiños. Neste entrecruce de vías medrara Álvaro Cunqueiro. Semella como si a praciña fora un símbolo do seu soñar poético e fecundo. Os ollos severos de don Xoaquín, o seu pai, vixiábano desde a oficina da sua botica, que abría unha das suas portas cara A Fonte Vella". Desde os balcóns da casa natal, os ollos mouros e fondos, sempre cheos de afeito e comprensión, de dona Pepita, a sua nai, coidaban tamén das andanzas do neno.

Desde o ano 1968, Mondoñedo chámalle á praza "Fonte Vella de Álvaro Cunqueiro". Unha placa lémbralle ás xentes ese nome. A cidade honrou así a un dos fillos que máis honra lle deron. Cando no momento da descoberta da placa sonaron os aplausos dos mindonienses, aquel neno delgadiño e inquedo, curioso de todo libro e de rebordante imaxinación volveu outra vez á "Fonte Vella". Pero pra ficar alí pra sempre, como habitador do pazo da lembranza que todos os mindonienses andan a construir.

NOTAS

NUN artigo, escrito por Juan Perucho, a raíz da concesión do Premio da Crítica, no 1959, a *As Crónicas do Sochantre,* que foi recollido con posterioridade no fermoso libro tiduado *Galería de espejos sin fondo,* decía de Álvaro Cunqueiro: "Cunqueiro é un poeta. Polo xeneral, aos poetas non lles gosta a realidade. A Cunqueiro non lle gosta nada, en absoluto. Nestes tempos nos que se entende a literatura como documento, e que ate a poesía se tinxe do inmediato, Cunqueiro percura e atopa acobillo nun mundo inventado, lonxano no tempo, no que a realidade se atopa evaporada".

HAI unha visión cunqueirana da vida, do mundo, da cultura, escribíu Ramón Piñeiro. Non como teoría conceitual sistematizada, senón como recreación poética. "A primeira vista semella que o Cunqueiro escritor ten un grande dominio da gracia, da finura, do máximo encanto poético, pero carece de folgos para levar a cabo obras de empeño, obras de alento esforzado. De certo que é así no tocante ao desenvolvemento dos temas, evidentemente pouco musculosos para longas camiñadas. Pero si reparamos na grande capacidade do Cunqueiro para asimilar e re-crear figuras e temas de cultura universal, teremos que lle recoñecer un folgo poético verdadeiramente singular".

NA firme segreda secta de ademiradores de Álvaro Cunqueiro, foi Néstor Luján cofrade maior da mesma. Do escritor mindoniense, dixo o escritor catalán: "O que tamén nos une e fascina, ao marxe da literatura, é ese Cunqueiro discreto e terno, abacial de ademáns, alado no escepticismo, contido na voz, doce na amistade, irónico e condescendente ante a enemistade, un algo brusco falando en galego, soave pronunciando en castellano, lírico departindo en catalán, sorprendente descifrando o danés ou arrapizado comprendendo o bretón bretonante".

TORRENTE Ballester opinou que Álvaro Cunqueiro, humanamente, "era un home extraordinariamente simpático. Literariamente, un grande escritor, cheo de fantasía, de humor e cun gran dominio da lingua. Na literatura galega contemporánea é a figura clave da prosa narrativa. Cunqueiro levou consigo ao outro mundo incontables imaxinacións, das que lle ouvín falar ou que me referíu non hai moito tempo, e cuia perda non será suficintemente laiada".

IRREPETIBLE figura de escritor a deste vitalista —si con moi longas e atentas leituras de curiosa e intemporal temática— en quen influíu a moda surrealista de cando entrou en fogo como poeta, sinalou Juan Ramón Masoliver "Ao se aliar co galeguismo militante pero á altísima minoría. intelectual de entón, precisamente atoparía nos antigos cancioneiros galego - portugueses molde conxenial pra o seu decir poético, pra contar en prosa máis tarde. Maridaxe menos sorprendente do que poda parecer. Pois é mesmamente partindo daquela lírica cortesana, singular na Europa medieval polo seu apego aos azares da mar e aos cambeantes da ribeira, á paisaxe e á natureza en fin, o poeta salvaba o hiato literario de cinco séculos —os que levaba prácticamente ausente o galego escrito— pra tocar terra; e nutrir a un tempo, vivificándoo, no ricaz acervo da lingua, nunca apagada na ruralía, coa sua antiquísima cultura de ensalmos e mitos e humores".

NO ano 1969 con motivo dun trunfo literario do autor de *Merlín e familia,* don Francisco Fanego Losada difundíu entre os amigos do escritor un cartón fermosamente impreso, co seguinte texto en latín: "Insigni. Admodvm. Mindonii. Filio. Alvaro. Cvnqueiro. Mora. Nvperrimo. In. Barcinonensi litterario. Certamine Inclito. Victori Fidelis. Qvidam. Amicvs F.F.L. Excelsvm. Eivs. Mirans. Ingenivm crea-

tricem. Phantasiam atqve. Harmonicvm. Dicendi. Genvs imo. Ex. Corde. Gratvlatvr fraterno. Praeterea. Dvctvs. Amore popvlaribvs. Trivmphi. Honoribvs natali. In. Oppido. Nobili hodierno. Die cidem. Ivre. Merito. Qve. Tribvendis spiritvali. Adhaeret. Igne animi. Demvm. Intensis. Motibvs. Impvlsvs gavdio. Repleta. Clamitat. Voce vivat. Alvarvs. Noster. Dillectissimvs ad. Mindonii. Et. Hvmaniorvm. Litterarvm maximam. Lavdem. Vivat. Vivat. Vivat".

CUNQUEIRO foi un escritor ao marxe. Ao marxe de modas, de influencias, de temas habituais de estilos, de cenáculos literarios. Tal afirmou Andrés Amorós. E engadíu: A sua literatura parte do dereito á imaxinación, á fabulación sistemática. Pero esa imaxinación non opera no valeiro, sinón que ten raíces moi precisas: Galicia. Máis concretamente, Mondoñedo, o seu pobo. Sin ese mantillo non frorecería a sua obra. A sua imaxinación parte da vida, pero tamén da literatura, revivida como camiño de ensoño, de apertura a máis amplos horizontes e de consolo. Xunto á imaxinación, por suposto, a linguaxe.

FALANDO do libro de Cunqueiro, *Flores del año mil y pico de ave*, escribíu Antonio Tovar: "O que mantén vivas estas páxinas non é o histórico esteticismo que as condimenta, nin a erudición tan exquisita como inventada, senón os sabores e as córes, a presencia da paisaxe e da fala do país, as voces dos homes e o silencio das mozas arredor dunha mesa de taberna onde se escancia, desde ben alto, o viño na cunca. Cunqueiro cumple así con esa obriga civilizadora que teñen os poetas de facer ao home amar o seu dintorno, descobrir o que éste ten de único, vencellarnos co que, si non, é morta xeoloxía ou muda natura".

CON motivo do homenaxe que se lle rendíu en Vigo, pouco tempo antes do seu pasamento, Cunqueiro pronunciou estas fermosas e emotivas palabras: "Louvado seña Deus porque me permitíu nacer, medrar, facerme home e agora envellecer neste grande reino que chamamos Galicia; neste grande reino do Fisterre que vai dende os montes deica o mar, onde brillan os pés do vento; a este país dos dez mil ríos, do vello camiño das peregrinacións; a este país dos mil vales; a este país fermoso e eternamente verde, patria querida, a terra do senso bardesiano: as patrias son a Terra e os mortos. Gracias a Deus por este reino. Louvado seña Deus tamén por terme dado o don da fala nosa. Por terme ensinado a decir *rula* e *abidueira* e *dorna* e *ponte* e *fonte*. I entón eu sabendo estas palabras era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte. As miñas invencións e as miñas maxias teñen nembargante un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu fago eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo".

ACLARACIÓN

No traballo de Francisco Fernández Rei "Os traballos e os días en tres aldeas galegas", publicado no número anterior da nosa revista, omitiuse inadvertidamente a data en que foi escrito. Polo tempo transcurrido entre a sua redacción e a sua publicación, consideramos obrigado facer constar que está datado en febreiro de 1974.

GRIAL revista galega de cultura

PRECIOS DE VENDA E SUSCRICION

Número solto ... 340 pts. Suscrición anual, 4 núms. 1.200 pts.
Extranxeiro ..... 490 pts. Extranxeiro ..... 1.800 pts.

REDACCION E ADMINISTRACION

Editorial Galaxia - Reconquista, 1 - VIGO
Impreso en Artes Gráficas Galicia, S.A. - Segovia, 15 - VIGO
Dep. Legal, VG-99-1963

EDITORIAL
GALAXIA, S.A.